



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 580
16 de outubro de 2023



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.2. Comunicaci3ns da Xunta de Galicia

1.3.2.1. Debate de pol3tica xeral

1.3.2.1.2. Resoluci3ns aprobadas

Resoluci3ns subseguintes ao debate anual de pol3tica xeral sobre a situaci3n pol3tica da Comunidade Aut3noma de Galicia do 9 de outubro de 2023 [221790](#)

1.3.6. Proposici3ns non de lei

1.3.6.1. Proposici3ns non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposici3ns tramitadas

COMISI3N 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Aprobaci3n por unanimidade con modificaci3ns

60011 (11/PNC-005003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco Garc3a, Mart3n e tres deputados/as m3is

Sobre a proposta de resoluci3n que se presenta co obxecto de adoptar un acordo de apoio 3s traballadoras e aos traballadores da empresa Teleperformance, da Coru3a, afectados por un expediente de regulaci3n de emprego [221802](#)

Aprobaci3n por unanimidade sen modificaci3ns

60291 (11/PNC-005030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Gonz3lez Iglesias, Carmela e dous deputados/as m3is

Sobre determinadas medidas que debe adoptar o Goberno galego en relaci3n coa sinistralidade laboral no sector naval da r3a de Vigo [221802](#)

COMISI3N 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACI3N, GANDAR3A E MONTES

Aprobaci3n por unanimidade sen modificaci3ns

58539 (11/PNC-004890)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

D3az Moureira, Mar3a Sol e seis deputados/as m3is

Sobre a demanda dirixida 3 Xunta de Galicia para que contin3e impulsando a industria forestal-madeira da nosa comunidade [221803](#)



I 60123 (11/PNC-005011)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Armada Pérez, José Antonio e seis deputados/as máis**

Sobre a demanda á Consellería do Medio Rural da publicación e implantación do Manual práctico para a integración ambiental e paisaxística da reestruturación parcelaria

[221803](#)**Rexeitamento da iniciativa****I 10131 (11/PNC-001050)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e dous deputados/as máis**

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan integral para o asesoramento das novas incorporacións da mocidade á actividade agrogandeira

[221804](#)**I 59934 (11/PNC-004998)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre determinadas accións que debe levar a cabo o Goberno galego relativas ao problema xerado pola presenza do xabaril en espazos urbanos

[221804](#)**1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario****1.3.8.9. Límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma**

I Resolución da Presidencia, do 16 de outubro de 2023, pola que se admite a trámite o acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, de conformidade co establecido no artigo 12 da lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina e sustentabilidade financeira (doc. núm. 61190)

[221813](#)**1.4. Procedementos de información****1.4.5. Respostas a preguntas****I 60829 - 18196 (11/PRE-008746)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da dotación orzamentaria, a adxudicación e o inicio das obras da circunvalación de Cangas

[221873](#)**I 60825 - 47041 (11/PRE-017710)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre a aprobación dun protocolo de atención ás vítimas de violencia de xénero

[221875](#)**I 60822 - 50962 (11/PRE-017993)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre o convenio asinado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda co Concello de Valga para a recuperación da plena funcionalidade da planta de xestión de residuos e o punto limpo

[221877](#)

I 60819 - 51431 (11/PRE-018035)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización das obras de mellora das condicións de seguridade no interior da dársena de Malpica

[221879](#)

I 60812 - 55220 (11/PRE-018405)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o estado da coñecida como recta da Anchoa, en Fisterra, e as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á súa seguridade viaria

[221881](#)

I 60719 - 55317 (11/PRE-018407)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 3 máis

Sobre o número actual de técnicos para a supervisión dos centros de atención residencial ante o aumento de prazas, as denuncias concretas respecto do funcionamento do centro de Castro de Riberas de Lea e as inspeccións realizadas nel durante os últimos catro anos

[221883](#)

I 60827 - 46785 (11/PRE-018999)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a regulación das familias monoparentais

[221886](#)

I 60826 - 47038 (11/PRE-019031)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a aprobación dun protocolo de atención ás vítimas de violencia de xénero

[221889](#)

I 60720 - 47531 (11/PRE-019121)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre o grao de cumprimento da Axenda de competitividade Galicia Industria 4.0

[221891](#)

I 60824 - 47888 (11/PRE-019207)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o grao de desenvolvemento das medidas previstas na Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia

[221894](#)

I 60823 - 50961 (11/PRE-019680)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis



Sobre o convenio asinado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda co Concello de Valga para a recuperación da plena funcionalidade da planta de xestión de residuos e o punto limpo

[221898](#)

I 60820 - 51302 (11/PRE-019700)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a incidencia ambiental da fábrica Tableros Hispanos, S.L.U, de Nadela, Lugo

[221900](#)

I 60818 - 52023 (11/PRE-019793)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia respecto da resolución da Comisión Galega da Competencia en relación cos indicios de infraccións da competencia por parte de dúas empresas de transportes

[221902](#)

I 60816 - 53536 (11/PRE-019959)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as queixas e reclamacións rexistradas polas asociacións de nais e pais en relación coas deficiencias no transporte escolar

[221904](#)

I 60828 - 45673 (11/PRE-020178)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para rematar a conexión do porto seco de Monforte de Lemos coa N-120

[221906](#)

I 60821 - 50963 (11/PRE-021278)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o convenio asinado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda co Concello de Valga para a recuperación da plena funcionalidade da planta de xestión de residuos e o punto limpo

[221909](#)

I 60817 - 53323 (11/PRE-021546)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego da execución orzamentaria das partidas dedicadas á política social

[221911](#)

I 60815 - 53537 (11/PRE-021568)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as queixas e reclamacións rexistradas polas asociacións de nais e pais en relación coas deficiencias no transporte escolar

[221913](#)

I 60814 - 53607 (11/PRE-021577)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego do Plan de choque da dependencia, do Goberno de España

[221915](#)

I 60813 - 54052 (11/PRE-021617)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre o nivel de consecución de obxectivos dos Espazos Xoves, destinados a aglutinar servizos de asesoramento e información para a xuventude

[221917](#)

I 60718 - 55920 (11/PRE-021705)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre o protocolo seguido pola Xunta de Galicia no centro Domus Vi de Santiago

[221921](#)

I 60717 - 55945 (11/PRE-021706)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para mellorar a situación das nenas e dos nenos de acollida e das familias acolledoras

[221924](#)

I 60716 - 56378 (11/PRE-021724)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o número de técnicos de inspección para supervisar os centros de atención residencial para persoas maiores e as demandas laborais que teñen as traballadoras do sector das residencias de maiores

[221928](#)

I 60904 - 56549 (11/PRE-021727)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre os problemas de visibilidade no cruzamento da avenida Montero Ríos coa rúa San Andrés, que dá acceso ao CEIP A Carballeira e ao lugar de Comboa, en Pontevedra, e as previsións do Goberno respecto da súa solución

[221930](#)

I 60811 - 56629 (11/PRE-021732)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre as razóns do estado actual da estrada AC-414, Carballo-Malpica, e as consideracións da Xunta de Galicia verbo da forma de rehabilitala para garantir a seguridade viaria

[221933](#)

I 60810 - 56724 (11/PRE-021737)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre o cumprimento da empresa concesionaria de autobuses da liña Vigo-Baiona dos horarios estipulados, as consideracións sobre a seguridade coa que se presta o servizo e as previsións da súa mellora por parte da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

[221936](#)



I 60809 - 57127 (11/PRE-021746)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do restablecemento do paso de peóns eliminado na estrada PO-550, no lugar de Coirón (Dena), no concello de Meaño

[221939](#)**I 60808 - 57467 (11/PRE-021751)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis**

Sobre a postura do Goberno Galego respecto da substitución do pavimento empedrado por asfalto e a súa influencia na humanización das vilas e cidades

[221942](#)**I 60715 - 57581 (11/PRE-021758)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto dos problemas no centro de atención a persoas con discapacidade Souto de Leixa, no concello de Ferrol

[221945](#)**I 60918 - 58198 (11/PRE-021810)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a compatibilidade do consumo de auga das grandes instalacións industriais como ENCE e as necesidades de abastecemento da poboación en contextos de seca, así como respecto das políticas que a Xunta prevé pór en marcha neste campo

[221948](#)**I 60920 - 58271 (11/PRE-021819)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e 2 máis**

Sobre o compromiso da Xunta de Galicia co papel social do transporte público por estrada, as medidas que está a poñer en marcha para garantir o bo funcionamento do servizo e o cumprimento das licitacións

[221951](#)**I 60714 - 58482 (11/PRE-021827)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e 2 máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para favorecer a emancipación da mocidade galega

[221953](#)**I 60917 - 58778 (11/PRE-021842)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe a informar ante o Parlamento de Galicia dos proxectos sociais vencellados a fondos europeos que quedaron sen executar

[221955](#)**I 60916 - 58780 (11/PRE-021843)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e 2 máis**

Sobre as consideracións do Goberno galego respecto dos valores promovidos pola Organización Juvenil Española (OJE) así como da continuidade do financiamento e apoio a esta entidade

[221958](#)

I 60807 - 58832 (11/PRE-021845)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Ojea Arias, Eduardo

Sobre os motivos de Augas de Galicia para atrasar un permiso de actuacións no río Ladrón que permitirá seguir avanzando nas obras da A-54 Lugo-Santiago de Compostela

[221961](#)

I 60806 - 58956 (11/PRE-021852)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre o control da actividade na mina de San Fins e as medidas previstas polo Goberno galego ante a elevada concentración de metais pesados que provoca augas abaixo

[221964](#)

I 60805 - 59001 (11/PRE-021853)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións do Goberno galego respecto das verteduras de augas residuais da mina de San Fins, en Lousame, e as súas valoracións no que atinxe á actuación da empresa concesionaria e ao nivel de contaminación provocado

[221967](#)

I 60804 - 59026 (11/PRE-021854)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre os servizos de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia e as medidas e os recursos previstos pola Xunta destinados a conseguir os obxectivos marcados na lexislación estatal

[221970](#)

I 60915 - 59093 (11/PRE-021862)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre a ampliación aos 30 anos do límite de idade para o acceso á Tarxeta Xente Nova e a incorporación dos seus beneficios dentro das vantaxes do Carné Xove

[221972](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.6. Composición da Mesa das comisións

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

I Elección de presidenta e vicepresidente

[221811](#)



2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

■ Sesión plenaria (día 18 de outubro de 2023, ás 10.00 horas)

[221811](#)

4. Informaci3ns e correcci3ns de erros

4.2. Correcci3ns de erros

Correcci3n de erros na execuci3n da Mesa do Parlamento do d3a 25 de setembro de 2023 en relaci3n coa omisi3n da admisi3n a tr3mite da proposici3n non de lei en Pleno doc. n3m. 60501 (11/PNP-004876)

■ 60501 (11/PNP-004876)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que contin3e traballando polo mantemento do emprego na empresa Irosa-Samaca, de Carballeda de Valdeorras

[221975](#)

Correcci3n de erros na execuci3n da Mesa do Parlamento do d3a 25 de setembro de 2023 en relaci3n coa omisi3n da admisi3n a tr3mite da proposici3n non de lei en comisi3n doc. n3m. 60502 (11/PNC-005049)

■ 60502 (11/PNC-005049)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que contin3e traballando polo mantemento do emprego na empresa Irosa-Samaca, de Carballeda de Valdeorras

[221978](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.2. Comunicaci3ns da Xunta de Galicia

1.3.2.1. Debate de pol3tica xeral

1.3.2.1.2. Resoluci3ns aprobadas

Resoluci3ns subseguintes ao debate anual de pol3tica xeral sobre a situaci3n pol3tica da Comunidade Aut3noma de Galicia do 9 de outubro de 2023

O Pleno do Parlamento de Galicia, na sesi3n do d3a 9 de outubro de 2023 aprobou, no punto 3nico da orde do d3a (Debate anual de pol3tica xeral: doc. n3m. 59922, 11/DEBA-000002), as seguintes resoluci3ns:

1ª resoluci3n

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a se dirixir ao Goberno de Espa3a para que rectifique a decisi3n de excluír os produtos do mar, a carne e as s3as conservas da rebaixa do IVE, de xeito que se lles aplique o IVE 0 % como medida de apoio para as familias con rendas baixas ou en situaci3n de vulnerabilidade, para fomentar o consumo saudable e como iniciativa de apoio tam3n aos sectores afectados.»

Aprobada pola unanimidade das 73 deputadas e deputados.

(Resoluci3n resultante da transacci3n entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. Popular de Galicia verbo da proposta de resoluci3n n3m. 34 do G. P. Popular de Galicia)

2ª resoluci3n

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno central celeridade na xesti3n dos fondos do MRR que ten reservados a Administraci3n xeral do Estado, en particular para o financiamento dos proxectos industriais transformadores pendentes de desenvolvemento na nosa comunidade, as3 como avanzar na transferencia e capacidade de xesti3n directa dos fondos asignados a Galicia.»

Aprobada pola unanimidade das 73 deputadas e deputados.

(Resoluci3n resultante da transacci3n entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. Popular de Galicia verbo da proposta de resoluci3n n3m. 6 do G. P. Popular de Galicia)

3ª resoluci3n

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a exixir do Goberno de Espa3a unha data certa e concreta para a chegada dos trens AVRIL que permitan levar a alta velocidade 3s cidades galegas, acompañando esta petici3n coa demanda das frecuencias necesarias para garantir uns servizos en AVE de calidade entre Galicia e a Meseta; ao tempo que debe reclamar do Executivo central com-



promiso e axilidade para completar a modernización do ferrocarril na comunidade, co impulso do AVE a Portugal, comezando pola saída sur, a conexión de Lugo e Ferrol coa alta velocidade, ou a modernización da rede interior.

Tamén no eido da mobilidade ferroviaria, en relación cos problemas da mobilidade ferroviaria no eixo atlántico e a liña A Coruña-Ourense, que demande: a adopción das medidas necesarias para evitar a sucesión de incidencias, avarías, atrasos, falta de prazas e de servizos e masificación do tren en Galicia (eixo atlántico, media distancia e AVANT); o axuste dos horarios ás necesidades das persoas usuarias, e que aumente as frecuencias ferroviarias das conexións mencionadas nas franxas da mañá e de mediodía, e estender os servizos de última hora nas conexións do eixo atlántico, AVANT e media distancia; e a recuperación dos servizos ferroviarios suspendidos como consecuencia da pandemia da covid 19.

E en relación coas infraestruturas viarias, reclamar o avance na construción das autovías estatais pendentes, como a autovía Santiago-Lugo, as autovías interiores A-56 e A-76, a autovía da Mariña, a autovía Vigo-O Porriño, ademais de máxima axilidade na reconstrución dos viadutos da A-6 no acceso a Galicia.

Así mesmo, a Xunta de Galicia avanzará nas súas infraestruturas autonómicas pendentes, entre outras, a VAC Costa Norte ou autovía da Costa da Morte.»

Aprobada pola unanimidade das 73 deputadas e deputados.

(Resolución resultante da transacción entre o G. P. Popular de Galicia, o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. dos Socialistas de Galicia, verbo da proposta de resolución núm. 34 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego coa núm. 15 do G. P. Popular de Galicia)

4ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a urxente convocatoria do Consello de Política Fiscal e Financeira, onde se aborde a reforma do modelo de financiamento autonómico, no que Galicia traballará a prol de avanzar no autogoberno económico e financeiro para blindar o autogoberno e garantir uns servizos públicos de calidade e as necesidades de transformación económica, defendendo un financiamento xusto para Galicia, mellorando a proposta actual de poboación axustada e para defender a ponderación adecuada dos sobrecostos que a dispersión e o envellecemento implican na prestación dos servizos públicos galegos, así como doutros factores que condicionan o desenvolvemento socioeconómico galego. Así mesmo, defenderase a valoración dun modelo xusto de financiamento local que supere a discriminación histórica dos concellos galegos e, no caso de condonación ás comunidades que se adherisen ao FLA, que se compense equitativamente as comunidades que non o fixeron.»

Aprobada pola unanimidade das 73 deputadas e deputados.

(Resolución resultante da transacción entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. Popular de Galicia verbo das propostas de resolución núm. 3 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego coa núm. 2 do G. P. Popular de Galicia)



5ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adecuar os condicionantes do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) ás circunstancias do sector marítimo-pesqueiro, crear equipos e servizos de asesoramento profesionalizados e especializados e intensificar o labor de divulgación e distribución destes fondos, de cara a aproveitar ao máximo estes fondos estruturais e mellorar a execución do FEMP.»

Aprobada pola unanimidade das 73 deputadas e deputados.

(Resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia verbo da proposta de resolución núm. 35 do G. P. Popular de Galicia)

6ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a colaborar co Goberno de España, de forma prioritaria durante o período de presidencia española no Consello de Europa, na divulgación dos valores do Camiño de Santiago a través de iniciativas no Parlamento Europeo, aproveitando a inmillorable plataforma comunicativa que constitúe o Camiño; demandar tamén do Goberno do Estado a divulgación dos seus valores tradicionais, así como outros tan importantes como a tolerancia, o respecto á diversidade sexual, a igualdade entre homes e mulleres ou a corresponsabilidade.»

Aprobada por 60 votos a favor, 0 en contra e 13 abstencións.

(Resolución resultante da transacción entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. Popular de Galicia verbo da proposta de resolución núm. 8 do G. P. Popular de Galicia)

7ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado que siga incrementando o cofinanciamento ata o 50 % da Lei de dependencia para que a participación da Xunta de Galicia e do Goberno central sexa equitativa, tendo especialmente en conta o desequilibrio acumulado desde a aprobación desta normativa en 2006, ao mesmo tempo que a Xunta de Galicia adaptará as libranzas e servizos da Lei de dependencia ao Real decreto 675/2023, do 18 de xullo, do Goberno de España.»

Aprobada pola unanimidade das 73 deputadas e deputados.

(Resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia verbo da proposta de resolución núm. 26 do G. P. Popular de Galicia)

8ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta a seguir avanzando cara á neutralidade climática, tomando novas medidas orientadas a avanzar na loita contra cambio climático e a implantación da economía circular, poñendo o clima no centro das políticas. Nesa liña, entre outras medidas, afondarase na promoción do transporte público, o cal debe tender a dar unha resposta adecuada ás necesidades



de mobilidade da cidadanía galega, para consolidar un modelo de mobilidade máis accesible e máis respectuoso co medio, impulsando tamén no transporte colectivo de titularidade autonómica o uso dos combustibles renovables e promovendo a sustentabilidade nas estacións de autobuses co emprego de materiais reciclados ou coa instalación de elementos que contribúan á eficiencia enerxética; a incidir na aposta que está a realizar pola descarbonización da mobilidade coa execución de novos quilómetros de sendas peonís e ciclistas ao longo do territorio, especialmente na contorna das grandes áreas urbanas; e a contribuír á loita contra o cambio climático con iniciativas pioneiras e innovadoras como a revexetación da rede de estradas autonómicas con especies autóctonas nas súas marxes, que contribúan a eliminar pirófitas e invasoras e aumenten a eficacia das vías como cortallumes.»

Aprobada por 55 votos a favor, 18 en contra e 0 abstencións.

(Resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia verbo da proposta de resolución núm. 13 do G. P. Popular de Galicia)

9ª resolución

«O Parlamento de Galicia adopta como resolución condenar a acción terrorista levada a cabo polo grupo Hamás contra o pobo de Israel, así como insta o Goberno da Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que defenda que a Unión Europea manteña as axudas de carácter humanitario dirixidas ao pobo palestino, garantindo, de acordo coas resolucións da Comisión Europea, que ningún financiamento da Unión Europea remate, directa ou indirectamente, proporcionando soporte a ningunha organización ou acción terrorista contra o Estado de Israel.»

Aprobada por 55 votos a favor.

(Resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia verbo da proposta de resolución núm. 2 do G. P. dos Socialistas de Galicia)

10ª resolución

«O Parlamento de Galicia acorda como resolución a condena do terrorismo e de calquera discurso que xustifique ou minimize ou non condene as súas graves consecuencias, pois provoca unha dor incalculable na poboación civil e a perda de vidas humanas e nunca pode ser o medio para lograr obxectivos políticos, sexan os que sexan.»

Aprobada pola unanimidade das 73 deputadas e deputados.

(Proposta de resolución núm. 40 do G. P. Popular de Galicia)

11ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que deseñe conxuntamente co sector un cambio do modelo de xestión dos programas do Imserso, así como o incremento do prezo que se aboa ao sector turístico polas prazas dos programas.»



Aprobada por 42 votos a favor, 0 en contra e 31 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 9 do G. P. Popular de Galicia)

12ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a fortalecer os cadros de persoal da Administración autonómica, aprobando a oferta pública de emprego do ano 2023 no prazo dun mes para continuar na senda da redución da temporalidade e seguir cunha eficaz prestación dos servizos públicos; esta oferta convocará, como desde o ano 2009, o máximo de prazas que permite a taxa de reposición aprobada polo Ministerio de Facenda e Función Pública. E a reclamar ao Goberno central a eliminación das taxas de reposición nas convocatorias de ofertas de emprego público para favorecer a redución da temporalidade.»

Aprobada por 42 votos a favor, 0 en contra e 31 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 23 do G. P. Popular de Galicia)

13ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a exixir ao Goberno central que recoñeza as lexítimas competencias de Galicia na xestión do dominio público marítimo-terrestre atribuídas no seu Estatuto de autonomía e desenvolvidas na Lei do litoral de Galicia, recentemente aprobada, e a que realice o traspaso efectivo dos medios persoais e materiais necesarios para poder exercerlas, para garantir unha efectiva protección do medio natural e a promoción económica das zonas costeiras.»

Aprobada por 60 votos a favor, 13 en contra e 0 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 12 do G. P. Popular de Galicia)

14ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a prestar servizos de apoio, acompañamento, asistencia e asesoramento ás mulleres e menores que viron como os seus agresores se beneficiaban das excarceracións e reducións de penas, en aplicación da Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral de liberdade sexual (coñecida como *Lei do só si é si*), e evitar, deste xeito, situacións de desprotección, revitimización e perda de confianza nas institucións e na Xustiza.»

Aprobada por 60 votos a favor, 0 en contra e 13 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 29 do G. P. Popular de Galicia)

15ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar desenvolvendo a Estratexia Retorna 2023-2026, especialmente aquelas medidas recollidas no obxectivo 20º, relativo á promo-



ción da captación e retorno de persoal investigador, fomentando a súa incorporación aos distintos centros de coñecemento, empresas e institucións que traballan no ámbito da I+D+i, co fin de seguir a promover a retención e captación de talento na nosa comunidade. Igualmente, insta o Goberno de España a que tome as medidas necesarias para favorecer a integración das familias retornadas, dotando de financiamento axeitado as comunidades autónomas, mellorando os niveis de atención nos servizos consulares do Estado para axilizar os trámites ordinarios, introducindo plans estatais específicos de acceso á vivenda para familias retornadas, axilizando o procedemento de homologación de títulos universitarios obtidos no exterior, reducindo os trámites e axilizando as concesións de permisos de residencia e traballo dos cónxuxes e descendentes sen nacionalidade e eliminando as desigualdades coas que a lexislación fiscal estatal grava os emigrantes e os retornados, así como mellorando a información e os criterios de aplicación da AEAT.»

Aprobada por 42 votos a favor, 13 en contra e 18 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 20 do G. P. Popular de Galicia)

16ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir impulsando medidas de conciliación e apoio ás familias, no marco da Lei de impulso demográfico, e a reclamar do Goberno de España que contribúa no financiamento da gratuidade total da educación infantil de 0 a 3 anos en Galicia.»

Aprobada por 42 votos a favor, 13 en contra e 18 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 25 do G. P. Popular de Galicia)

17ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a deseñar e articular unha proposta detallada das cualificacións profesionais que serán necesarias para facer fronte aos empregos do futuro, xunto coa elaboración dos módulos formativos necesarios, co obxectivo de mellorar a capacitación dos traballadores ocupados e a empregabilidade das persoas desempregadas, ofrecendo así mesmo modalidades formativas accesibles e flexibles para toda a poboación.»

Aprobada por 42 votos a favor, 18 en contra e 13 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 30 do G. P. Popular de Galicia)

18ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar a igualdade no mundo laboral a través dun programa de apoio á formación e contratación de mulleres en ocupacións laborais masculinizadas e a seguir traballando na rotura da fenda salarial a través do desenvolvemento da nova Lei de igualdade.»



Aprobada por 42 votos a favor, 18 en contra e 13 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 31 do G. P. Popular de Galicia)

19ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a rebaixar un punto o tipo xeral do imposto de transmisións patrimoniais, do 9 por cento ao 8 por cento, para contribuír a dinamizar o mercado inmobiliario de segunda man e facilitar o acceso á vivenda.»

Aprobada por 55 votos a favor, 18 en contra e 0 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 3 do G. P. Popular de Galicia)

20ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar coa simplificación e axilización dos procedementos administrativos co fin de facilitar os trámites á cidadanía (Tarxeta Benvida, expedición e renovación da condición de familia numerosa...).»

Aprobada por 55 votos a favor, 18 en contra e 0 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 5 do G. P. Popular de Galicia)

21ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar apostando firme e decididamente polo aproveitamento das oportunidades que supoñen as enerxías renovables, ata o punto de permitir á nosa comunidade seguir sendo unha potencia (un actor de primeira orde) neste ámbito e un referente no proceso de transición enerxética equilibrada e responsable, tamén desde o punto de vista da súa sustentabilidade, integración paisaxística e retorno social.

Nese senso, apoiaranse as iniciativas dirixidas a que os beneficios do aproveitamento dos recursos naturais se reinvestan en Galicia, poñendo esta inmensa riqueza ao servizo da cidadanía, e rexeitárase toda pretensión de criminalizar sectores —como o eólico— que na nosa comunidade contan cunha rigorosa tramitación ambiental, son fundamentais na loita contra o cambio climático e teñen un gran potencial de xerar riqueza e impulsar o progreso de toda Galicia.»

Aprobada por 55 votos a favor, 18 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 16 do G. P. Popular de Galicia)

22ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adoptar as medidas necesarias para que a Comunidade Autónoma se converta nun referente dentro da península ibérica en canto á atracción de em-



presas, mediante o acompañamento ás persoas promotoras das iniciativas, a simplificación e axilización das tramitacións administrativas, a mellora da dispoñibilidade e condicións de acceso ao solo empresarial e o apoio económico mediante axudas a fondo perdido e financiamento do investimento inicial.»

Aprobada por 55 votos a favor, 18 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 17 do G. P. Popular de Galicia)

23ª resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver unha ampla oferta formativa en FP, que se reforzará a través da formulación dun novo plan de orientación integral en itinerarios profesionais que permita detectar o risco de abandono dos estudos antes de que se produza e conseguir derivar ese alumnado a ciclos de formación básica.”

Aprobada por 55 votos a favor, 18 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 22 do G. P. Popular de Galicia)

24ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a afondar na liña de traballo que vén desenvolvendo nos últimos anos de descontos e conxelación das tarifas nas autoestradas autonómicas, A Coruña-Carballo e Vigo-Baiona, para facilitar a competitividade económica e contribuír á seguridade viaria, así como a seguir reclamando e defendendo ante o Goberno de España a transferencia da xestión completa da AP-9, cos recursos suficientes para manter as bonificacións e completar as obras pendentes, e reivindicar para a AP-53, unha das autoestradas máis caras de España e única sen ningún tipo de bonificacións, o mesmo réxime de descontos da AP-9.»

Aprobada por 55 votos a favor, ningún en contra e 18 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 7 do G. P. Popular de Galicia)

25ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a fomentar hábitos de vida saudable e promover o deporte de base, axudando as familias a través dun bono deporte.»

Aprobada por 55 votos a favor, ningún en contra e 18 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 11 do G. P. Popular de Galicia)

26ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España que autorice canto antes aqueles proxectos enerxéticos da súa competencia que se demostraron ambiental-



mente viables ao contaren con declaración de impacto ambiental favorable e que están vinculados a industrias galegas (Alcoa, Resonac e os proxectos industriais das Pontes de García Rodríguez), permitíndolles, así, contar con parte da súa enerxía a un prezo enerxético fixo, dando así seguridade e estabilidade.»

Aprobada por 55 votos a favor, ningún en contra e 18 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 19 do G. P. Popular de Galicia)

27ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a fomentar a construción estrutural en madeira —nunha porcentaxe mínima— en edificacións impulsadas polo Goberno galego.»

Aprobada por 55 votos a favor, ningún en contra e 18 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 33 do G. P. Popular de Galicia)

28ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a crear un carné+65 para ofrecer descontos e vantaxes ás persoas maiores da comunidade, de forma semellante ao que fai cos mozos no actual Carné Xove.»

Aprobada por 55 votos a favor, ningún en contra e 18 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 38 do G. P. Popular de Galicia)

29ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reclamar ao Goberno de España a inmediata convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias para axilizar a transferencia das competencias prioritarias para Galicia, de conformidade coas previsións contidas na Constitución e no Estatuto de autonomía, en particular a transferencia da titularidade da AP-9 e da xestión do ingreso mínimo vital.»

Aprobada pola unanimidade das 73 deputadas e deputados.

(Proposta de resolución núm. 10 do G. P. Popular de Galicia)

30ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a traballar no impulso de Galicia como nodo lóxico estratéxico do sur de Europa, aproveitando as fortalezas xeográficas e as alianzas estratéxicas con outros territorios, promovendo as infraestruturas e os servizos que faciliten o movemento de mercancías no noso territorio e reclamando do Goberno de España o cumpri-



mento dos seus compromisos de elaboración e presentación dun plan director do corredor atlántico de mercadorías que recolla as actuacións e os investimentos necesarios para a modernización da liña ferroviaria que garanta que o Noroeste peninsular se erixa nun polo loxístico de referencia, con axuda do financiamento europeo e en igualdade de condicións que o corredor mediterráneo.»

Aprobada pola unanimidade das 73 deputadas e deputados.

(Proposta de resolución núm. 14 do G. P. Popular de Galicia)

31ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a habilitar axudas por importe de 12 millóns de euros destinadas á produción de carne de calidade en extensivo; igualmente, a lanzar un programa de protección das aldeas e dos montes baseado no fomento do pastoreo nas zonas con maior risco de incendios.»

Aprobada pola unanimidade das 73 deputadas e deputados.

(Proposta de resolución núm. 32 do G. P. Popular de Galicia)

32ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar un bono universal de coidados, cun importe de 5.000 euros ao ano, para os galegos con dependencia recoñecida que están a ser atendidos no seu fogar.»

Aprobada pola unanimidade das 73 deputadas e deputados.

(Proposta de resolución núm. 36 do G. P. Popular de Galicia)

33ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un complemento de 1.200 euros ao ano para todas as persoas con dependencia que teñen unha axuda para o pagamento dunha residencia da súa elección.»

Aprobada pola unanimidade das 73 deputadas e deputados.

(Proposta de resolución núm. 37 do G. P. Popular de Galicia)

34ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para reclamar a creación de cinco novos xulgados exclusivos contra a violencia de xénero en Ourense, Santiago de Compostela, Lugo, Pontevedra e Ferrol.»



Aprobada pola unanimidade das 73 deputadas e deputados.

(Proposta de resolución núm. 39 do G. P. Popular de Galicia)

35ª resolución

«O Parlamento de Galicia acorda como resolución rexeitar calquera proxecto que trate de romper a convivencia e de destruír o valioso patrimonio que representa a condición de cidadáns libres e iguais en dereitos e obrigacións, disposto na Constitución española e no Estatuto de autonomía de Galicia, e, nesa mesma liña, rexeitar calquera negociación que, co pretexto de evitar conflitos territoriais, limite a soberanía do conxunto dos cidadáns e o exercicio dos seus dereitos, así como calquera pretensión de recoñecer privilexios a determinados territorios ou cidadáns.»

Aprobada por 42 votos a favor, 31 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 1 do G. P. Popular de Galicia)

36ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a rebaixar o tipo xeral na transmisión de vehículos, do 8 por cento ao 3 por cento, para situar Galicia como a comunidade autónoma con menor fiscalidade nestas operacións, e a eliminalo no caso dos vehículos e embarcacións de cero emisións e as bicicletas e patinetes de mobilidade persoal.»

Aprobada por 42 votos a favor, 31 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 4 do G. P. Popular de Galicia)

37ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a promover a constitución dunha sociedade público-privada que impulse e participe no desenvolvemento de proxectos de aproveitamento dos recursos naturais de Galicia que xeren beneficios económicos e sociais na Comunidade Autónoma e, entre eles, o acceso á enerxía a prezos competitivos por parte das persoas e industrias consumidoras galegas.»

Aprobada por 42 votos a favor, 31 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 18 do G. P. Popular de Galicia)

38ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a activar iniciativas e mecanismos que favorezan unha cultura accesible e inclusiva, especialmente daqueles colectivos máis desfavorecidos, ao tempo que se seguen a desenvolver políticas de impulso e acompañamento do sector cultural galego para que manteña altos estándares de dixitalización e innovación, industrialización e xeración



de emprego, así como unha elevada implantación no conxunto do territorio da nosa comunidade. E, en particular a demandar do Goberno de España a que impulse un PERTE dirixido ao sector cultural, capaz de impulsar o benestar social e económico da nosa comunidade e de favorecer aos máis de 35.000 profesionais que traballan neste eido, tendo en conta ademais o rico bagaxe cultural de Galicia e as oportunidades e potencial que representa este sector de actividade. De xeito paralelo, impulsarase a modernización das infraestruturas que apoian os arquivos do Estado en Galicia, en particular a reforma do edificio da praza da Ferraría, en Pontevedra, hoxe en desuso, co obxecto de que albergue o Arquivo Histórico Provincial.»

Aprobada por 42 votos a favor, 31 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 21 do G. P. Popular de Galicia)

39ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a renovar a súa defensa da lingua galega baixo o respecto á Constitución, ao Estatuto de autonomía e ao marco legal específico, a prol da mellor convivencia lingüística entre linguas cooficiais en España e do aproveitamento dos vínculos coa lusofonía. Co desenvolvemento do Proxecto Nós e co deseño de novas medidas, traballarase por acadar máis usos do galego en diferentes ámbitos, como nas contornas urbanas, no sector audiovisual, nos espazos dixitais e na internet, ao tempo que se intensificarán os esforzos para a recollida e fixación da nosa toponimia como patrimonio inmaterial, co obxectivo de que milleiros de topónimos poidan enriquecer a nosa bagaxe cultural e científica.»

Aprobada por 42 votos a favor, 31 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 24 do G. P. Popular de Galicia)

40ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a, nun contexto de déficit de profesionais sanitarios, continuar realizando as accións necesarias, tanto lexislativas como organizativas, para garantir a ocupación das prazas consideradas como de difícil cobertura no Servizo Galego de Saúde e para consolidar a calidade do sistema de formación sanitaria especializada e incrementar a súa capacidade naquelas especialidades deficitarias, para o que debe seguir reclamando o cumprimento por parte do Goberno de España dos acordos pendentes ao respecto da reforma deste sistema.»

Aprobada por 42 votos a favor, 31 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 27 do G. P. Popular de Galicia)

41ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a manter o seu compromiso coa atención aos problemas de saúde mental, procedendo a completar a implantación o Plan de saúde mental 2020-



2024, e a realizar unha avaliación do seu cumprimento para, unha vez acadas as conclusións, comezar a redactar un novo Plan de saúde mental 2025-2029 que avance dun xeito decidido na prestación de atención psicolóxica en atención primaria.»

Aprobada por 42 votos a favor, 31 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 28 do G. P. Popular de Galicia)

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 13 de outubro de 2023, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 60011 (11/PNC-005003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e tres deputados/as máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta co obxecto de adoptar un acordo de apoio ás traballadoras e aos traballadores da empresa Teleperformance, da Coruña, afectados por un expediente de regulación de emprego

BOPG nº 570, do 27.09.2023

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia amosa o seu apoio ás traballadoras e traballadores de Teleperformance no centro da Coruña, despois de ser autorizado o ERE polo Ministerio de Traballo, e insta a Xunta de Galicia a tomar as medidas de acompañamento ás persoas despedidas no ámbito das súas competencias, e a fomentar a actividade e o emprego nun sector en crise como é o da atención telefónica.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 60291 (11/PNC-005030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



González Iglesias, Carmela e dous deputados/as máis
Sobre determinadas medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa sinistralidade
laboral no sector naval da ría de Vigo
BOPG nº 570, do 27.09.2023

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e
deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1º. Actuar antes as denuncias presentadas contra o incumprimento da lexislación en materia de
prevención laboral no sector naval na ría de Vigo.

2º. Convocar no inmediato a Mesa do Naval para abordar o futuro do sector na ría de Vigo, a cre-
cente precariedade laboral e, nomeadamente, a grave sinistralidade laboral que se rexistra.»

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2023
María Montserrat Prado Cores
Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 13 de outubro de
2023, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 58539 (11/PNC-004890)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Díaz Mouteira, María Sol e seis deputados/as máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que continúe impulsando a industria forestal-
madeira da nosa comunidade
BOPG nº 557, do 07.09.2023

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e
deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar impulsando, a través dos medios que
considere oportunos, a potencialidade da industria forestal-madeira da nosa comunidade.»

- 60123 (11/PNC-005011)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Armada Pérez, José Antonio e seis deputados/as máis

Sobre a demanda á Consellería do Medio Rural da publicación e implantación do Manual práctico para a integración ambiental e paisaxística da reestruturación parcelaria

BOPG nº 570, do 27.09.2023

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Consellería do Medio Rural a publicar e implantar o Manual práctico para a integración ambiental e paisaxística da reestruturación parcelaria en Galicia para facilitar os traballos dos axentes implicados nestes procesos, garantir a máxima integración paisaxística e ambiental e alcanzar unha mellora da produtividade e rendibilidade da base territorial.»

Rexeitamento da iniciativa

- 10131 (11/PNC-001050)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e dous deputados/as máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan integral para o asesoramento das novas incorporacións da mocidade á actividade agrogandeira

BOPG nº 96, do 17.02.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 59934 (11/PNC-004998)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre determinadas accións que debe levar a cabo o Goberno galego relativas ao problema xerado pola presenza do xabaril en espazos urbanos

BOPG nº 570, do 27.09.2023

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2023

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.9. Límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma

Resolución da Presidencia, do 16 de outubro de 2023, pola que se admite a trámite o acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, de conformidade co establecido no artigo 12 da lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina e sustentabilidade financeira (doc. núm. 61190)



No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 61190, o escrito remitido pola Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias polo que se achega certificado do acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina e sustentabilidade financeira (doc. núm. 61190).

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Cualificar e admitir a trámite o escrito núm. 61190, remitido pola Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, polo que se achega certificado do acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, de conformidade co establecido no artigo 12 da lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina e sustentabilidade financeira (doc. núm. 61190).

2º. Trasladar este acordo aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. Dar conta desta resolución nas próximas reunións da Mesa do Parlamento e Xunta de Portavoces que teñan lugar.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2023
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 10 de outubro de 2023, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

Toma de coñecemento das respostas, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

- 60829 - 18196 (11/PRE-008746)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da dotación orzamentaria, a adxudicación e o inicio das obras da circunvalación de Cangas

- 60825 - 47041 (11/PRE-017710)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a aprobación dun protocolo de atención ás vítimas de violencia de xénero



- 60822 - 50962 (11/PRE-017993)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o convenio asinado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda co Concello de Valga para a recuperación da plena funcionalidade da planta de xestión de residuos e o punto limpo

- 60819 - 51431 (11/PRE-018035)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización das obras de mellora das condicións de seguridade no interior da dársena de Malpica

- 60812 - 55220 (11/PRE-018405)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o estado da coñecida como recta da Anchoa, en Fisterra, e as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á súa seguridade viaria

- 60719 - 55317 (11/PRE-018407)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 3 máis

Sobre o número actual de técnicos para a supervisión dos centros de atención residencial ante o aumento de prazas, as denuncias concretas respecto do funcionamento do centro de Castro de Ri-beiras de Lea e as inspeccións realizadas nel durante os últimos catro anos

- 60827 - 46785 (11/PRE-018999)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a regulación das familias monoparentais

- 60826 - 47038 (11/PRE-019031)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a aprobación dun protocolo de atención ás vítimas de violencia de xénero

- 60720 - 47531 (11/PRE-019121)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre o grao de cumprimento da Axenda de competitividade Galicia Industria 4.0

- 60824 - 47888 (11/PRE-019207)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o grao de desenvolvemento das medidas previstas na Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia



- 60823 - 50961 (11/PRE-019680)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o convenio asinado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda co Concello de Valga para a recuperación da plena funcionalidade da planta de xestión de residuos e o punto limpo

- 60820 - 51302 (11/PRE-019700)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a incidencia ambiental da fábrica Tableros Hispanos, S.L.U, de Nadela, Lugo

- 60818 - 52023 (11/PRE-019793)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia respecto da resolución da Comisión Galega da Competencia en relación cos indicios de infraccións da competencia por parte de dúas empresas de transportes

- 60816 - 53536 (11/PRE-019959)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as queixas e reclamacións rexistradas polas asociacións de nais e pais en relación coas deficiencias no transporte escolar

- 60828 - 45673 (11/PRE-020178)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para rematar a conexión do porto seco de Monforte de Lemos coa N-120

- 60821 - 50963 (11/PRE-021278)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o convenio asinado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda co Concello de Valga para a recuperación da plena funcionalidade da planta de xestión de residuos e o punto limpo

- 60817 - 53323 (11/PRE-021546)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego da execución orzamentaria das partidas dedicadas á política social

- 60815 - 53537 (11/PRE-021568)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as queixas e reclamacións rexistradas polas asociacións de nais e pais en relación coas deficiencias no transporte escolar



- 60814 - 53607 (11/PRE-021577)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego do Plan de choque da dependencia, do Goberno de España

- 60813 - 54052 (11/PRE-021617)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre o nivel de consecución de obxectivos dos Espazos Xoves, destinados a aglutinar servizos de asesoramento e información para a xuventude

- 60718 - 55920 (11/PRE-021705)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre o protocolo seguido pola Xunta de Galicia no centro Domus Vi de Santiago

- 60717 - 55945 (11/PRE-021706)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para mellorar a situación das nenas e dos nenos de acollida e das familias acolledoras

- 60716 - 56378 (11/PRE-021724)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o número de técnicos de inspección para supervisar os centros de atención residencial para persoas maiores e as demandas laborais que teñen as traballadoras do sector das residencias de maiores

- 60904 - 56549 (11/PRE-021727)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre os problemas de visibilidade no cruzamento da avenida Montero Ríos coa rúa San Andrés, que dá acceso ao CEIP A Carballeira e ao lugar de Comboa, en Pontevedra, e as previsións do Goberno respecto da súa solución

- 60811 - 56629 (11/PRE-021732)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre as razóns do estado actual da estrada AC-414, Carballo-Malpica, e as consideracións da Xunta de Galicia verbo da forma de rehabilitala para garantir a seguridade viaria

- 60810 - 56724 (11/PRE-021737)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre o cumprimento da empresa concesionaria de autobuses da liña Vigo-Baiona dos horarios estipulados, as consideracións sobre a seguridade coa que se presta o servizo e as previsións da súa mellora por parte da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade



- 60809 - 57127 (11/PRE-021746)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do restablecemento do paso de peóns eliminado na estrada PO-550, no lugar de Coirón (Dena), no concello de Meaño

- 60808 - 57467 (11/PRE-021751)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a postura do Goberno Galego respecto da substitución do pavimento empedrado por asfalto e a súa influencia na humanización das vilas e cidades

- 60715 - 57581 (11/PRE-021758)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto dos problemas no centro de atención a persoas con discapacidade Souto de Leixa, no concello de Ferrol

- 60918 - 58198 (11/PRE-021810)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a compatibilidade do consumo de auga das grandes instalacións industriais como ENCE e as necesidades de abastecemento da poboación en contextos de seca, así como respecto das políticas que a Xunta prevé pór en marcha neste campo

- 60920 - 58271 (11/PRE-021819)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre o compromiso da Xunta de Galicia co papel social do transporte público por estrada, as medidas que está a poñer en marcha para garantir o bo funcionamento do servizo e o cumprimento das licitacións

- 60714 - 58482 (11/PRE-021827)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para favorecer a emancipación da mocidade galega

- 60917 - 58778 (11/PRE-021842)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe a informar ante o Parlamento de Galicia dos proxectos sociais vencellados a fondos europeos que quedaron sen executar

- 60916 - 58780 (11/PRE-021843)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre as consideracións do Goberno galego respecto dos valores promovidos pola Organización Juvenil Española (OJE) así como da continuidade do financiamento e apoio a esta entidade

- 60807 - 58832 (11/PRE-021845)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Ojea Arias, Eduardo

Sobre os motivos de Augas de Galicia para atrasar un permiso de actuacións no río Ladrón que permitirá seguir avanzando nas obras da A-54 Lugo-Santiago de Compostela

- 60806 - 58956 (11/PRE-021852)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre o control da actividade na mina de San Fins e as medidas previstas polo Goberno galego ante a elevada concentración de metais pesados que provoca augas abaixo

- 60805 - 59001 (11/PRE-021853)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións do Goberno galego respecto das verteduras de augas residuais da mina de San Fins, en Lousame, e as súas valoracións no que atinxe á actuación da empresa concesionaria e ao nivel de contaminación provocado

- 60804 - 59026 (11/PRE-021854)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre os servizos de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia e as medidas e os recursos previstos pola Xunta destinados a conseguir os obxectivos marcados na lexislación estatal

- 60915 - 59093 (11/PRE-021862)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre a ampliación aos 30 anos do límite de idade para o acceso á Tarxeta Xente Nova e a incorporación dos seus beneficios dentro das vantaxes do Carné Xove

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2023

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª



2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.6. Composición da Mesa das comisións

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Elección de presidenta e vicepresidente

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 13 de outubro de 2023, adoptou os seguintes acordos:

Elección de presidenta

- (11/CEEM-000048)

Dona Cristina Sanz Arias (P)

Elección de vicepresidente

- (11/CEEM-000049)

Don Moisés Rodríguez Pérez (P)

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2023

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 18 de outubro de 2023, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 18 de outubro de 2023, ás 10 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 11 de outubro de 2023, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto único. Debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 61190, 11/LGNF-000004).

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na execución da Mesa do Parlamento do día 25 de setembro de 2023 en relación coa omisión da admisión a trámite da proposición non de lei en Pleno doc. núm. 60501 (11/PNP-004876)

Advertida a omisión por un erro material na relación das iniciativas admitidas a trámite pola Mesa do Parlamento do 25 de setembro de 2023, procédese á súa corrección nos seguintes termos.

No punto de procedementos de control e impulso debe engadirse:

Proposicións non de lei en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 60501 (11/PNP-004876)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que continúe traballando polo mantemento do emprego na empresa Irosa-Samaca, de Carballeda de Valdeorras

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2023

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

Corrección de erros na execución da Mesa do Parlamento do día 25 de setembro de 2023 en relación coa omisión da admisión a trámite da proposición non de lei en comisión doc. núm. 60502 (11/PNC-005049)

Advertida a omisión por un erro material na relación das iniciativas admitidas a trámite pola Mesa do Parlamento do 25 de setembro de 2023, procédese á súa corrección nos seguintes termos.

No punto de procedementos de control e impulso debe engadirse:

Proposicións non de lei en comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 60502 (11/PNC-005049)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que continúe traballando polo mantemento do emprego na empresa Irosa-Samaca, de Carballeda de Valdeorras

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2023



Achégolle certificado do acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2024, de acordo co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Asemade, achégase o informe de estratexia financeiro-fiscal, igualmente establecido nese precepto legal.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





DIEGO CALVO POUSO, VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do once de outubro de dous mil vinte e tres adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"1. O límite máximo de gasto non financeiro da Xunta de Galicia para 2024 fíxase en 13.257 millóns de euros.

2. O Vicepresidente primeiro e Conselleiro da Presidencia, Xustiza e Deportes remitirá ao Parlamento de Galicia o presente acordo acompañado da documentación á que se refire o parágrafo 1 do artigo 12 da Lei 2/2011, de 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia."

E para que conste asino a presente, co visto e prace do sr. Presidente, en Santiago de Compostela a once de outubro de dous mil vinte e tres.



Vº. e Prace
O PRESIDENTE



VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES





ORZAMENTOS 2024

INFORME de ESTRATEXIA FINANCEIRO FISCAL

Artigo 11.2 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira

Santiago de Compostela, outubro do 2023

Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos
Consellería de Facenda e Administración Pública





Índice

Introdución	3
1. Escenario Económico	6
1.1. O entorno internacional da economía galega	6
1.2. Situación da economía española	11
1.3. Evolución recente da economía galega	17
1.4. Escenario macroeconómico 2023 – 2024	21
1.5. Crecemento potencial e output gap	24
1.6. Saldo orzamentario axustado ciclicamente	26
1.7. Taxa de referencia.....	30
2. Escenario Financeiro 2024.....	31
2.1. Recursos de contabilidade nacional para o límite de gasto non financeiro.....	33
2.2. Límite de gasto non financeiro do orzamento consolidado	48
Anexo I	54



INTRODUCCIÓN

O límite de gasto non financeiro permite establecer o tope cuantitativo do orzamento do vindeiro exercicio en función das expectativas de ingresos, do obxectivo de estabilidade orzamentaria¹ e das restantes regras fiscais coas que debe gardar coherencia.

Como paso previo á determinación das anteriores magnitudes fiscais, cómpre pechar un escenario macroeconómico de referencia, que sirva de base para o cálculo dos recursos financeiros.

O traballo de prospección económica que desenvolve o Instituto Galego de Estatística e leva á determinación do antedito escenario, é fundamental por dous motivos:

1. Determina as variables económicas que condicionan a evolución dos ingresos públicos, sendo por tanto a base da estimación do escenario de ingresos, xunto coas previsións de recadación do exercicio en curso e as elasticidades de cada figura de ingresos. Ademais a estimación do PIB e do seu deflactor serán tamén a referencia para a cuantificación do obxectivo de estabilidade orzamentaria (medido en necesidade ou capacidade de financiamento en termos de contabilidade nacional sobre o PIB).
2. Determina a situación cíclica da economía galega comparando o PIB real estimado e o potencial. Esta situación debe determinar o nesgo da política fiscal da comunidade autónoma. Por tanto, determina a posición cíclica da economía galega e o saldo cíclico e estrutural da mesma; así como a taxa de referencia da economía galega que debe marcar a evolución tendencial das diferentes políticas de gasto no seu conxunto.

¹ A Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, establece que no primeiro semestre de cada ano, o Goberno de España, mediante acordo do Consello de ministros, e previo informe do Consello de política fiscal e financeira das comunidades autónomas, fixará os obxectivos de estabilidade orzamentaria dos diferentes niveis de administración territorial, que se medirá en termos de necesidade ou capacidade de financiamento segundo a definición do sistema europeo de contas nacionais e rexionais; no mesmo acordo fixará os obxectivos de endebedamento público.

Para a fixación do devandito obxectivo terase en conta a regra de gasto definida no artigo 12 da devandita lei orgánica e o saldo estrutural acadado no exercicio inmediato anterior.



Como se indica no documento metodolóxico da Comisión Europea para a estimación do *output gap*², en termos de uso de políticas, as estimacións do produto potencial e da fenda de produción son esenciais para avaliar a capacidade produtiva (lado da oferta) e a posición cíclica (lado da demanda) de todas as economías da Unión Europea. Son estimados pola DG ECFIN, utilizando o software EUCAM, segundo o acordado polo Grupo de Traballo do *output gap* e aprobado polo Consello ECOFIN, que permite reproducir os procedementos. As estimacións aplícanse no marco de diversos procesos de vixilancia económica e fiscal. Máis especificamente, o indicador de *output gap* utilízase para axustar ciclicamente o balance orzamentario dos Estados membros (é dicir, para producir os seus balances orzamentarios estruturais) e o indicador de produto potencial utilízase para avaliar a sostibilidade da débeda e para a comparación dos gastos públicos netos das economías da Unión Europea (UE) en relación coa súa taxa de crecemento potencial (que se utiliza como parte do criterio de referencia do gasto baixo o brazo preventivo do Pacto de Estabilidade e Crecemento). Ademais, a produción potencial pode tamén ser relevante para avaliar a sostibilidade e efectividade de diferentes axendas de reforma estruturais, destinadas a impulsar a capacidade produtiva dos países individuais da UE.

Por todo elo a Lei 2/2011, de disciplina orzamentaria e sostibilidade financeira de Galicia, no seu artigo 12 obriga ao Consello da Xunta a acordar o límite de gasto non financeiro dos Orzamentos da comunidade autónoma para o vindeiro exercicio³, e á súa remisión ao Parlamento xunto cun informe de estratexia financeiro-fiscal no que se basean os cálculos que dan pé ao devandito límite.

O contido do presente informe recolle, a maiores dunha breve introdución explicativa dos obxectivos e contido do mesmo, dous grandes apartados:

- Un apartado económico, no que se establece o escenario económico da comunidade autónoma de forma coherente cos informes dos grandes axentes emisores de informes de conxuntura económica da nosa

² Blondeau, F., Planas, C. and A. Rossi (2021), Output Gap Estimation using the European Union's Commonly Agreed Methodology, ECFIN Discussion Paper 148.

³ Con posterioridade á norma autonómica, a Lei Orgánica 2/2012 no seu artigo 30 recolle a obriga de elaborar un teito de gasto para as comunidades autónomas, ao sinalar que as comunidades autónomas aprobarán un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.





contorna (informe de verán da Comisión Europea, OCDE e FMI e os informes do Banco de España).

- Un apartado financeiro, que baixo os supostos de evolución económica prevista e o escenario de volta ás regras fiscais establece unha proposta de límite de gasto non financeiro para 2024.



1. ESCENARIO ECONÓMICO

En Galicia, a Lei 2/2011 de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, no seu artigo 11 indica que con carácter previo á elaboración dos orzamentos, elaboraranse uns escenarios de previsión plurianual que se recollerán nun informe de estratexia financeiro - fiscal, que fixará o marco orzamentario para os tres exercicios seguintes e ao que se axustarán anualmente os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

A Orde do 4 de xullo de 2016 pola que se ditan as instrucións para a elaboración dos escenarios orzamentarios da Comunidade Autónoma de Galicia establece que o Instituto Galego de Estatística (IGE), como axente responsable do subsistema de prospectiva económica, elaborará informes de situación económica que sirvan de base para a elaboración dos escenarios e que deberán conter, como mínimo o seguinte:

- a. Un cadro macroeconómico que explique a evolución en termos reais do PIB desde a óptica da demanda, así como a evolución do PIB en termos nominais.
- b. Análise de posición cíclica da economía galega e saldo cíclico do sector público autonómico de Galicia, crecemento potencial, *output gap* e saldo cíclico orzamentario.

1.1. O entorno internacional da economía galega

A evolución da economía mundial está marcada polo endurecemento da política monetaria como consecuencia da inflación. Aínda que a inflación xeral diminuíu a nivel mundial, a inflación subxacente segue en niveis elevados. O ritmo do endurecemento foise reducindo nos últimos meses mais os seus efectos estanse a notar na actividade económica.

Nos últimos meses obsérvase unha desaceleración da economía mundial, principalmente pola perda de impulso da economía chinesa, con problemas no sector inmobiliario.



As previsións máis recentes dos principais organismos internacionais: Fondo Monetario Internacional (FMI), Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económicos (OCDE) e Comisión Europea recollen un crecemento máis moderado da economía mundial no ano 2023 respecto ao ano anterior.

A economía mundial podería crecer no entorno do 3,0% nos anos 2023 e 2024. Entre os factores negativos que afectan ao crecemento mundial pódese destacar o endurecemento da política monetaria, o menor dinamismo da economía chinesa e as tensións xeopolíticas coa guerra de Ucraína. En senso contrario, a fortaleza do mercado de traballo nas economías avanzadas e o dinamismo das economías emerxentes favorecerán o crecemento económico mundial.

Previsións macroeconómicas. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %

	FMI (xullo 2023)		OCDE (setembro 2023) ⁽¹⁾		Comisión Europea (setembro 2023) ⁽²⁾	
	2023	2024	2023	2024	2023	2024
PIB Mundial	3,0	3,0	3,0	2,7	2,8	3,1
Área Euro ⁽²⁾	0,9	1,5	0,6	1,1	0,8	1,3
Francia	0,8	1,3	1,0	1,2	1,0	1,2
Alemaña	-0,3	1,3	-0,2	0,9	-0,4	1,1
Italia	1,1	0,9	0,8	0,8	0,9	0,8
Portugal	1,0	1,7	2,5	1,5	2,4	1,8
España	2,5	2,0	2,3	1,9	2,2	1,9
Reino Unido	0,4	1,0	0,3	0,8	-0,2	1,0
Estados Unidos	1,8	1,0	2,2	1,3	1,4	1,0
Xapón	1,4	1,0	1,8	1,0	1,1	1,0
México	2,6	1,5	3,3	2,5	1,6	1,7
Brasil	2,1	1,2	3,2	1,7	1,0	1,3
China	5,2	4,5	5,1	4,6	5,5	4,7
India	6,1	6,3	6,3	6,0	5,6	6,6
Comercio mundial de bens e servizos	2,0	3,7	--	--	--	--

Fontes: FMI, OCDE e Comisión Europea

(1) A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 17 países. Na actualización de setembro non difunde as previsións para Portugal, polo que se consideran as previsións de xuño.

(2) A Comisión Europea, no mes de setembro, só actualiza as previsións dos países da Unión Europea. As previsións do resto de países corresponden ao mes de maio.

Utilizando como fonte de información a OCDE, a maioría das economías mostran un menor crecemento no ano 2023 que no ano precedente.

Nos seguintes parágrafos detállanse as previsións dispoñibles para os principais países da economía mundial e cos que mantemos relacións



comerciais e que, polo tanto, teñen unha maior influencia na economía galega. Estes países son Estados Unidos, China, os principais da zona euro e Reino Unido. Para o seguimento dos países utilízanse principalmente os datos da Comisión Europea.

O endurecemento da política monetaria para conter a inflación así como as tensións xeopolíticas afectan significativamente ao crecemento económico na área do euro. As previsións da Comisión Europea sinalan un crecemento do 0,8% no ano 2023, despois do 3,5% no ano anterior. Alemaña é o país máis afectado pola guerra de Ucraína debido á súa maior dependencia do gas ruso; as previsións da Comisión apuntan a un caída do 0,2% no ano 2023, a taxa máis baixa entre as principais economías do euro, que podería ser máis negativa como sinalan as previsións da OCDE, -0,4%. Entre as economías con maior crecemento estaría Portugal, 2,4% segundo a Comisión.


A previsión para o ano 2024 na área do euro é dunha taxa, 1,3%, superior á do ano precedente. A maioría dos países acadarían, en xeral, maior crecemento que no ano anterior; non obstante, en países como España e Portugal, que mostran maior fortaleza no ano 2023, reducirán o seu crecemento en 2024.

En termos de taxas interanuais, as previsións apuntan a unha evolución crecente aínda que moderada nas principais economías europeas. Na medida na que os prezos se moderen, a demanda externa se fortaleza e se reduzan as perturbacións na oferta, a economía europea crecerá con máis forza. O endurecemento da política monetaria afectará con maior intensidade tanto ás empresas como aos fogares, mais este efecto reducirase, en parte, pola menor incerteza e o aumento da renda dispoñible real.

No gráfico que segue, móstrase a evolución en taxas interanuais das principais economías do noso entorno.



Previsións crecemento interanual do PIB en 2023 e 2024



Fonte: Comisión Europea

A inflación na área do euro segue unha senda descendente, principalmente pola redución dos prezos enerxéticos. Porén a inflación subxacente segue en taxas elevadas, o que segue minguando o consumo.

A inflación salarial non medrou ao mesmo ritmo que a inflación de prezos, o que implica un descenso dos salarios reais. A escaseza de man de obra en determinados sectores de actividade xunto cun incremento da demanda debería levar a un aumento dos salarios. As empresas poderían asumir este



incremento grazas ao aumento das marxes empresariais aínda que isto podería xerar presións inflacionistas. En senso contrario, o descenso dos prezos da enerxía, a normalización da oferta e a apreciación do euro abaratarían as importacións e reducirían as presións inflacionistas.

O sector servizos é o que determina a evolución positiva da economía, favorecido polo retorno á normalidade logo do final da crise sanitaria. Pola contra, a industria manufactureira mostra certa debilidade, sobre todo nalgúns ramos de actividade. Os indicadores anticipados da actividade como o índice PMI mostran a evolución crecente do sector servizos pero un estancamento da industria a nivel mundial. Para a zona euro, obsérvase o mellor comportamento dos servizos e o empeoramento de ambos os dous sectores nos últimos meses. O endurecemento das condicións financeiras no conxunto da economía xa estaría limitando o dinamismo da actividade e os efectos adversos alcanzarán maior intensidade nos próximos meses.

Índice de directores de compras (PMI) de actividade por sectores. Euro área



1.2. Situación da economía española

1.2.1. Escenario macroeconómico


A economía española medrou un 5,8% en 2022. Mentres que o crecemento de 2021 foi motivado pola fortaleza da demanda interna, impulsada pola eliminación das restricións, no ano 2022 o crecemento foi equilibrado, cunha contribución de 2,9 puntos tanto da demanda interna como do sector exterior.

O consumo privado medrou un 4,7% en 2022. A suba dos prezos provocou unha perda de poder adquisitivo dos fogares, o que se traduciu nunha moderación no consumo a finais do ano respecto ao ano anterior.

O investimento veuse favorecido polo Plan de recuperación da Unión Europea, mais a lentitude na execución de ditos fondos minora o seu impacto no crecemento. Ademais, a incerteza sobre a situación xeopolítica e a escalada de prezos reduciron a confianza dos investidores.

O sector exterior contribuíu con 2,9 puntos ao crecemento do PIB en 2022. As exportacións víronse favorecidas pola recuperación do sector turístico despois da eliminación das restricións pola crise sanitaria.

Taxa de variación interanual do PIB e achegas dos agregados de demanda



Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE). Revisión estatística 2019

Como se pode ver no gráfico, as exportacións foron o principal motor da economía española, achegando máis de cinco puntos ao crecemento interanual do PIB nos dous primeiros trimestres de 2022, seguido do consumo privado, con máis de dous puntos nestes trimestres.



Desde a óptica da oferta, as actividades máis relacionadas coa interacción social, que foron as máis afectadas durante a pandemia, son as que están rexistrando un maior crecemento. Así, o sector servizos medrou un 8,0% no ano 2022, sendo a rama de Comercio, transporte e hostalería a que rexistrou a taxa máis alta, 16,3%, seguida das Actividades artísticas, recreativas e outros servizos, 14,1%.

Os postos de traballo equivalentes a tempo completo medraron un 3,7% e as horas traballadas un 3,9% no ano 2022.

O PIB de España medrou no segundo trimestre de 2023 un 2,2%. Este crecemento ven motivado pola demanda interna, que achega 2,3 puntos ao crecemento do PIB. O consumo público e privado son os agregados que máis contribúen a este crecemento.

O indicador adiantado de actividade PMI mostra o bo comportamento do sector servizos desde o fin da pandemia mais anticipa un menor dinamismo da actividade nos próximos meses.



Os principais organismos nacionais e internacionais elaboradores de previsións están a revisar ao alza respecto ao comezo do ano as súas estimacións de crecemento para o ano 2023, e á baixa para 2024. As últimas previsións internacionais son as da OCDE e da Comisión Europea (setembro), que prevén un crecemento do 2,3% e 2,2% respectivamente en 2023 e un 1,9% en 2024.

O Banco de España, nas súas proxeccións de setembro, estima un crecemento do 2,3% en 2023 e do 1,8% en 2024, co que mantén a súa previsión de xuño para 2023 e baixa en catro décimas a de 2024.

A estimación de consenso dos organismos privados, difundida en setembro por Funcas, prognostica un incremento do 2,2% en 2023 e do 1,8% en 2024.



Todos os organismos subliñan os riscos á baixa nas previsións de actividade e dunha menor redución da inflación.

O endurecemento da política monetaria afectará á economía nos próximos trimestres e o seu impacto pode ser máis intenso do previsto.

Respecto á inflación, a eliminación das medidas públicas tomadas para conter os prezos e o alza no prezo do petróleo poderían supoñer unha repunta da inflación no próximo ano.

As últimas previsións da OCDE e da Comisión Europea apuntan a un crecemento dos prezos no entorno do 3,5% en 2023 e un menor incremento en 2024 (segundo a OCDE crecerán unha décima menos que o ano anterior; segundo a Comisión Europea nove décimas menos).

O Banco de España sinala un crecemento similar en 2023, 3,6%, pero para 2024 prevé unha taxa máis elevada, 4,3%.

O panel de Funcas prevé un crecemento tamén do 3,6% en 2023 e un menor incremento en 2024, 3%.

No seguinte cadro preséntanse as proxeccións do Banco de España, por ser as máis recentes que dispoñen da desagregación dos compoñentes de demanda para o bienio 2023 - 2024.

Previsións macroeconómicas. España. TVI (%)

	2023	2024
PIB por compoñentes de demanda		
Gasto en consumo final nacional de fogares ⁽¹⁾	0,7	2,2
Gasto en consumo final nacional das AA.PP.	1,4	0,8
Formación bruta de capital fixo	3,1	3,4
Demanda nacional ⁽²⁾	1,2	2,1
Exportacións de bens e servizos	4,0	2,2
Importacións de bens e servizos	1,5	3,2
Produto interior bruto	2,3	1,8
Produto interior bruto nominal	7,6	5,1
Taxa de paro	12,0	11,5

(1) Inclúe ás ISFLSF

(2) Achega ao crecemento do PIB

Fonte: Banco de España



Para o ano 2023 as previsións apuntan a un crecemento do 2,3%, cunha ralentización da economía na segunda metade do ano que se trasladaría ao ano 2024, sobre todo na primeira metade e reduciría o incremento en 2024 ata o 1,8%.

O gasto dos fogares vese lastrado polo incremento dos prezos e dos tipos de xuro, o que provoca un débil crecemento en 2023, 0,7%. Para o ano 2024 prevese unha recuperación do consumo favorecido por unha moderación na inflación.

O investimento verase favorecido polos fondos asociados ao programa Next Generation EU, aínda que a incerteza sobre a evolución económica mundial, o endurecemento das condicións financeiras e a subidas dos custos frearán o seu impulso. Para o ano 2023 as previsións do Banco de España apuntan a un incremento do 3,1%; para 2024, o aumento sería do 3,4%.

A situación económica mundial, en particular, a dos principais socios comerciais de España, determinará a evolución do comercio exterior. A debilidade das economías do noso entorno resta vigor ao comercio exterior no ano 2023; na medida que se recuperen os mercados exteriores verase favorecida a actividade económica. O gasto dos non residentes está a ter unha contribución positiva ao crecemento do PIB, cun incremento das pernoitas e do gasto dos turistas grazas á recuperación dos movementos turísticos tras a pandemia mais non se prevé un maior impulso nos próximos trimestres.

O mercado laboral mantén un elevado dinamismo no que vai de ano. As afiliacións á Seguridade Social medraron nos nove primeiros meses do ano un 2,7%, mais obsérvase unha desaceleración no ritmo de crecemento. A taxa de paro situouse no 11,6% no segundo trimestre de 2023, a taxa máis baixa desde 2008. A previsión para o 2023, segundo o Banco de España, é dunha taxa do 12,0%, nove décimas inferior á do ano precedente, que se reduciría para o ano 2024 ata o 11,5%.



1.2.2 Capacidade ou necesidade de financiamento e posición de investimento

A economía española tivo no ano 2022 unha capacidade de financiamento do 1,5% en termos do PIB, inferior ao 1,9% obtido no ano anterior e ao dos anos previos á pandemia.

A redución da capacidade de financiamento é debida, principalmente, á deterioración da balanza comercial dos bens enerxéticos motivada pola invasión rusa de Ucraína e, como consecuencia, a forte subida dos prezos enerxéticos.

As rendas e transferencias empeoraron o seu saldo tres décimas de PIB respecto ao ano anterior ata alcanzar o peso no PIB previo á pandemia. As subidas dos tipos de xuro na segunda parte do ano xogaron un papel importante.

O superávit turístico creceu fortemente ata o 3,7% do PIB, igualando o ano previo ao comezo á pandemia, pero non aos máximos dos anos anteriores. O saldo do resto de servizos tamén creceu dunha maneira notable alcanzando o 2,1% do PIB. É importante destacar que entre estes servizos se atopan algúns de alto valor engadido: Telecomunicacións, informática, consultoría,...

A balanza de capital presentou en 2022 un superávit do 0,9% do PIB, similar ao ano anterior e en máximos dos últimos anos. A este saldo positivo contribuíron dunha maneira significativa os programas de axuda ao investimento da Unión Europea.

Balanza de Pagos. Saldos

Anos	Conta Corrente			Conta de Capital	Cap(+)/Nec(-) de financiamento
	Bens e Servizos		Rendas e Transferencias		
	Turismo	Total			
2011	3,4	0,3	-3,0	0,3	-2,4
2012	3,6	2,1	-2,0	0,5	0,6
2013	3,8	3,9	-1,9	0,6	2,6
2014	3,9	3,1	-1,4	0,4	2,1
2015	3,8	3,0	-1,0	0,6	2,7
2016	3,9	4,0	-0,8	0,2	3,4
2017	4,0	3,6	-0,8	0,2	3,0
2018	3,9	2,7	-0,8	0,5	2,4
2019	3,7	2,9	-0,8	0,3	2,4
2020	0,8	1,5	-0,8	0,5	1,1
2021	1,6	1,5	-0,5	0,9	1,9
2022	3,7	1,4	-0,8	0,9	1,5

Fonte: Banco de España
Nota: Porcentaxe do PIB




1.2.3 Curva de Beveridge

A relación entre a taxa de vacantes e a taxa de paro (curva de Beveridge) permite observar a evolución do mercado de traballo. Os desprazamentos ao longo dunha curva teórica decrecente son resultado dos efectos cíclicos e amosan a conxuntura do mercado. Con todo, se observamos desprazamentos da propia curva teórica estamos ante cambios estruturais no propio mercado de traballo.

O gráfico recolle a curva de Beveridge para España empregando a base de datos REMS do Ministerio de Hacienda y Función Pública. A curva comeza no 2007, antes do comezo da gran crise, cunha taxa de paro baixa para o mercado de traballo español. Do 2007 ao 2013 observamos unha deterioración do mercado de traballo cun forte incremento da taxa de paro, pero neste período prodúcese movementos ao longo da curva, salvo un certo axuste dos anos 2009 e 2010.

No seguinte intervalo, 2014-2022, observamos como a curva desprazouse cara a dentro, indicando que se produciu un cambio estrutural no mercado de traballo, que corresponde ao seu mellor funcionamento. Neste período produciuse, ao mesmo tempo, un movemento ao longo da curva indicativo dunha mellor conxuntura e unha redución da taxa de paro, a excepción do ano de inicio da pandemia. Queda por ver como continúa a serie nos anos sucesivos, para comprobar se a partires do 2020 se produce un cambio na pendente ou é un efecto temporal do Covid.



1.3. Evolución recente da economía galega

A economía galega moderou o seu crecemento no segundo trimestre de 2023, o mesmo que España. O PIB galego medrou un 3,0% no primeiro trimestre e un 1,5% no segundo trimestre, tal como indican as estimacións das contas económicas trimestrais do IGE.

Produto interior bruto. Índices de volume. Referencia 2015
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario

	2021	2022	2022				2023	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Variación interanual	5,2	3,8	5,3	5,3	2,7	2,2	3,0	1,5
Variación intertrimestral	--	--	0,4	1,5	0,1	0,2	1,1	0,1

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2019

De seguido detállase o comportamento da economía galega nos últimos trimestres para mostrar a tendencia a curto prazo da mesma.


Demanda

Desde a óptica da demanda, no ano 2022 a achega da demanda interna en termos nacionais foi de 0,1 puntos porcentuais. O sector exterior achegou 3,7 puntos ao crecemento do PIB.

O consumo privado medrou un 1,3% no ano 2022. A suba dos prezos da enerxía, que afecta máis a Galicia que ao conxunto de España, xunto coa estrutura poboacional galega, máis envellecida, provoca un menor incremento do consumo en Galicia.



Taxa de variación interanual do PIB e achegas dos agregados de demanda



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2019

O investimento crece lentamente, o avance na recepción dos fondos condiona as iniciativas empresariais en Galicia. No conxunto do ano 2022 medrou un 1,4%.

Pola súa banda, o sector exterior achegou, no ano 2022, 3,7 puntos porcentuais ao crecemento do PIB, cun incremento das exportacións (5,0%) e unha caída das importacións (-1,4%).

No segundo trimestre de 2023 o PIB crece un 1,5% en termos interanuais, cunha achega da demanda interna de 0,8 puntos porcentuais e do sector exterior de 0,7 puntos.

Respecto aos principais indicadores conxunturais de consumo, nos sete primeiros meses do ano o índice de comercio polo miúdo indica que as vendas están a crecer un 3,7% en Galicia. A matriculación de turismos aumenta un 4,4%.


En relación co comercio exterior, o sector do automóbil determina a evolución das exportacións galegas fóra de España en termos nominais, que creceron nos sete primeiros meses do ano un 2,5%, e das importacións, que caeron un 21,2%.



Oferta

Dende a perspectiva da oferta, "comercio, transporte e hostalería" é o sector que máis contribúe ao crecemento do PIB durante o ano 2022, cun crecemento interanual do 17,4%.

Taxa de variación interanual do PIB e achegas dos agregados de oferta



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2019

En senso contrario, a industria e as actividades financeiras reduciron a súa actividade en 2022, -2,0% e -8,6% respectivamente.

A caída da industria ven motivada principalmente polo sector enerxético. Un ano moi seco provocou unha caída da produción de enerxía hidráulica do 46,2%. Ademais, os problemas nas cadeas de subministración ou o encarecemento da electricidade e gas afectaron intensamente á industria galega polo peso na economía de sectores como a fabricación de automóviles ou a metalurxia.

O principal indicador conxuntural, o Índice de produción industrial (IPI), reflicte unha caída da actividade no ano 2022, -1,4%. As actividades que máis repercuten nesta caída son a produción de enerxía eléctrica e a metalurxia, afectada polo encarecemento da electricidade. No conxunto do Estado, o IPI aumenta un 2,4%.





Nos dous primeiros trimestres de 2023 o Valor Engadido Bruto (VEB) da industria rexistrou taxas positivas, cun mellor comportamento no primeiro trimestre (8,9%), motivado polo sector enerxético. No segundo trimestre o crecemento foi máis moderado (1,8%). A industria manufactureira sobe tamén nos dous trimestres.

O IPI sinala que a produción industrial está a medrar un 2,5% nos oito primeiros meses do ano. A fabricación de automóviles e a produción de enerxía eléctrica son as ramas que máis inflúen neste crecemento. En senso contrario, a metalurxia encadea vinte meses consecutivos con taxas negativas.

O sector servizos rexistrou crecementos positivos nos dous trimestres do ano, sendo o comercio, transporte e hostalería o sector que máis contribúe nesta evolución.

O principal indicador conxuntural, o indicador de actividade do sector servizos (IASS) rexistra (nos seis primeiros meses do ano) un incremento do 6,8% en Galicia, superior ao do conxunto do Estado (4,3%). O comercio por xunto é o sector que máis repercute neste crecemento en Galicia.

Emprego

En relación ao emprego, no ano 2022 os ocupados aumentaron un 1,7% e as afiliacións un 2,2%. A poboación parada diminuíu un 4,5%, co que a taxa de paro situouse no 11,0%, seis décimas inferior á do ano anterior.

No segundo trimestre de 2023, a ocupación creceu un 2,3% e a poboación parada diminúe un 14,1%, situándose a taxa de paro no 9,6%.

Respecto ás afiliacións medias á Seguridade Social, nos nove primeiros meses do ano aumentaron un 1,6%.



1.4. Escenario macroeconómico 2023 – 2024

Nos últimos anos, todas as previsións macroeconómicas están suxeitas a unha grande incerteza: a pandemia, a guerra de Ucraína, a subida dos prezos, que levan a unha continua revisión das previsións. Isto tamén sucede no momento actual e para Galicia, polo que estas previsións se formulan baixo unha premisa de prudencia.

O ano 2022 estivo marcado pola guerra de Ucraína e a consecuente alza dos prezos, primeiro das materias primas e logo trasladándose a todos os produtos. No ano 2023 estase a moderar este crecemento, malia que a inflación subxacente aínda se resiste a baixar e están a subir os tipos de xuro, co conseguinte impacto na actividade económica.

Galicia creceu no ano 2022 un 3,8% e prevese que creza un 1,8% no ano 2023, por riba do previsto nos orzamentos deste ano, estando a baixada motivada fundamentalmente pola menor aportación da demanda externa. No ano 2024, a previsión é dun crecemento do 1,9%.

Este escenario prevé un crecemento equilibrado da economía galega en 2023, cunha achega da demanda interna de 0,8 puntos porcentuais e da demanda externa de 1,0 puntos porcentuais.

Para 2024 prevese un maior impulso da demanda interna, que contribuirá en 1,6 puntos porcentuais ao crecemento do PIB.



Cadro macroeconómico Galicia. Variación anual en %

	2022	2023	2024
Gasto en consumo final	-0,1	0,3	1,3
- Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	1,3	-0,4	1,3
- Gasto en consumo final das AAPP	-3,6	2,1	1,5
Formación bruta de capital	1,4	3,7	3,8
Achega demanda interna¹	0,1	0,8	1,6
Exportación de bens e servicios	5,0	2,9	4,8
Importación de bens e servicios	-1,4	1,4	4,7
Achega demanda externa¹	3,7	1,0	0,3
Produto interior bruto (PIB)	3,8	1,8	1,9
Produto interior bruto nominal	8,8	6,5	5,5
Deflactor do PIB	4,8	4,6	3,5
Emprego. PTETC	2,2	1,7	0,6
Taxa de paro²	11,0	9,8	9,4

¹ Contribución en puntos porcentuais

² % da poboación activa

Fonte: IGE

Data peche previsións: 05 outubro 2023

O consumo veuse afectado polo incremento dos prezos. Os fogares tiveron que modificar os seus hábitos de consumo ante o encarecemento da maioría dos produtos. Ademais, perderon poder adquisitivo, xa que os salarios non se incrementaron na mesma magnitude cos prezos; segundo a Estadística de convenios colectivos, os salarios aumentaron un 3,9% en 2022 fronte ao 9% dos prezos.

Para conter a inflación, o BCE subiu o tipo de xuro, o que aumenta o gasto dos fogares destinado a pagar os seus préstamos, o que incide na contención do consumo, ao encarecer as hipotecas, a súa maioría actualizadas con este índice.

No ano 2023, os prezos seguen afectando ao consumo aínda que en menor medida, pola súa paulatina desaceleración, que coincide coa repunta dos





salarios (estes crecen un 3,4% polos incrementos pactados, e a remuneración por asalariado total medra un 4,1% no primeiro trimestre).

A previsión é que o consumo privado diminúa un 0,4% en 2023 e aumente un 1,3% no 2024.

O investimento no ano 2022 rexistrou un crecemento do 1,4% e prevese un impulso no ano 2023 motivado polos fondos europeos. A maior parte destes fondos están dedicados a investimento público e ademais terán un efecto arrastre sobre o investimento privado. O maior risco sobre a evolución dos investimentos está na subida dos tipos de xuro, que dificulta o acceso das empresas ao financiamento, sobre todo ás de menor tamaño. Prevese un incremento dos investimentos do 3,7% en 2023 e do 3,8% en 2024.

A achega da demanda externa será positiva tanto en 2023 como en 2024. Prevese que as exportacións aumenten nos dous anos, en maior medida no ano 2024, condicionadas pola demanda dos países do nosa contorna, que se prevé maior nese ano.

O emprego medido en postos de traballo equivalentes a tempo completo crecerá un 1,7% en 2023 e un 0,6% en 2024.

As previsións apuntan a unha redución da taxa de paro ata situarse no ano 2024 no 9,4%.



1.5. Crecemento potencial e output gap

A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira establece que ningunha administración pública poderá incorrer en déficit estrutural, salvo nalgúñas circunstancias fixadas na devandita Lei. En virtude dela, é necesario dispor do cálculo do saldo estrutural para cada comunidade autónoma, así como para o Estado e a Seguridade Social.

A obtención do saldo estrutural dunha administración pública consiste en medir o compoñente cíclico do dito saldo e calcular o compoñente estrutural como diferenza entre o observado e o cíclico. A Orde ECC/2741/2012, do 20 de decembro, sobre o cálculo das previsións tendenciais de ingresos e gastos e da taxa de referencia da economía española desenvolve a metodoloxía para o cálculo do PIB potencial e o compoñente cíclico dos ingresos e gastos públicos seguindo a metodoloxía da Comisión Europea. Esta metodoloxía foi revisada posteriormente pola Comisión Europea e as modificacións quedan recollidas na Orde ECC/493/2014 do 27 de marzo e na Orde ECC/1556/2016, do 28 de setembro.

O cálculo do compoñente cíclico realízase en dúas fases. En primeiro lugar, calcúlase o *output gap* ou fenda de produción e en segundo lugar, estímase unha relación (elasticidade) entre o saldo observado e a fenda cíclica.

O crecemento potencial e o *output gap* dunha economía son conceptos de gran utilidade para a análise económica e, en particular, para a toma de decisións de política económica. Constitúen a referencia básica para avaliar a posición cíclica da economía e efectuar o diagnóstico sobre a orientación das políticas económicas.

Defínese o produto potencial como o nivel de produción en termos reais que unha economía é capaz de xerar utilizando os factores dispoñibles e a tecnoloxía existente, sen xerar presións inflacionarias. O *output gap* ou fenda de produción defínese como a diferenza entre o PIB observado ou previsto, en termos reais, e o nivel estimado para o PIB potencial expresado en porcentaxe do PIB potencial.

A metodoloxía empregada para o cálculo do PIB potencial e do *output gap* para a economía galega⁴ segue no fundamental o contemplado nas ordes

4 https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/proxectosTecnicos/3901-03-OE06_PosicionCiclicaDaEconomiaGalega.pdf



ministeriais ECC/2471/2012 do 20 de decembro, ECC/493/2014 do 27 de marzo e ECC/1556/2016, do 28 de setembro, que seguen, á súa vez, a metodoloxía da función de produción da Comisión Europea⁵, acordada no Grupo de traballo do Output Gap e aprobada polo Consello ECFIN. Esta metodoloxía esixe, por un lado, a estimación da produtividade total dos factores (PTF) e, por outro, a avaliación dos factores produtivos (emprego e capital) no seu nivel potencial.

No seguinte cadro recóllense para Galicia as taxas de crecemento previstas para o PIB real, o PIB potencial estimado, as achegas das súas principais compoñentes e o *output gap*.

Evolución cíclica. Galicia

	2020	2021	2022	2023	2024	2025	2026
PIB real. TVA (%)	-8,8	5,2	3,8	1,8	1,9	1,8	1,8
PIB potencial. TVA (%)	0,6	0,8	1,4	1,5	1,6	1,6	1,6
Achegas ao crecemento do PIB potencial (*)							
Produtividade total dos factores	1,0	1,0	1,1	1,1	1,1	1,1	1,1
Traballo	-0,6	-0,3	0,0	0,1	0,2	0,1	0,1
Capital	0,2	0,1	0,3	0,3	0,3	0,4	0,4
Output gap (*)	-6,1	-2,0	0,3	0,5	1,0	1,1	1,1

(*) Porcentaxe do PIB

NAWRU calculada con curva de Phillips híbrida non centrada

Fonte: IGE

O crecemento potencial da economía galega viuse afectado no ano 2020 pola hibernación da economía, pero este impacto é transitorio ao ser un *shock* temporal e está a recuperar as taxas de crecemento. O impacto foi menor en Galicia que en España polo que a recuperación é máis rápida.


O produto potencial da economía galega caracterízase por unha menor achega do factor traballo en relación a España, motivada por unha evolución máis negativa da poboación en idade de traballar. O capital vese moi influenciado polas crises; non obstante, na crise actual o seu impacto é máis reducido grazas aos fondos Next Generation EU, que se destinan maioritariamente a investimento.

⁵ http://ec.europa.eu/economy_finance/publications/economic_paper/2014/ecp535_en.htm




Como resultado da evolución do PIB real e do potencial, o *output gap* de Galicia desde o ano 2016 ata o ano 2019 tomaba valores positivos; a crise de 2020 provoca unha caída, -6,1%, mais no ano 2022 volve a valores positivos, o que pon de manifesto novamente o carácter transitorio do *shock*. En España o *output gap* segue en valores negativos aínda que próximos a cero.

Contabilidade do crecemento. Galicia



Fonte: IGE

Contabilidade do crecemento. España



Fonte: Comisión Europea

1.6. Saldo orzamentario axustado ciclicamente

Para obter o saldo cíclico da economía galega utilizamos a metodoloxía establecida polo Ministerio de Economía, que segue a da Comisión Europea e explícase no Anexo I deste informe. Esta metodoloxía baséase no uso das semi-elasticidades para o cálculo do saldo orzamentario cíclico, a partir do cal obtense o saldo estrutural.

A partir das semi-elasticidades e o *output gap* é posible obter a descomposición do saldo orzamentario de Galicia en saldo cíclico e ciclicamente axustado. O saldo cíclico obtense como o produto da semi-elasticidade e o *output gap*; o saldo axustado do ciclo calcúlase como a diferenza entre o saldo público e o saldo cíclico.

Finalmente, obtense o saldo estrutural ao restar do saldo ciclicamente axustado a diferenza entre os ingresos e gastos non recorrentes.





Saldo orzamentario cíclico. Galicia (% do PIB)

	2020	2021	2022	2023	2024	2025	2026
1. Saldo público	-0,1	-0,1	-0,5	-0,3	0,0	0,1	0,1
2. Intereses	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,3	0,3
3. Medidas non recorrentes temporais	0,9	0,1	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
4. Saldo primario (1+2)	0,1	0,0	-0,4	-0,1	0,2	0,4	0,4
5. Output gap	-6,1	-2,0	0,3	0,5	1,0	1,1	1,1
6. Saldo cíclico	-1,0	-0,3	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2
7. Saldo ciclicamente axustado (1-6)	0,9	0,2	-0,6	-0,3	-0,2	-0,1	-0,1
8. Saldo primario ciclicamente axustado (7+2)	1,2	0,4	-0,5	-0,2	0,0	0,2	0,2
9. Saldo estrutural (7-3)	0,0	0,1	-0,6	-0,3	-0,2	-0,1	-0,1
10. Saldo estrutural primario (9+2)	0,2	0,2	-0,5	-0,2	0,0	0,2	0,2

Fonte: IGE, Consellería de Facenda e Administración Pública

Despois de dous anos de saldo cíclico negativo provocado pola pandemia, desde o ano 2022 vólvese positivo e situaríase no 0,2% do PIB desde o ano 2024.

Como resultado do comportamento do saldo cíclico e do saldo público, o saldo ciclicamente axustado pasaría do 0,9% do PIB en 2020 ao -0,6% no ano 2022, como consecuencia da eliminación dos recursos achegados pola Administración do Estado para financiar os gastos Covid que durante este exercicio aínda se mantiveron en parte, e tendería ao equilibrio a partir do exercicio 2025.

O saldo estrutural primario sería neutro en 2024 e pasaría a positivo nos anos posteriores.

As previsións para a área do euro elaboradas pola Comisión Europea apuntan a unha volta á normalidade no ano 2024 unha vez superada a pandemia e a medida que os prezos enerxéticos volvan aos niveis anteriores á guerra. As medidas de política fiscal deberán acadar o difícil equilibrio entre axudar aos colectivos máis vulnerables que aínda se ven afectados pola subida de prezos, estimular a actividade económica e non producir efectos contrarios aos perseguidos coa política monetaria.



1.6.2. Déficit e débeda das Administracións Públicas

O déficit das AAPP continuou a súa redución en 2022, cun 4,8% do PIB, desde o máximo alcanzado no primeiro ano da pandemia do Covid cun 10,1%. De feito, a previsión para o 2023 e o 2024 é que continuará a senda descendente pero sen alcanzar o obxectivo do 3% catro anos despois do comezo da pandemia.

O gasto en xuros incrementouse en 2022 ao 2,4% do PIB e prevese que en 2023 alcance o 2,5%.

Contas das Administracións Públicas

Anos	Déficit (-) / Superávit (+)	Débeda	Gasto en intereses
2000 – 2007	0,4	46,7	2,2
2008 – 2013	-9,0	69,0	2,4
2014	-6,1	105,1	3,5
2015	-5,3	103,3	3,0
2016	-4,3	102,7	2,8
2017	-3,1	101,8	2,5
2018	-2,6	100,4	2,4
2019	-3,1	98,2	2,3
2020	-10,1	120,4	2,2
2021	-6,9	118,3	2,2
2022	-4,8	113,2	2,4
2023 (p)	-4,1	110,6	2,5
2024 (p)	-3,3	109,1	2,4

Fonte: Banco de España e Comisión Europea

Notas: Porcentaxes do PIB

(p) = predición



Por subsectores, todas as administracións atopábanse en situación de déficit no ano 2022. As Corporacións Locais entraron nun lixeiro déficit por primeira vez na serie recente, mentres que as Comunidades Autónomas pasaron dunha situación próxima ao equilibrio en 2021 a un déficit do 1,2% do PIB no ano seguinte. Por contra, a Administración da Seguridade Social, en menor medida, e a Administración Central reduciron o seu déficit no ano 2022: a primeira medio punto ata o 0,5%, mentres que a segunda de 6,2% a 3,0% do PIB.

Isto obedeceu á eliminación dos recursos achegados pola Administración do Estado para financiar os gastos Covid, mentres que os gastos aínda se mantiveron en parte durante o ano 2022.

Déficit(-) / Superávit(+) das Administracións Públicas por subsector

		Admon. Central	CCAA	Corp. Locais	Admon. de Seg. Social
Anos					
	2019	-1,5	-0,6	0,3	-1,3
	2020	-7,7	-0,2	0,3	-2,6
	2021	-6,2	-0,1	0,3	-1,0
	2022	-3,0	-1,2	-0,2	-0,5

Fonte: Banco de España

Notas: Porcentaxes do PIB

Porén, o reparto da capacidade de endebedamento entre os diferentes subsectores das administracións segue a sobreponderar o peso da administración central se o relacionamos co peso do seu gasto público.

Subsectores	Total Déficit ano 2022	Peso en %	Peso GP
AXE+ S.Social	-3,5%	71%	57%
CCAA	-1,2%	24%	32%
CCLL	-0,2%	4%	11%
Total AAPP	-4,9%	100%	100%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Si se repartira o obxectivo de déficit en función do peso do gasto público de cada un dos diferentes niveis de administración, ás comunidades autónomas lles correspondería unha necesidade de financiación do 1,6%, e non do 1,2%.



1.7 Taxa de referencia

A Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira establece que a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais no poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española.

Para obter a dita taxa, calcúlase cada ano a media dos crecementos reais potenciais de dito ano, os cinco anteriores e os catro posteriores, obténdose así a taxa de referencia real. Para estimar a taxa nominal utilízase o deflactor do PIB previsto para o devandito ano.

A obtención do PIB potencial de Galicia permite obter a taxa de referencia da economía galega. A taxa de referencia en termos nominais é do 6,0% no ano 2023 e do 4,7% no ano 2024.

Taxa de referencia. Galicia

	2023	2024
En termos reais	1,3	1,3
Deflactor	4,6	3,4
En termos nominais	6,0	4,7

Fonte: IGE



2. ESCENARIO FINANCEIRO 2024

A reforma do marco europeo de gobernanza fiscal ten por obxecto, unha vez superado o período extraordinario da pandemia que xustificou a suspensión das regras fiscais, volver á estabilidade macroeconómica e financeira, o que significa reducir a débeda e mantela en magnitudes sostibles no longo prazo, de xeito que se poidan enfrontar futuras crises mantendo o noso sistema de benestar.

Para garantir a sustentabilidade das contas públicas españolas é prioritario implantar un plan de consolidación fiscal e un paquete de reformas estruturais ambiciosas, co que recuperar a marxe de manobra da política orzamentaria ante eventuais perturbacións negativas no futuro. Aínda que a inflación contribuíu á redución do desequilibrio fiscal no 2022, o seu efecto a longo prazo sobre as finanzas públicas será menos favorable, xa que o seu impacto á alza sobre o gasto público se produce cun certo retardo, e existen algunhas dúbidas sobre o grado de transitoriedade das elevadas dinámicas de crecemento dos ingresos impositivos dos últimos anos.

Polo tanto é necesario garantir unhas finanzas públicas saneadas que permitan construír unha base sólida para o crecemento futuro e ao mesmo tempo facer que a nosa economía sexa máis produtiva. Se ben a situación financeira das AAPP no ano 2022 mellorou pola diminución do déficit e da débeda pública —como porcentaxe do PIB—, segue sendo preciso continuar nesta liña.

Ao mesmo tempo as políticas fiscais deben impulsar o crecemento potencial da economía, polo que as reformas e investimentos son esenciais. As transicións ecolóxica e dixital, o reforzo da resiliencia económica e social requirirán uns investimentos públicos amplos e sostidos nos próximos anos. As reformas que fomentan o crecemento sostible e inclusivo seguen sendo un compoñente esencial dos plans cribles de redución da débeda. É preciso reforzar a interacción positiva entre as reformas e os investimentos no marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia de Next Generation EU, e para iso cómpre acelerar a inclusión de novos proxectos transformadores nos PERTEs.

Por outro lado é fundamental que a resposta das políticas fiscais á crise actual sexa áxil, aporte certeza, evite que a transición ecolóxica acabe redundando nunha perda estrutural de competitividade e que reduza o risco de deslocalización. En definitiva é necesario ir máis aló de respostas fiscais de emerxencia e centrarse nos cambios estruturais para permitir que a economía



acelere decisivamente a transición enerxética, polo que é primordial dar prioridade ao acceso a fontes de enerxía limpas o que restauraría e maximizaría a competitividade da economía española.

Na economía galega obsérvase como no ano 2022 o PIB real medrou un 3,8%, superando en dúas decimas o previsto nos orzamentos, sendo de destacar que no último trimestre recuperouse o nivel previo á pandemia acadado no cuarto trimestre do 2019. Polo lado da oferta os problemas nas cadeas de subministración ou o encarecemento da electricidade e gas afectaron intensamente á industria galega polo importante peso de sectores como a produción de enerxía eléctrica, a fabricación de vehículos ou a industria electro intensiva. Pola contra, no sector servizos, o comercio, o transporte e a hostalaría tiveron un bo comportamento, favorecidos pola volta á normalidade tras a pandemia.

As previsións incluídas nos Orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2023 estimaron un crecemento do 1,7% neste ano. Malia que estas proxeccións están suxeitas a unha elevada incerteza por diferentes factores, cos meses transcorridos, estamos no bo camiño para acadar este obxectivo.

De conformidade co artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupuestaria e Sustentabilidade Financeira no primeiro semestre de cada ano, o Goberno central, mediante acordo do Consello de Ministros, previo informe do Consello de Política Fiscal e Financeira, fixará os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública. Sen embargo non se ten celebrado o Consello de Política Fiscal e Financeira no que se acorda o obxectivo de estabilidade que deben respectar as contas autonómicas do ano 2024, ao perder vixencia a cláusula de salvagarda do Pacto de Estabilidade e Crecemento e a volta das regras fiscais. Ademais tampouco se ten recibido a comunicación dos ingresos do sistema de financiamento para o vindeiro exercicio, o que introduce grandes incertezas na elaboración das contas para o ano 2024.

Non podemos esquecer o deterioro da posición financeira das AAPP nestes últimos exercicios, motivados por diferentes *shocks* externos. En efecto, a pandemia e o conflito de Ucraína, obrigaron ás autoridades a adoptar medidas de impulso fiscal sen precedentes, incrementando o déficit e a débeda pública, polo que é mais necesario que nunca o compromiso con planes fiscais a medio prazo cribles e sostibles, establecendo unha folla de ruta de control do déficit, na procura de superávits primarios, que contribúan a unha redución plausible



e continua da débeda pública. Así trazarase o camiño cara a reconstitución das reservas fiscais que permitan xerar marxes de manobra para actuar ante novos *shocks* económicos adversos, xustificando a non utilización do endebedamento como recurso no exercicio 2024. Neste sentido, o programa de Estabilidade 2023-2026 remitido polo Goberno de España ás institucións europeas, reflicte un déficit cero para as comunidades autónomas no ano 2024, eliminando a posibilidade de recorrer ao endebedamento como fonte de financiamento, sendo esta a referencia que tomará Galicia para a elaboración dos seus orzamentos.

Polo tanto, e tendo en conta a incerta conxuntura macro e os condicionantes descritos nos parágrafos anteriores, elabórase unha proxección de recursos non financeiros, magnitude básica para determinar a envolvente financeira plurianual e o límite de gasto para 2024, peza fundamental para o comezo da elaboración do orzamento para este mesmo exercicio. E tamén un marco plurianual a tres anos, de conformidade co disposto na *Orde do 4 de xullo de 2016 pola que se ditan instrucións para a elaboración dos escenarios orzamentarios da Comunidade Autónoma de Galicia*.

Para iso, nos seguintes apartados realízase unha previsión das principais masas financeiras dos recursos da comunidade autónoma.

2.1. Recursos de contabilidade nacional para o límite de gasto non financeiro

O escenario de ingresos realízase en termos de contabilidade nacional. Deste xeito, os recursos dispoñibles que determinan o límite de gasto non financeiro dependen da combinación de tres factores, que non sempre achegan recursos adicionais respecto ao ano anterior:

- i. A evolución dos ingresos non financeiros.
- ii. O obxectivo de estabilidade orzamentaria, que suporá maiores recursos cando o obxectivo sexa de déficit ou menores recursos cando sexa de superávit. Dito obxectivo determínase como a capacidade ou necesidade de financiamento en termos de contabilidade nacional, expresada coma unha porcentaxe do PIB nominal da comunidade autónoma.
- iii. Os axustes de contabilidade nacional sobre as previsións orzamentarias anteriores. Estes serán positivos cando o seu saldo neto im-



plica maiores recursos ou menores empregos sobre o cálculo orzamentario inicial, e negativos, cando a aplicación neta das normas de contabilidade nacional implica maiores gastos ou menores recursos que non se reflicten no cálculo orzamentario.

As estimacións que se recollen nos apartados seguintes deste informe parten dunha análise da recadación do terceiro trimestre do ano 2023 comparado co orzamento inicial. Os datos reflicten como a recadación do terceiro trimestre acada un 101,20 % das previsións para ese período. Estanse por tanto a cumprir con normalidade as previsións incluídas nos orzamentos do 2023. Efectivamente, o cumprimento das previsións contidas nos orzamentos do ano 2023 tal e como se reflicte no cadro seguinte, son as que nos permiten facer unhas estimacións prudentes para este ano 2024.

Millóns de euros	Grao cumprimento previsións 2023			
	Orzamento inicial	Previsión recaudación terceiro trimestre	Recaudación a 30-09-2023	% recaudación sobre Previsión terceiro trimestre
Capítulo Ingresos				
Impostos directos	3.356	2.581	2.606	100,97%
Impostos indirectos	3.819	2.843	2.898	101,92%
Taxa, prezos e outros ingresos	172	129	116	89,92%
Total	7.347	5.553	5.620	101,20%

Nota: As previsións de recadación do terceiro trimestre recollen o impacto da liquidación do sistema de financiamento posto que o súa imputación prodúcese no mes de xullo.

i) Evolución dos ingresos non financeiros

A composición dos ingresos non financeiros ven determinada polos seguintes grandes agregados segundo a fonte do ingreso:

- Ingresos do sistema de financiamento autonómico:**

A partida que dentro do total de recursos non financeiros de Galicia ten maior importancia é a dos recursos procedentes do sistema de financiamento, xa que con carácter xeral supoñen en torno ao 80% dos ingresos non financeiros totais. Non obstante, nestes últimos exercicios a súa importancia acadou valores menores, no contorno do 70 e o 75 por cento, motivado pola importante achega de recursos extraordinarios á facenda galega para combater os diferentes *shocks* destes últimos exercicios. En efecto, a crise derivada da pandemia, a elevación dos





prezos da enerxía e o conflito de Ucraína, determinaron un importante apoio financeiro dende institucións nacionais e europeas, xunto coa posibilidade de recorrer ao endebedamento, motivada pola suspensión das regras fiscais, explican a perda de peso do sistema de financiamento na súa achega ao límite de gasto non financeiro. No ano 2024 o modelo recupera a súa importancia ao acadar o 76,6%, o que determina unha mellora significativa na súa achega ao gasto non financeiro.

O cálculo dos recursos do sistema de financiamento recóllese no límite de gasto non financeiro en base ás estimacións efectuadas polos servizos da Consellería de Facenda e Administración Pública ante a falta da comunicación provisional dos recursos do sistema de financiamento do Ministerio de Hacienda e Función Pública.

Para o ano 2024, o total de recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico increméntanse nun 8,6% respecto aos importes consignados por estas partidas no Orzamento do ano anterior. Esta evolución deriva do efecto combinado do cálculo das entregas a conta, da liquidación positiva do exercicio 2022 e do pago das contías adiadas das liquidacións negativas de 2008 e 2009.

Millóns de euros

FONTES FINANCIAMENTO	Orzamento	Límite de Gasto	Variación	
	2023	2024	Absoluta	%
Recursos Sistema Financiamiento	9.402	10.206	804	8,6%
- Entregas a conta	8.788	9.123	335	3,8%
- Liquidación ano n-2	698	1.167	469	67,2%
- Liquidacións anos 2008-2009	-85	-85	0	0,0%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Así, ante as incertezas existentes pola falta de comunicación das entregas a conta do sistema de financiación autonómica por parte do Goberno do Estado, efectúase unha previsión prudente das mesmas acadando unha variación porcentual dun 3,8%.

A medidas constantes, e tendo en conta as elasticidades e a análise macroeconómica contida na primeira parte deste informe, elaboráronse tres escenarios de estimación das entregas a conta para o ano 2024, sendo o escenario intermedio o que se está a ter en conta.





Impacto nas finanzas autonómicas das medidas do lexislador estatal

Dende o ano 2020 a Administración Xeral do Estado adoptou diversas medidas en materia tributaria sobre impostos nos que as CCAA temos unha participación no seu rendemento. Estas medidas supuxeron un aforro importante ás familias para mitigar a diminución da renda dispoñible ocasionada polo proceso inflacionario que estamos a vivir. As CCAA vamos a asumir unha parte moi importante do seu custe, dimanante dunha decisión discrecional do Estado. Con todo, o Goberno galego comparte a necesidade destas medidas dada a evolución dos prezos, especialmente da enerxía, na economía española.

No seu conxunto o impacto acumulado das medidas do lexislador estatal no período 2021-2023 na recadación tributaria acada uns 10.263 millóns de euros, sen prexuízo de que as cantidades para o ano 2023 poden sufrir variacións ao ser estimacións, mentres que os datos para os anos 2021 e 2022 se corresponden con datos definitivos facilitados pola AEAT nos informes anuais de recadación destes exercicios.

Impacto Recadatorio total AAPP				Millóns de €
Medidas	2021	2022	2023 Estimación	Total
Rebaixa tipo IVA en Electricidade	509	1.313	1.860	3.682
Rebaixa IIEE sobre a Electricidade	336	1.705	2.041	4.082
Rebaixa tipo IVA en Gas, madeira e pellets		219	840	1.059
Rebaixa IVA alimentos			1.440	1.440
Total	845	3.237	6.181	10.263

Fonte: Consellería de Facenda e AAPP e AEAT informes recadación

Do total do impacto na recadación tributaria de 10.263 Millóns de euros, e tendo en conta as distintas porcentaxes de cesión, do 50% no IVE e do 100% no IIEE sobre a electricidade, determinan un impacto acumulado nas finanzas autonómicas duns 7.173 millóns de euros.

Polo tanto, as CCAA estamos a financiar nun 70% o custe destas medidas, sen recibir ningún tipo de compensación por parte do lexislador estatal que soamente soporta o 30% do seu custe





Impacto recadatorio total CCAA				Millóns de €
Medidas	2021	2022	2023 Estimación	Total
Rebaixa tipo IVA en Electricidade	255	657	930	1.841
Rebaixa IIEE sobre a Electricidade	336	1.705	2.041	4.082
Rebaixa tipo IVA en Gas, madeira e pellets		110	420	530
Rebaixa IVA alimentos			720	720
Total	591	2.471	4.111	7.173

Fonte: Consellería de Facenda e AAPP e AEAT informes recadación

Polo que respecta ao impacto destas medidas na Facenda Galega, de acordo coas nosas estimacións, o seu impacto acumulado durante o período 2021-2023, acada os 485,8 millóns de euros.

				Millóns €
Medidas	2021	2022	2023	Total
Rebaixa tipo IVA en Electricidade	14,7	37,8	53,6	106,1
Rebaixa IIEE sobre a Electricidade	25,3	128,5	153,8	307,7
Rebaixa tipo IVA en Gas, madeira e pellets		6,3	24,2	30,5
Rebaixa IVA alimentos			41,5	41,5
Total	40,0	172,7	273,2	485,8

Fonte: Consellería de Facenda e AAPP, AEAT informes recadación e Informes Liquidación sistema financiación

En canto á liquidación do ano 2022, a estimación provisional efectuada por esta comunidade, tamén ante a falta de comunicación do seu importe polo Ministerio de Hacienda e Función Pública, é dunha liquidación positiva por importe de 1.167 M€, motivada polo bo comportamento da recadación tributaria moi por riba do estimado inicialmente, determinante de importantes liquidacións positivas dos distintos recursos do modelo, agás os correspondentes aos IIEE de fabricación que sofren liquidacións negativas.

Neste sentido, a previsión de liquidación baséase en datos publicados oficialmente. Así, segundo os datos do informe de recadación anual da AEAT, a recadación total do ano 2022 por IRPF, IVE e IIEE foi de 212.304 M€, un 13,7% superior á do ano anterior (que acadou os 186.773 M€), destacando especialmente o incremento do 15,8% do IRPF e do 13,9% do IVE. Cómpre salientar como as previsións de recadación incluídas nos Orzamentos do Estado para o ano 2022, recollían un incremento da recadación esperada do IRPF, do IVE e dos IIEE do 5,9%, do 4,3% e do 10,8% respectivamente, moi inferiores á evolución da recadación




definitiva do ano 2022. Este exceso de recadación sobre as previsións contidas nos PGE do ano 2022, como consecuencia do esquema de funcionamento do sistema de financiamento autonómico de entregas a conta e liquidación aos dous anos, determina que no ano 2024 as CCAA recibirán unha importante liquidación positiva extraordinaria polo exceso de recadación xerado no 2022.

Por último é preciso axustar a liquidación anual do sistema de financiamento como consecuencia do adiamento da devolución das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009 (-84,8 M€ despois do acordo adoptado polo pleno do Consello de Política Fiscal e Financeira celebrado o 31 de xullo de 2014 consistente en adiar ata 240 mensualidades adicionais a devolución das mencionadas liquidacións).

Polo tanto, o saldo total da liquidación de anos anteriores do sistema de financiamento ascendería no exercicio orzamentario 2024 ata os 1.083 millóns de euros.

Galicia. Entregas a conta e liquidacións do SFA e variación do PIB.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

• **Recursos propios non financeiros da comunidade autónoma:**

Estes confórmanse polos tributos cedidos xestionados pola Xunta, os tributos propios, os prezos públicos e privados e os ingresos patrimoniais; o seu importe diminúe nun 2% respecto aos orzamentos do ano 2023.





Cómpre salientar que a cifra dos recursos propios non financeiros vese afectada polo cambio normativo introducido na disposición adicional sexta da lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, sobre o artigo 80 do Decreto Legislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia⁶, de xeito que neste importe se recollen unicamente as anulacións daqueles dereitos recoñecidos que non sexan exhibibles en virtude de aprazamentos ou fraccionamentos, polo que resulta preciso homoxeneizar os datos con respecto ao ano anterior. (Ver explicacións no cadro seguinte)

⁶ Como consecuencia da modificación prevista no artigo 80.2 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, os dereitos dados de baixa ao peche do exercicio orzamentario 2022 deberán ser obxecto de inclusión nas contas do exercicio 2023.





ANÁLISE HOMOXENEIZADO DO TEITO DE GASTO DO ANO 2023 TENDO EN CONTA A MODIFICACION NO ARTIGO 80 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE RÉXIME FINANCEIRO E ORZAMENTARIO DE GALICIA

Na análise dos recursos propios non financeiros da comunidade autónoma é importante salientar o impacto que ten a modificación normativa do artigo 80 do Decreto Lexislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, introducida pola Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Esta modificación normativa obedeceu ás recomendacións da Airef para garantir a homoxeneidade na análise das contas das diferentes comunidades autónomas.

A regulación anterior determinaba que no peche do exercicio dábanse de baixa nos estados de ingresos os dereitos liquidados que non foran exixibles en virtude de aprazamentos, fraccionamentos, de moratorias legalmente concedidas así como os que se atopan dentro do prazo legal para realizar o ingreso en período voluntario. O cambio introducido determina unha minoración das anulacións no peche do exercicio, ao dar de baixa unicamente os dereitos que non sexan exixibles en virtude de aprazamentos ou fraccionamentos.

Esta nova forma de proceder determina que as previsións de dereitos liquidados nos exercicios 2023 e 2024 veranse afectadas ao alza por esta nova forma de imputación de ingresos.

Non obstante, estes maiores ingresos non determinarán unha maior capacidade de gasto para a comunidade, xa que de acordo coas normas do SEC-2010 practícase un axuste negativo de contabilidade nacional polo importe da recadación incerta, que é a diferenza entre o importe da recadación líquida e o importe dos dereitos recoñecidos netos, polo que en conxunto o seu impacto é neutro no teito de gasto.

En definitiva, mentres que coa anterior normativa se imputaban uns menores ingresos ao peche do exercicio, e practicábase un axuste negativo menor por recadación incerta, agora coa nova normativa imputaranse uns maiores ingresos ao peche, pero que se compensan cun maior axuste negativo por recadación incerta.



Así, mentres no ano 2023 cuantificouse o axuste por recadación incerta, coa normativa anterior, en 40 millóns de euros, coa nova regulación dito axuste elevaríanse ata os 80 millóns de euros, pero sen afectar á capacidade de gasto do ano 2023, e acadando dito axuste no ano 2024 os 48 millóns de euros, segundo o cadro adxunto.

FONTES FINANCIAMENTO	Orzamento 2023	Orzamento 2023 Homoxeneo	Límite de Gasto 2024	Var. 2024-2023 Homox.	
				Absoluta	%
- Outros recursos non financeiros	938	978	919	-59	-6,0%
- Axustes por recadación incerta	-40	-80	-48	32	-40,0%
Capacidade de Gasto	898	898	871	-27	-3,0%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

En efecto, tendo en conta este cambio normativo, o impacto sobre o orzamento 2023 sería nulo, quedando a capacidade de gasto en 12.620 millóns de euros, unha vez homoxeneizados os ingresos non financeiros e os axustes de contabilidade nacional por recadación incerta en virtude da nova regulación do artigo 80 do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Millóns de euros

FONTES FINANCIAMENTO	Orzamento 2023	Orzamento 2023 Homoxeneo	Variación	
			Absoluta	%
- Recursos sistema de financiamento	9.402	9.402	0	0,0%
- Outros recursos non financeiros	938	978	40	4,3%
- Fondos finalistas doutras administracións	2.159	2.159	0	0,0%
TOTAL RECURSOS NON FINANCIEROS	12.499	12.539	40	0,3%
- Capacidade ou necesidade de financiamento	181	181	0	0,0%
- Axustes de contabilidade nacional	-59	-99	-40	67,8%
LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO	12.620	12.620	0	0,0%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Polo tanto, a análise da variación que experimentarán para o próximo ano os ingresos dos tributos propios debe facerse en termos homoxéneos.

Adicionalmente, estas previsións xa están reflectindo o impacto das bonificacións fiscais que se recollerán nos orzamentos para 2024.





No que respecta aos tributos totalmente cedidos, o Imposto sobre sucesións e doazóns, se comparamos o importe do ano 2024 co importe do 2023 homoxeneizado segundo a norma contable o incremento sería case dun 1%, que responde á mellora das previsións de peche na recadación.

Polo que respecta ao Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, a comparativa co respecto ao orzamento 2023 homoxeneizado é negativa (cunha caída de máis dun 15%), que obedece, ademais de aos novos beneficios fiscais, á atonía do mercado inmobiliario que xa se está a producir no ano 2023, e cuxo efecto se manterá durante o ano 2024 por mor dunha esperada evolución negativa do mercado inmobiliario e dos prezos, afectado polo endurecemento das condicións financeiras das hipotecas.

Polo que respecta ao resto dos tributos taxas fiscais sobre o xogo, canon eólico, ICA, IDMAE- en xeral son impostos moi estables, que non sofren apenas variacións con respecto ao ano pasado en termos homoxéneos, prevéndose incrementos na recadación cedida do Imposto estatal sobre actividades do xogo (11%) que se axusta á realidade da evolución da recadación producida no que vai do 2023 e na do Imposto de matriculación (IEDMT) (2%), consecuencia da evolución esperada do mercado de vehículos.

- **Transferencias finalistas doutras administracións:**

Neste apartado, no que se inclúen fundamentalmente as transferencias finalistas que proceden da Administración Xeral do Estado e dos Fondos Europeos, amósase unha cifra superior á do ano 2023, acadando os 2.201 millóns de euros no 2024 fronte os 2.159 do ano 2023.

No que atinxe aos fondos europeos estímanse para o ano 2024 en 1.288,7 millóns de euros, fronte a 1.375,7 millóns de euros no ano 2023, o que supón unha diminución dun 6,3%. Isto débese fundamentalmente á desaparición no ano 2024 dos recursos adicionais procedentes do instrumento REACT-EU, que no ano 2023 acadaron os 180 millóns de euros compensados parcialmente pola inclusión dunha anualidade completa dos fondos do marco financeiro plurianual 21-27.



No que atinxe ao financiamento finalista do Estado, este increméntanse nun 16,8 % respecto ao exercicio anterior, fundamentalmente polos seguintes motivos:

- Polo aumento das achegas por persoa beneficiaria do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) derivado do "Plan de Choque para o impulso do Sistema para á Autonomía e Atención á Dependencia" e que obedece ao aumento do número de persoas atendidas.
Porén, o Estado segue lonxe de cubrir o 50% do custe da dependencia para as Comunidades autónomas ao que está obrigado pola Lei de Dependencia. Esta fenda de financiamento estase a ampliar coa recente aprobación do Real Decreto 675/2023 polo que se modifica o Real Decreto 1051/2013, de 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do SAAD, que obriga a reforzar os servizos e prestacións ás persoas atendidas sen achegar o financiamento adicional estatal.
- Polo aumento no ámbito educativo de 22,4 millóns de euros e pola repartición dos fondos de emprego para a atención das persoas beneficiarias do Programa de Activación para o Emprego, segundo as cantidades distribuídas para Galicia segundo a Orde TES/630/2023, do 14 de xuño, pola que se distribúen territorialmente para o exercicio económico do 2023, así como tamén as achegas do Pacto pola violencia de xénero que aumentan 3 Millóns.

De seguido detállase a evolución estimada dos recursos non financeiros durante o período 2023-2024.

Millóns de euros

FONTES FINANCIAMENTO	Orzamento	Límite de Gasto	Variación	
	2023	2024	Absoluta	%
- Recursos sistema de financiamento	9.402	10.206	804	8,6%
- Outros recursos non financeiros	938	919	-19	-2,0%
- Fondos finalistas doutras administracións	2.159	2.201	42	1,9%
TOTAL RECURSOS NON FINANCIEROS	12.499	13.326	827	6,6%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública



ii) Obxectivo de déficit.

A Comisión Europea xa indicou que para o ano 2024 producirase a desaparición da "cláusula xeral de salvagarda" do Pacto de Estabilidade e Crecemento, retomándose no ano 2024 as regras fiscais. Porén, a non celebración do Consello de Política Fiscal e Financeira no que se acorda o obxectivo de estabilidade e de débeda e a taxa de variación da regra de gasto que deben respectar as contas autonómicas do ano 2024, introducen novas incertezas na elaboración das contas para o ano 2024.

Neste sentido, o programa de Estabilidade 2023-2026 remitido polo Goberno de España ás institucións europeas, reflicte un déficit cero para as comunidades autónomas no ano 2024, eliminando a posibilidade de recorrer ao endebedamento como fonte de financiamento, sendo esta a referencia que tomará Galicia para a elaboración dos seus Orzamentos.

Como xa indicamos é mais necesario que nunca o compromiso con planes fiscais a medio prazo cribles e sostibles, que contribúan a unha redución plausible e continua da débeda pública, que garantan a súa sustentabilidade e así trazar o camiño cara a reconstitución das reservas fiscais que permitan xerar marxes de manobra para actuar ante novos *shocks* económicos adversos. Así mesmo o aumento dos custos financeiros derivados do endurecemento da política monetaria do BCE determinan un incremento importante da carga financeira, polo que un uso do endebedamento neste exercicio afectaría negativamente á capacidade de gasto nos vindeiros exercicios limitando a capacidade de resposta desta Comunidade Autónoma.

Todo isto aconsella o inicio dun camiño de consolidación fiscal da débeda nacional. Porén o reparto do obxectivo de déficit do 3% incluído polo Goberno de España no Programa de Estabilidade enviado ás institucións europeas, non pode facerse de xeito que non considere o impacto que ten nas contas das comunidades autónomas o gasto preciso para o mantemento dos servizos públicos fundamentais; tal reparto, debería tomar como referencia a lo menos o peso no gasto público consolidado de cada nivel de administración .





Cuadro 3.1. Saldo de las AAPP en 2022

% del PIB

	2021	2022
Administración Central	-6,11	-3,09
Comunidades Autónomas	-0,05	-1,14
Corporaciones Locales	0,29	-0,12
Seguridad Social	-1,00	-0,45
Total Administraciones Públicas	-6,87	-4,81
<i>Saldo neto de las ayudas financieras</i>	<i>-0,10</i>	<i>-0,07</i>
Total Administraciones Públicas (1)	-6,77	-4,73

(1) Sin el saldo neto de las ayudas financieras.

Fuente: Ministerio de Hacienda y Función Pública

Cuadro 3.11. Proyecciones presupuestarias

		SIN MRR				
	2022	2022	2023	2024	2025	2026
	Nivel (mill. de euros)	% del PIB				
Capacidad de Financiación						
1. Total Administraciones Públicas (*)	-63.776	-4,8	-3,9	-3,0	-2,7	-2,5
1a. Sin gastos de reestructuración bancaria	-62.809	-4,7	-	-	-	-
2. Administración Central (*)	-41.058	-3,1	-3,1	-3,0	-2,8	-2,8
3. Comunidades Autónomas	-15.085	-1,1	-0,3	0,0	0,1	0,1
4. Corporaciones Locales	-1.647	-0,1	0,0	0,2	0,1	0,2
5. Administraciones de Seguridad Social	-5.986	-0,5	-0,5	-0,2	-0,1	0,0

Tal e como figura no cadro anterior, tomamos o único dato oficial ao respecto e para 2024 a Comunidade Autónoma de Galicia fixa como referencia o obxectivo establecido para as CCAA no programa de estabilidade e non recorrerá ao endebedamento como fonte de financiamento.

Polo tanto desaparecen como recursos extraordinarios do ano 2024 o endebedamento, o que supón 181 millóns de euros menos que nos orzamentos do ano 2023.



iii) **Axustes de contabilidade nacional**

Por último, para conformar o límite de gasto, hai que ter en conta os posibles axustes que se deben aplicar sobre as dispoñibilidades financeiras determinadas ata o de agora, pola posible diferenza na súa consideración como gasto ou ingreso orzamentario e como emprego ou recurso en termos de contabilidade nacional, que é como se calcula o déficit ou o superávit en cada exercicio.

O sistema europeo de contas (en diante SEC-2010) é un sistema de Contabilidade Nacional e *"constitúe un marco contable comparable a escala internacional, coa finalidade de realizar unha descrición sistemática e polo miúdo dunha economía no seu conxunto, dos seus compoñentes e das súas relacións con outras economías"*. O SEC-2010 non é daquela un sistema directamente aplicable ao orzamento das administracións públicas nin á contabilidade patrimonial de partida dobre. Pero si que deberá empregarse para poder definir a capacidade ou necesidade de financiamento e, por tanto, deberán terse en conta os seus criterios para calculala.

O obxectivo de estabilidade orzamentaria debe cumprirse tanto na fase de elaboración e aprobación do orzamento como na súa fase de execución. É por isto polo que o proceso de orzamentación debe planificarse non só en termos de contabilidade orzamentaria, senón tamén en termos de contabilidade nacional.

Isto significa que deben terse en conta por anticipado na elaboración dos orzamentos, os axustes positivos e negativos que se estima experimentarán os ingresos e os gastos pola aplicación de criterios SEC-2010, obtendo, desta forma, o límite de gasto non financeiro en termos de contabilidade nacional. Pretender o equilibrio en termos de estabilidade a partires da simple igualdade dos capítulos non financeiros do orzamento, sen ter en conta a priori os axustes que provocan os criterios de contabilidade nacional, nos ingresos e nos gastos, implica desviacións no resultado da liquidación neses mesmos termos.

Existen dous grandes grupos de criterios que caracterizan o SEC-2010 fronte ao orzamento administrativo:

Un primeiro grupo de criterios que explican a delimitación do sector público e permiten, por tanto, clasificar, ou non, os entes nos que participa a Xunta de Galicia dentro do sector público autonómico (e polo tanto, dentro do perímetro de consolidación en termos SEC-2010). Estes criterios aparecen



descritos no apartado de ámbito subxectivo de cada lei de orzamentos da comunidade autónoma.

Un segundo grupo, son os criterios estritamente contables para calcular a capacidade ou necesidade de financiamento. Estes, a efectos prácticos, derivan nunha serie de axustes a realizar sobre a contabilidade orzamentaria ou administrativa co fin de reflectir a capacidade ou necesidade de financiamento dun sector en termos de contabilidade nacional.

Os axustes tidos en conta para a elaboración do límite de gasto foron os seguintes:

1. A recadación incerta, que é a diferenza entre o importe da recadación líquida, tanto a derivada do exercicio corrente como dos exercicios anteriores, dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos e o importe dos dereitos recoñecidos netos procedente de ditos capítulos. Como comentamos anteriormente este axuste increméntase con respecto a exercicios anteriores motivado pola modificación do artigo 80 do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, introducida pola Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. (Ver explicación no cadro anterior)
2. As achegas de capital. Considéranse gasto non financeiro os importes das achegas de capital realizadas a entidades do sector público autonómico. A máis importante é a correspondente ao financiamento da CRTVG. Tamén considéranse gasto non financeiro as achegas ás fundacións do sector público autonómico.
3. Os axustes por execución de avais. Recolle o importe das contías avaladas pola comunidade autónoma, declaradas fallidas e que se pagan con cargo ao fondo de garantía de avais que se instrumenta orzamentariamente como un gasto financeiro (en concreto, a través dunha aplicación do capítulo VIII).
4. As estradas por concesión. En contabilidade nacional as estradas por concesión son gasto no momento en que o concesionario realiza o investimento. De xeito que unha vez terminada a estrada, a medida que a Xunta paga o correspondente canon, mediante o que se amortiza a estrada, realízase un axuste positivo ao ser un gasto xa computado na súa integridade no intre do investimento.



5. Como maior ingreso recóllese o axuste debido ao reintegro da anualidade das contías aprazadas por mor das liquidacións negativas do sistema de financiamento autonómico dos anos 2008 e 2009.

Debe terse en conta que tan só se recollen neste momento os axustes que se poden estimar a priori. Ademais, de cara á elaboración da envolvente financeira, desbótanse aqueles que teñen carácter puntual ou son pouco representativos.

Os axustes de contabilidade nacional estímáanse en -69 millóns de euros para o 2024, que equivalen a máis gasto non financeiro nesa contía. O incremento estimado nesta partida débese, principalmente, ao efecto do aumento na recadación incerta xa comentado.

2.2. Límite de gasto non financeiro do orzamento consolidado

Segundo establece o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia, unha vez aprobado o obxectivo de estabilidade do artigo 4.1, o Consello da Xunta acordará o límite máximo de gasto non financeiro dos Orzamentos xerais da comunidade autónoma. Este acordo remitirase ao Parlamento de Galicia para a súa aprobación, xunto co presente informe.

O límite de gasto será coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto establecida nas normas de estabilidade orzamentaria.

O Consello da Xunta ven de aprobar o límite de gasto non financeiro da comunidade autónoma de Galicia para 2024, fixándoo en 13.257 millóns de euros, sendo este un paso clave para a elaboración dos orzamentos da comunidade autónoma do vindeiro exercicio.

As contas de 2024 se orientarán a desenvolver as liñas de actuación encamiñadas a reforzar os servizos públicos, en especial a política social e o apoio ás persoas máis vulnerables, e a impulsar a actividade económica e o emprego, en especial no sector industrial, para consolidar un crecemento sostido co impulso de proxectos transformadores que acelere a transición enerxética, e partindo da estratexia Next Generation Galicia e do Plan estratéxico de Galicia, baseados no crecemento sostible e cohesión social e territorialmente, profundando na innovación e no coñecemento como vías de desenvolvemento da nosa comunidade autónoma.





Para acadar os anteriores obxectivos priorizaranse os seguintes criterios asignativos nos orzamentos:

1. En primeiro lugar, modernizar e mellorar a prestación do sistema galego do benestar actuando sobre uns servizos que garantan a accesibilidade en todo o territorio galego ás prestacións dos servizos sociais, diversificando as actuacións ofertadas en función das necesidades detectadas, dedicando unha especial atención ás persoas maiores. Seguiremos a apoiar aos colectivos máis vulnerables mediante o despregamento de actuacións públicas coordinadas co obxectivo último de incidir sobre os niveis de desigualdade da economía e sobre as vulnerabilidades ás que están expostos.
2. En segundo lugar, proseguir coa mellora do resto dos servizos públicos como instrumento básico de solidariedade e redistribución, en especial no eido sanitario cunha política ampla de investimentos dotando a sanidade pública en equipos, infraestruturas e medios que garantan unha cobertura sanitaria de calidade que incida na mellora da saúde da poboación galega. Así mesmo, no eido educativo despregaranse investimentos sociais que contribúan á formación e á igualdade de oportunidades, mediante una administración educativa moderna, dinámica e innovadora, cunha aposta decidida na educación dixital e as novas metodoloxías, e na mellora e diversificación da formación profesional, de xeito que os centros educativos e empresas desenvolvan de forma conxunta proxectos de innovación, favorecendo o máximo desenvolvemento das capacidades e a súa adaptación á realidade socioeconómica, contribuíndo á mellora continua da calidade da formación e da empregabilidade. E nesta liña, aumentar as posibilidades de integración no mercado laboral mediante o desenvolvemento de itinerarios de inserción sociolaboral especializados. Todo iso sen esquecer a necesidade de desenvolver políticas no ámbito da vivenda, medioambientais, e no sector turístico e no fortalecemento do sector primario como panca de crecemento e instrumento de cohesión territorial, acompañadas con medidas tendentes a superar o complexo reto demográfico que temos por diante, como a Estratexia Retorna que fai do «retorno» unha oportunidade que posibilita a mellora tanto da competitividade e produtividade do tecido empresarial como das condicións laborais e a calidade de vida.





3. En terceiro lugar, impulsar o crecemento potencial da economía mediante a promoción de proxectos transformadores da nosa estrutura económica e que acelere e aproveite os dividendos das transicións verde e dixital e impulse as fontes de enerxía limpas, aproveitando os recursos procedentes do Fondo de Transición Xusta en aplicación do Pacto Verde Europeo, do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia de Next Generation EU e do novo marco operativo de fondos europeos 2021-2027 dedicados a esta finalidade.
4. En cuarto lugar, consolidar un crecemento sostido mediante o impulso de investimentos estruturais precisos para contar cun tecido industrial máis moderno, produtivo, sostible, e competitivo no marco dunha economía global e conectada; continuar desenvolvendo unha industria intelixente e que aposte pola diferenciación en base ao compoñente tecnolóxico, a calidade e o deseño, e acompañado con actuacións que teñan por obxecto impulsar un tecido empresarial de máis tamaño, máis internacionalizado e con produtos e mercados diversificados.

Por tanto, o alto nivel cuantitativo dos límites de gasto non debe facer esquecer que os recursos deben orientarse de xeito prioritario a manter o esforzo nos investimentos produtivos que se realizaron en exercicios anteriores financiados cos recursos do Fondos Next Generation. Tamén o mantemento da prestación con garantías dos servizos socio-sanitarios e educativos, tentando evitar a consolidación de gasto corrente e improdutivo, limitando o crecemento dos consumos para garantir a prestación dun servizo público de calidade rexido baixo os principios de eficiencia, eficacia e economía.

En liña co sinalado, o límite de gasto non financeiro para 2024 mantense nuns niveis altos, acadando os 13.257 millóns de euros, por enriba dos 12.620 millóns do presente exercicio. Sen embargo, a estrutura de financiamento non é comparable á do ano precedente, por diversos motivos:

- O límite de gasto non financeiro para 2024 recolle a desaparición dos fondos europeos do anterior marco 2014-2020, e especialmente da minoración dos recursos do REACT da UE por importe de 145 millóns e 180 millóns de euros respectivamente.



- Prodúcese un esforzo na senda de redución do déficit, pasando do 0,3% ao 0 % do PIB, o que supón 181 millóns de euros menos que no ano 2023.
- O sistema de financiamento vai ter unha importante liquidación positiva correspondente ao ano 2022, cuantificada ao redor de 1.167 millóns de euros, o que supón 469 millóns de euros máis que a prevista no 2023.

Por tanto, endebedamento cero, menos recursos europeos pero máis recursos propios.

Millóns de euros

FONTES FINANCIAMENTO	Orzamento	Límite de Gasto	Variación	
	2023	2024	Absoluta	%
- Recursos sistema de financiamento	9.402	10.206	804	8,6%
- Outros recursos non financeiros	938	919	-19	-2,0%
- Fondos finalistas doutras administracións	2.159	2.201	42	1,9%
TOTAL RECURSOS NON FINANCIEROS	12.499	13.326	827	6,6%
- Capacidade ou necesidade de financiamento	181	0	-181	-100,0%
- Axustes de contabilidade nacional	-59	-69	-10	16,9%
LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO	12.620	13.257	637	5,0%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Así, tendo en conta a evolución unicamente dos recursos non finalistas, e por tanto, sen ter en conta o efecto dos recursos procedentes da UE e doutras administracións, o límite de gasto non financeiro rexistra un aumento de 594 millóns de euros, un 5,7% máis que no 2023, segundo o cadro seguinte.

Millóns de euros

FONTES FINANCIAMENTO	Orzamento	Límite de Gasto	Variación	
	2023	2024	Absoluta	%
- Recursos sistema de financiamento	9.402	10.206	804	8,6%
- Outros recursos non financeiros	938	919	-19	-2,0%
- Capacidade ou necesidade de financiamento	181	0	-181	-100,0%
- Axustes de contabilidade nacional	-59	-69	-10	16,9%
Límite de Gastos sin Fondos Finalistas	10.462	11.056	594	5,7%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

No que atinxe ao marco plurianual, malia que a medio prazo debe confirmarse unha nova senda de consolidación, a evolución dos recursos pasa por unha



estabilización dos recursos do sistema de financiamento autonómico e o fin dos fondos Next Generation xunto coa programación do novo marco financeiro plurianual de fondos estruturais e de investimento europeos que permiten amosar unha evolución financeira sostida no tempo.

Millóns de euros

FONTES FINANCIAMENTO	Orzamento 2023	Límite de Gasto 2024	Previsión 2025	Previsión 2026	Variación %		
					2024-2023	2025-2024	2026-2025
- Recursos sistema de financiamento	9.402	10.206	10.300	10.415	8,6%	0,9%	1,1%
- Outros recursos non financeiros	938	919	931	943	-2,0%	1,3%	1,3%
- Fondos finalistas doutras administracións	2.159	2.201	1.827	1.591	1,9%	-17,0%	-12,9%
TOTAL RECURSOS NON FINANCIEROS	12.499	13.326	13.058	12.949	6,6%	-2,0%	-0,8%
- Capacidade ou necesidade de financiamento	181	0	-81	-84,1	-100,0%	-	3,6%
- Axustes de contabilidade nacional	-59	-69	-70	-71	16,9%	1,4%	1,4%
LIMITE DE GASTO NON FINANCIERO	12.620	13.257	12.907	12.793	5,0%	-2,6%	-0,9%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

IMPACTO DOS FONDOS NEXT GENERATION: MRR E FONDOS REACT-UE

Cómpre analizar o impacto no marco financeiro plurianual para os anos 2024-2025-2026 da desaparición dos recursos procedentes do REACT-UE e da paulatina minoración dos recursos procedentes do MRR.


A envolvente financeira destes recursos no período 2021-2026 se reflicte no seguinte cadro adxunto, amosando nos próximos exercicios unha menor absorción destes recursos afectando negativamente á evolución orzamentaria.

Millóns de €

Fondos	ORZAMENTO 2021	ORZAMENTO 2022	ORZAMENTO 2023	TEITO GASTO 2024	PREVISIÓN 2025	PREVISIÓN 2026	TOTAL
- MRR	0	508	527	508	300	50	1.893
- REACT	430	249	180				858
Total	430	757	707	508	300	50	2.751

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública





Así, os fondos REACT-UE deben estar completamente executados a 31 de decembro do 2023, o que motiva a súa non inclusión no teito de gasto para o ano 2024 e a conseguinte diminución de ingresos finalistas en 180 millóns de euros. E no que atinxe ao MRR permanece estable cunha leve minoración dun 3,6%.

Descontando o efecto destas minoracións dos fondos da UE (MRR-REACT-UE), o límite do gasto non financeiro para o ano 2024 acadaría un crecemento do 7% fronte o 5% determinado neste informe.

Millóns de euros

FONTES FINANCIAMENTO	Orzamento 2023	Límite de Gasto 2024	Previsión 2025	Previsión 2026	Variación %		
- Recursos sistema de financiamento	9.402	10.206	10.300	10.415	8,6%	0,9%	1,1%
- Outros recursos non financeiros	938	919	931	943	-2,0%	1,3%	1,3%
- Fondos finalistas doutras administracións*	1.452	1.693	1.527	1.541	16,6%	-9,8%	0,9%
TOTAL RECURSOS NON FINANCIEROS	11.792	12.818	12.758	12.899	8,7%	-0,5%	1,1%
- Capacidade ou necesidade de financiamento	181	0	-81	-84,1	-100,0%	-	3,6%
- Axustes de contabilidade nacional	-59	-69	-70	-71	16,9%	1,4%	1,4%
LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO	11.914	12.749	12.607	12.743	7,0%	-1,1%	1,1%

* sen incluír REACT nin MRR

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

En canto aos anos 2025 e 2026, ademais da desaparición dos fondos REACT-UE, os fondos MRR redúcense case na súa totalidade, pasando dos 508 millóns de euros previstos para o ano 2024 a unha estimación para o ano 2026 de 50 millóns de euros.

Polo que se descontamos os fondos europeos extraordinarios a senda de recursos dispoñibles pola Comunidade autónoma de Galicia durante os próximos 3 anos vai permanecer estable.



Anexo I. Metodoloxía para a obtención do saldo cíclico.

Para obter o saldo cíclico da economía galega utilizamos a metodoloxía establecida polo Ministerio de Economía, que segue a da Comisión Europea⁷, que usa a semi-elasticidade para o cálculo do saldo orzamentario axustado do ciclo.

No capítulo dous do documento da Comisión derívanse as fórmulas para o cálculo da semi-elasticidade; son as seguintes:

$$\text{Semi-elasticidade} = \varepsilon = \frac{d(B/Y)}{\frac{dY}{Y}} = \frac{\frac{dB}{dY}Y - \frac{dY}{dY}B}{\frac{Y^2}{Y}} = \frac{dB}{dY} - \frac{B}{Y} \quad (1)$$

Onde B é o saldo orzamentario e Y o produto interior bruto

A partir desta formulación e utilizando un argumento similar descomponse esta semi-elasticidade nunha compoñente de ingresos e outra de gastos, do seguinte xeito:

$$\begin{aligned} \text{Semi-elasticidade} = \varepsilon &= \frac{d(R/Y)}{\frac{dY}{Y}} - \frac{d(G/Y)}{\frac{dY}{Y}} = \frac{\frac{dR}{dY}Y - \frac{dY}{dY}R}{\frac{Y^2}{Y}} - \frac{\frac{dG}{dY}Y - \frac{dY}{dY}G}{\frac{Y^2}{Y}} \\ &= \left(\frac{dR}{dY} - \frac{R}{Y}\right) - \left(\frac{dG}{dY} - \frac{G}{Y}\right) = \left(\frac{\frac{dR}{R}}{\frac{dY}{Y}} - 1\right)\frac{R}{Y} - \left(\frac{\frac{dG}{G}}{\frac{dY}{Y}} - 1\right)\frac{G}{Y} \\ &= (\eta_R - 1)\frac{R}{Y} - (\eta_G - 1)\frac{G}{Y} \quad (2) \end{aligned}$$

Onde R son os ingresos e G son os gastos e η_R é a elasticidade dos ingresos sobre o PIB e η_G é a elasticidade dos gastos sobre o PIB

Para calcular a semi-elasticidade a partir das elasticidades entre os distintos tipos de ingresos e de gastos e o PIB derivamos a seguinte fórmula. Se consideramos os ingresos (e os gastos) como suma das súas compoñentes:

$$R = \sum R_i$$

⁷ Este cambio recóllese no documento

http://ec.europa.eu/economy_finance/publications/economic_paper/2013/pdf/ecp478_en.pdf



Podemos utilizar o procedemento das expresións (1) e (2) para derivar a achega de cada tipo de ingreso e de gasto ao parámetro ε (semi-elasticidade). Facémolo para o caso dos ingresos, no gasto o procedemento é semellante:

$$\begin{aligned} \text{Semi-elasticidade}_R = \varepsilon_R &= \frac{d(R/Y)}{\frac{dY}{Y}} = \frac{d(\sum R_i/Y)}{\frac{dY}{Y}} = \frac{\sum d(R_i/Y)}{\frac{dY}{Y}} = \sum \frac{d(R_i/Y)}{\frac{dY}{Y}} \\ &= \sum \frac{\frac{dR_i}{dY} Y - \frac{dY}{dY} R_i}{\frac{Y^2}{Y}} = \sum \left(\frac{dR_i}{dY} - \frac{R_i}{Y} \right) = \sum \left(\frac{\frac{dR_i}{dY}}{\frac{R_i}{Y}} - 1 \right) \frac{R_i}{Y} \\ &= \sum (\eta_{R_i} - 1) \frac{R_i}{Y} \quad (3) \end{aligned}$$

Polo tanto, a expresión (2) tamén se pode expresar da seguinte forma:

$$\text{Semi-elasticidade} = \varepsilon = \sum (\eta_{R_i} - 1) \frac{R_i}{Y} - \sum (\eta_{G_i} - 1) \frac{G_i}{Y} \quad (4)$$

A Comisión distingue cinco tipos de elasticidades para os ingresos (IRPF, Imposto de Sociedades, impostos indirectos, cotizacións sociais e ingresos non impositivos) e un para os gastos (gastos por desemprego) e propón a seguinte expresión para o cálculo da semi-elasticidade:

$$\begin{aligned} \text{Semi-elasticidade} = \varepsilon &= (\eta_R - 1) \frac{R}{Y} - (\eta_G - 1) \frac{G}{Y} \\ &= \left(\sum_{i=1}^5 \eta_{R,i} \frac{R_i}{R} - 1 \right) \frac{R}{Y} - \left(\eta_{G_U} \frac{G_U}{G} - 1 \right) \frac{G}{Y} \quad (5) \end{aligned}$$

Esta formulación é equivalente á fórmula (4) sempre que nesta última se consideren todas as partidas de ingresos e de gastos para obter o verdadeiro valor da semi-elasticidade. Isto implica que na expresión (5) se lle está a asignar (implicitamente) un valor cero á elasticidade das partidas que non entran no cálculo.

Para obter os coeficientes (sensibilidade e semi-elasticidade), polos que habería que multiplicar o *output gap* para calcular o saldo cíclico, utilizamos os datos de execución orzamentaria⁸ de 2018 e 2019 (todos os capítulos excepto os capítulos 8 e 9, é dicir, ingresos e gastos non financeiros) e os datos

⁸ <https://serviciostelematicos.minhap.gob.es/cimcanet/consulta.aspx>.
Aplicación da Orde ECC/1556/2016, de 28 de setembro, coa información dispoñible



do PIB por comunidades da Contabilidad regional de España⁹ para eses anos. Ademais, tamén empregamos unha estrutura simplificada de ingresos e gastos, aplicando unha elasticidade única a cada unha das partidas. Esta elasticidade está tomada da Comisión Europea que adopta as estimacións da OCDE das elasticidades de ingresos e gastos públicos á brecha de produción. No seguinte cadro preséntanse estas elasticidades.

Elasticidades por partidas	
Conceptos	Elasticidade
Ingresos	
IRPF	1,84
Imposto de Sociedades	1,56
Impostos indirectos	1,00
Cotizacións sociais	0,72
Ingresos non impositivos	0,00
Gastos	
Resto de gastos primarios	0,00
Transferencias correntes	
Fondo de garantía	1,38
Fondo de suficiencia	1,42

Aplicando estas elasticidades ás partidas de ingresos, gastos e transferencias utilizando a fórmula (4) e a formulación da sensibilidade da anterior orde ministerial para comparar os resultados, obtemos as semi-elasticidades e as sensibilidades en %:

Semi-elasticidades para os ingresos e gastos

$$Semi - elasticidade = \varepsilon = \sum \left(\eta_{R_i} - 1 \right) \frac{R_i}{Y} - \sum \left(\eta_{G_i} - 1 \right) \frac{G_i}{Y}$$

Onde ε es la semi-elasticidade calculada como a diferenza entre a semi-elasticidade dos ingresos e dos gastos. η_{R_i} y η_{G_i} son as elasticidades do nivel de ingresos e gastos da partida i expostas no cadro 14.

Sensibilidade para os ingresos e gastos (anterior cálculo)

$$\delta = \sum_i \left(\eta_{R,i} \frac{I_i}{PIB} \right) - \sum_i \left(\eta_{G,i} \frac{G_i}{PIB} \right)$$

⁹ <http://www.ine.es/jaxi/menu.do?type=pcaxis&path=%2Ft35%2Fp010&file=inebase&L=0>



Onde δ é a sensibilidade, $\eta_{R,i}$ y $\eta_{G,i}$ as elasticidades do nivel de ingresos e gastos por partidas.



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2023 09:33:55
Nº Rexistro: 61190
Data envío: 16/10/2023 09:33:55.828

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/10/2023 7:33:44

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 18196**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da dotación orzamentaria, a adxudicación e o inicio das obras da circunvalación de Cangas"**, (publicada no BOPG número 175, do 28 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 17787, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 223, do 9 de novembro de 2021, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2023 13:01:08
Nº Rexistro: 60829
Data envío: 03/10/2023 13:01:08.037

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2023 11:01:05

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 47041**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Pablo Arangüena Fernández, sobre **a aprobación do protocolo de atención ás vítimas de violencia de xénero**" (publicada no BOPG número 443 do 27 de xaneiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"En marzo de 2023, dende a DX de Xustiza remitiuse á Secretaría Xeral da Igualdade o "Protocolo de actuación na asistencia integral ás vítimas do delito, con especial consideración ás vítimas de violencia de xénero e outras vítimas especialmente vulnerables", aprobado o día 28 de marzo de 2023.

O 29 de marzo de 2023, dende a Secretaría Xeral da Igualdade este protocolo remitiuse a todas as entidades integrantes do Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero para o seu coñecemento e difusión.

A Secretaría Xeral da Igualdade colabora no mantemento das OAVD, financiando anualmente aos/as traballadores sociais das 7 oficinas existentes actualmente, cun importe que ascende este ano 2023 a 355.818€, e que se financia con cargo aos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2023 13:00:18
Nº Rexistro: 60825
Data envío: 03/10/2023 13:00:18.912

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2023 11:00:14

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita, **número 50962**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o convenio asinado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda co Concello de Valga para a recuperación da plena funcionalidade da planta de xestión de residuos e punto limpo"**, (publicada no BOPG número 468, do 17 de marzo de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda achegou para dita actuación un total de 65.334€. O obxectivo foi acometer os traballos de baleirado, limpeza e plena recuperación funcional da planta de xestión de residuos e o punto limpo de Valga.

Para a realización de dita actuación, tívose en conta a existencia dun interese público na recuperación da plena funcionalidade dunha infraestrutura destinada a prestar servizo á cidadanía para a recollida selectiva de especiais características.

Tras estes traballos, o punto limpo e a planta de xestión de Valga están actualmente en funcionamento".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2023 12:59:36
Nº Rexistro: 60822
Data envío: 03/10/2023 12:59:36.755

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2023 10:59:32

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 51431**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e don Daniel Pérez López, sobre **"as previsións do Goberno galego de realizar as obras de mellora das condicións de seguridade no interior da dársena de Malpica"**, (publicada no BOPG número 471, do 22 de marzo de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 14 de marzo de 2023, no debate da iniciativa con número de rexistro, 47066, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MzNiOTkzYmItZmVlYy00Y2I3LTg0MGQtZjczMGY2MGVmZjVj&start=918>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a seguridade de embarcacións e mariñeiros no porto de Malpica".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2023 12:58:58
Nº Rexistro: 60819
Data envío: 03/10/2023 12:58:58.552

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2023 10:58:55

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 55220**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o estado da coñecida como recta da Anchoa, en Fisterra, e as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á súa seguridade viaria"**(publicada no BOPG número 530 do 27 de xullo de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

"Cómpre sinalar, en primeiro lugar, que non se identificou ningún treito de concentración de accidentes (TCA) no concello de Fisterra, de acordo coa metodoloxía empregada por todas as administracións titulares de estradas para priorizar as súas actuacións en materia de seguridade viaria.

No que atinxe ao treito de travesía da estrada AC-445, denominado "recta da Anchoa", foi durante anos o soporte do crecemento edificatorio de Fisterra. Este crecemento non se acompañou dun proceso de urbanización acorde por parte da Administración local, que é titular de boa parte dos terreos das marxes da estrada ao corresponderse con cesións urbanísticas de solo ao Concello.

En calquera caso, e ao respecto da seguridade neste treito, a Xunta limitou a velocidade a 50km/h e tamén a posibilidade de adiantamento".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2023 12:57:38
Nº Rexistro: 60812
Data envío: 03/10/2023 12:57:38.880

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2023 10:57:36

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 55317**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Marina Otero Lago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o número de técnicos de inspección específicos para a supervisión dos centros de atención residencial"**(publicada no BOPG número **530** do 24 de xullo de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

"Desde o ano 2009, Galicia case triplicou a oferta de prazas sostidas con fondos públicos en residencias de maiores, pasando de 5.500 a máis de 14.000:

- Máis de 8.000 prazas en residencias públicas e concertadas, e 6.600 bonos para axudar ás familias a pagar unha praza na residencia que prefiran.

A atención aos nosos maiores é fundamental para este Goberno, por iso, se poñerán en marcha sete novas residencias, con 900 prazas públicas máis, financiadas e construídas pola Fundación Amancio Ortega.

Cos fondos europeos construiremos a primeira residencia do novo modelo de coidados, en Ribeira, con preto de 100 prazas públicas. E construiremos unha nova residencia en Antas de Ulla con 58 prazas públicas.

O noso obxectivo non é limitar a unha soa as opcións para envellecer, senón ofrecerlle a cada galego todas as facilidades para facerse maior como libremente desexe.



Un dos conceptos máis repetidos entre os expertos en envellecemento é o da "desinstitucionalización"... priorizar a atención a domicilio sobre outras fórmulas. E iso é o que estamos a facer en Galicia:

- Somos a segunda comunidade con máis dependentes atendidos a través do SAF, con case 26.000 usuarios.
- Ofrecemos o Xantar na casa, que leva un menú diario san e equilibrado a 2.000 galegos;
- E apostamos pola teleasistencia.

No que respecta á area de Inspección de Servizos Sociais da Xunta de Galicia, indicar que esta conta con 29 técnicos.

Todas as denuncias e comunicacións recibidas das familias de residentes do centro Castro Ribeiras de Lea son investigadas con fin de esclarecer os feitos e do concluído dáse cumprida resposta aos reclamantes. Nos últimos catro anos, este centro inspeccionouse en 2019, 2020, 2022 e 2023. Como consecuencia dos incumprimentos da normativa de servizos sociais detectados no curso das actuacións inspectoras, nos anos 2020 e 2022 iniciáronse procedementos sancionadores ao centro que están resoltos en vía administrativa".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2023 13:26:37
Nº Rexistro: 60719
Data envío: 29/09/2023 13:26:37.062

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/09/2023 11:26:34

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 46785**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a regulación das familias monoparentais”**, (publicada no BOPG número 438, do 19 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia leva meses traballando na elaboración dun decreto que desenvolva a regulación da condición de familia monoparental ao tempo que crea o Rexistro de Familias Monoparentais, tal como nos indica a Lei de Impulso de Demográfico.

A regulación da condición de familia monoparental (desenvolvemento do concepto de familia monoparental, requisitos de acceso, tipos de familia monoparental, límites de idade, documentación acreditativa, etc) ten o obxectivo de xerar seguridade xurídica e establecer un procedemento específico que unifique o acceso aos posibles beneficios que neste ámbito vaian xerando as distintas Administracións Públicas, incluídos aqueles que xa se están a aplicar na actualidade.

Non obstante, por un criterio de prudencia Galicia permanece á espera de que o Goberno central presentase o seu anteproxecto de Ley estatal de Familias, xa que nesta futura lei o Goberno central tiña anunciado regular as familias monoparentais a nivel estatal.

Nese proxecto de lei, o Goberno de Sánchez pretendía limitar o concepto de familia monoparental a aqueles proxenitores con custodia exclusiva que non tiñan recoñecida unha compensación económica

É dicir, supoñía quitarlle o certificado de familia monoparental a unhas 2.000 familias galegas. A situación a día de hoxe segue sendo de máxima incerteza, xa que este proxecto de lei decaeu co adianto electoral.



A Xunta actuou con prudencia, e os feitos déronnos a razón. Porque a prioridade para a Xunta sempre foi blindar a seguridade xurídica das familias en Galicia e evitar conflitos entre ambas normativas, e por iso é preciso coñecer a regulación estatal antes de aprobar unha normativa galega que podería quedar invalidada pola norma estatal.

En todo caso, a Xunta de Galicia mantén unha interlocución constante cos colectivos de familias monoparentais

E froito deste contacto fluído, tomamos a decisión de ampliar a vixencia dos certificados de familias monoparentais da Xunta, que agora teñen unha validez de 2 anos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2023 13:00:44
Nº Rexistro: 60827
Data envío: 03/10/2023 13:00:44.552

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2023 11:00:41

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 47038**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Pablo Arangüena Fernández, sobre **"a aprobación do protocolo de atención ás vítimas de violencia de xénero"**(publicada no BOPG número 443 do 27 de xaneiro de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"En marzo de 2023, dende a DX de Xustiza remitiuse á Secretaría Xeral da Igualdade o "Protocolo de actuación na asistencia integral ás vítimas do delito, con especial consideración ás vítimas de violencia de xénero e outras vítimas especialmente vulnerables", aprobado o día 28 de marzo de 2023.

O 29 de marzo de 2023, dende a Secretaría Xeral da Igualdade este protocolo remitiuse a todas as entidades integrantes do Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero para o seu coñecemento e difusión.

A Secretaría Xeral da Igualdade colabora no mantemento das OAVD, financiando anualmente aos/as traballadores sociais das 7 oficinas existentes actualmente, cun importe que ascende este ano 2023 a 355.818€, e que se financia con cargo aos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2023 13:00:31
Nº Rexistro: 60826
Data envío: 03/10/2023 13:00:31.099

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2023 11:00:27

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 47531**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Martín Seco García e dona Leticia Gallego Sanromán, sobre **"o grao de cumprimento da Axenda da competitividade Galicia-Industria 4.0"**(publicada no BOPG número 443 do 27 de xaneiro de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A Axenda Industria 4.0 posta en marcha no ano 2015 establecía unha serie de actuacións encamiñadas á reinvencción da industria galega. Unha industria que debe mellorar a súa competitividade no mercado global; e unha industria flexible, adaptable e intelixente, cun equipo humano (persoas 4.0) quen de anticiparse aos cambios cara a Industria 4.0.

Así pois, a Axenda aspiraba a promover a automatización da industria e a dixitalización, tomando no 2019 o camiño do impulso a novas estratexias de negocio mediante a transformación dixital, paso previo ao seguinte campo por percorrer: a transición cara unha economía sostible.

Deste xeito, ao conxunto de tecnoloxías habilitadoras que se propoñían –internet das cousas, intelixencia artificial e aprendizaxe automática, realidade virtual/aumentada e big data e analítica- temos que unirlle outras como: conceptos de base de economía circular, 3R (redución, reutilización e reciclaxe), ecodeseño, simbiose industrial ou loxística sostible.



Durante estes anos activáronse distintos programas encamiñados ao cumprimento destes obxectivos: obradoiros e axudas á dixitalización, proxectos piloto Industria 4.0, Business Factories (BFAuto, BFAero e BFFood), axudas á fábrica intelixente ou infraestruturas abertas de apoio industrial entre outras.

En total, a Axenda Industria 4.0 sumou preto de 560M€ en programas de apoio desenvolvidos ao longo das cinco áreas previstas: promoción dos factores territoriais de competitividade, persoas e organizacións, capitalización e crecemento, innovación, e internacionalización. Deste xeito, mobilizáronse un total de 1.392M€ e contribuíuse á xeración de riqueza e emprego na industria galega, con máis de 25.000 empregos creados”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2023 13:26:47
Nº Rexistro: 60720
Data envío: 29/09/2023 13:26:47,577

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/09/2023 11:26:44

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 47888**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o grao de desenvolvemento das medidas previstas na Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia”**, (publicada no BOPG número 447, do 2 de febreiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

“A Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, ten por obxecto establecer os fundamentos para o impulso demográfico de Galicia, acorde cos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal, de xeito que favoreza un desenvolvemento social, económico e ambiental sustentable e territorialmente equilibrado, para que as persoas consideren Galicia como o lugar idóneo para vivir, establecerse e, se así o desexan, ter fillas e fillos e desenvolver o proxecto familiar que libremente escollan.

Para estes efectos, a propia lei 5/2021 establece os principios e as liñas de actuación das administracións públicas de Galicia no deseño e desenvolvemento das súas políticas e un conxunto de medidas que atinxen ás ditas administracións, á cidadanía e aos diferentes axentes que operan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tal como se indica no seu articulado, a finalidade desta lei é o impulso e a dinamización demográfica de Galicia mediante a ordenación e a coordinación das políticas públicas autonómicas e o fomento da actuación conxunta das administracións públicas e dos distintos interlocutores sociais e económicos de Galicia.

Cómpre lembrar que esta lei é a primeira destas características que se aproba en España, de modo que non hai precedentes da aprobación dun texto lexislativo similar nin nas Cortes Xerais nin tampouco nun Parlamento autonómico. Con posterioridade, outras comunidades



autónomas impulsaron textos lexislativos no mesmo eido que si contaron co apoio unánime das respectivas cámaras parlamentarias, o cal lamentablemente non sucedeu en Galicia polo voto en contra dos grupos de oposición.

Ademais, tanto os trámites parlamentarios de aprobación desta lei como o período inicial de execución da mesma tiveron lugar nun momento de emerxencia sanitaria pola pandemia da Covid-19, co impacto negativo que esta circunstancia tivo non só na posta en marcha de medidas no ámbito executivo senón tamén nos propios datos demográficos de toda España.

En canto ao desenvolvemento da Lei 5/2021, a Xunta de Galicia sempre ten indicado que se trata dunha lei que terá efectos a medio e longo prazo, e que o seu desenvolvemento ten que ser progresivo e transversal, involucrando a todas as administracións e departamentos.

En todo caso, nos últimos meses a Xunta de Galicia ten avanzando no desenvolvemento da lei 5/2021. Algúns exemplos disto son:

A extensión da gratuidade na atención educativa das escolas infantís 0-3 ao conxunto do alumnado de Galicia, dando resposta ao establecido no artigo 49 da Lei 5/2021. Galicia é a primeira comunidade autónoma que establece a gratuidade na atención educativa no 1º ciclo de educación infantil por un máximo de 8 horas/día, unha medida financiada sen recibir fondos do Goberno central.

O impulso ás necesidades puntuais de conciliación (artigo 50) coa aprobación do novo Bono Concilia Familia.

A posta en marcha da Comisión Técnica de Impulso Demográfico.

A promoción da conciliación na contratación do sector público autonómico.

A introdución da análise de impacto demográfico na produción normativa da Administración autonómica, tal como establece o artigo 8, materia na que Galicia tamén foi pioneira no conxunto de España e modelo para outras comunidades autónomas.





O impulso á formación do persoal do sector público autonómico en materia demográfica, considerándoa un contido transversal de cara á súa promoción profesional, conforme ao artigo 26 da Lei. Isto xa esta en marcha a través da Escola Galega de Administración Pública.

A aprobación dun novo plan específico de apoio ás familias numerosas de Galicia, establecido no artigo 39.

O impulso ao novo rexistro de familias monoparentais de Galicia, conforme ao artigo 40 da Lei.

A consolidación da Tarxeta Benvida como medida de apoio ás familias galegas cando teñen un fillo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2023 13:00:00
Nº Rexistro: 60824
Data envío: 03/10/2023 13:00:00.521

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2023 10:59:56

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 50961**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o convenio asinado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda co Concello de Valga para a recuperación da plena funcionalidade da planta de xestión de residuos e punto limpo"**, (publicada no BOPG número 467, do 15 de marzo de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda achegou para dita actuación un total de 65.334€. O obxectivo foi acometer os traballos de baleirado, limpeza e plena recuperación funcional da planta de xestión de residuos e o punto limpo de Valga.

Para a realización de dita actuación, tívose en conta a existencia dun interese público na recuperación da plena funcionalidade dunha infraestrutura destinada a prestar servizo á cidadanía para a recollida selectiva de especiais características.

Tras estes traballos, o punto limpo e a planta de xestión de Valga están actualmente en funcionamento".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2023 12:59:48
Nº Rexistro: 60823
Data envío: 03/10/2023 12:59:48.521

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2023 10:59:45

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 51302** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación ambiental da fábrica Tableros Hispanos S.L.U de Nadela en Lugo"**(publicada no BOPG número 471 do 22 de marzo de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"Esta mesma cuestión foi contestada na sesión do Pleno celebrada o pasado 12 de abril de 2023 pola vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en resposta á pregunta oral 51304.

Enlace ao vídeo do Pleno celebrado o pasado 12 de abril de 2023:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZGUwZmQ4YzEtODU0ZC00YmRhLTk1Y2YtM2U4MTc5YWNlODI4&start=11533>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2023 12:59:15
Nº Rexistro: 60820
Data envío: 03/10/2023 12:59:15.099

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2023 10:59:07

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 52023**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e dona Paloma Castro Rey, sobre **"a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia respecto da resolución da Comisión Galega da Competencia en relación cos indicios de infraccións da competencia por parte de dúas empresas de transportes"**(publicada no BOPG número 478 do 5 de abril de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"O 12 de abril de 2023 a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta oral número de rexistro 52376 sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación co funcionamento da Comisión Galega da Competencia, a proposta do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, no Pleno do Parlamento galego.

A continuación, inxírese ligazón á mesma:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZGUwZmQ4YzEtODU0ZC00YmRhLTk1Y2YtM2U4MTc5YWNlODI4&start=10035>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2023 12:58:47
Nº Rexistro: 60818
Data envío: 03/10/2023 12:58:47,334

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2023 10:58:44

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 53536**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e dona Noa Díaz Varela, sobre **"as queixas e reclamacións rexistradas polas asociacións de nais e pais en relación coas deficiencias no transporte escolar"**, (publicada no BOPG número 494, do 16 de maio de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A debida atención ás persoas usuarias da rede de autobuses interurbanos dependentes da Administración autonómica é unha prioridade absoluta para a Xunta. Neste sentido, as suxestións e reclamacións das persoas usuarias son de vital importancia na tarefa continua de optimización do Plan de Transporte Público de Galicia, motivo polo cal se estableceron múltiples canles para facer efectivas as consultas á Administración, ademais das xa establecidas por defecto. Malia que a prioridade do Goberno galego é dar resposta ás peticións da cidadanía no menor tempo posible, cada consulta merece toda a consideración por parte do Goberno galego e, por conseguinte, a correspondente análise detallada dos feitos. Na rede de transporte público de autobuses interurbanos por estrada interveñen múltiples actores o que pode influír nos tempos de resposta".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2023 12:58:26
Nº Rexistro: 60816
Data envío: 03/10/2023 12:58:26.490

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2023 10:58:23

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 45673**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **"as previsións do Goberno galego para rematar a conexión do porto seco de Monforte de Lemos coa N-120"**, (publicada no BOPG número 431, do 4 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"O proxecto de construción da conexión do Porto Seco de Monforte coas estradas LU-933 e N-120 aprobouse en novembro de 2010 e, debido ao elevado importe da actuación, decidiuse dividir as obras en dúas fases.

A primeira fase correspóndese co subtramo Porto Seco-LU-933, de case 0,9 quilómetros e xa en servizo. As obras comezaron en xullo de 2014 e recibíronse o en decembro de 2015.

A segunda fase é a do subtramo LU-933 – N-120, de uns 1.100 metros de lonxitude. Neste subtramo a solución aprobada inicialmente pola Xunta de Galicia resultou incompatible coa seleccionada polo Ministerio de Fomento no EI da Autovía A-76. Por esta razón, acordouse a redacción dun novo proxecto de trazado e impacto ambiental que definise unha solución compatible coa A-76. Ademais, mantivéronse diversos contactos coa Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia co fin de fixar os criterios para que a dita solución fose autorizable.

Non obstante, existen atrancos que impiden avanzar no expediente. Adif informou que para autorizar as obras debería suprimir un paso a nivel. Non obstante, este paso nada ten que ver coa actuación, razón pola que a administración autonómica considera que a petición de Adif non só resulta inasumible senón que, ademais, está a bloquear a actuación.

Ademais, o informe da Confederación Hidrográfica do Miño Sil do 26 de decembro de 2019 instou ao redeseño das obras de drenaxe. Esta petición atrasa a actuación posto que implica



refacer un proxecto xa aprobado; e tamén a Demarcación de Estradas do Estado en solicitou documentación complementaria unha vez acordada a solución, advertindo incluso que podería non valer a solución consensuada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2023 13:00:56
Nº Rexistro: 60828
Data envío: 03/10/2023 13:00:56.146

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2023 11:00:52

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 50963**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo , sobre **“o convenio asinado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda co Concello de Valga para a recuperación da plena funcionalidade da planta de xestión de residuos e punto limpo”**, (publicada no BOPG número 467, do 15 de marzo de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda achegou para dita actuación un total de 65.334€. O obxectivo foi acometer os traballos de baleirado, limpeza e plena recuperación funcional da planta de xestión de residuos e o punto limpo de Valga.

Para a realización de dita actuación, tívose en conta a existencia dun interese público na recuperación da plena funcionalidade dunha infraestrutura destinada a prestar servizo á cidadanía para a recollida selectiva de especiais características.

Tras estes traballos, o punto limpo e a planta de xestión de Valga están actualmente en funcionamento”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2023 12:59:25
Nº Rexistro: 60821
Data envío: 03/10/2023 12:59:25.880

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2023 10:59:23

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 53323**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a valoración do Goberno galego da execución orzamentaria das partidas dedicadas á política social"**, (publicada no BOPG número 492, do 10 de maio de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

"A Protección e promoción social fai referencia a un grupo (III) de programas de gasto que se distribúen entre varias consellerías.

No referente á súa execución, na parte correspondente á Consellería de Política Social e Xuventude, acadouse un nivel de execución do 93,1%."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2023 12:58:37
Nº Rexistro: 60817
Data envío: 03/10/2023 12:58:37.177

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2023 10:58:33

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 53537**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e dona Noa Díaz Varela, sobre **"as queixas e reclamacións rexistradas polas asociacións de nais e pais en relación coas deficiencias no transporte escolar"**, (publicada no BOPG número 494, do 16 de maio de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A debida atención ás persoas usuarias da rede de autobuses interurbanos dependentes da Administración autonómica é unha prioridade absoluta para a Xunta. Neste sentido, as suxestións e reclamacións das persoas usuarias son de vital importancia na tarefa continua de optimización do Plan de Transporte Público de Galicia, motivo polo cal se estableceron múltiples canles para facer efectivas as consultas á Administración, ademais das xa establecidas por defecto. Malia que a prioridade do Goberno galego é dar resposta ás peticións da cidadanía no menor tempo posible, cada consulta merece toda a consideración por parte do Goberno galego e, por conseguinte, a correspondente análise detallada dos feitos. Na rede de transporte público de autobuses interurbanos por estrada interveñen múltiples actores o que pode influír nos tempos de resposta".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2023 12:58:15
Nº Rexistro: 60815
Data envío: 03/10/2023 12:58:15.099

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2023 10:58:12

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 53607**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a valoración do Goberno galego do Plan de Choque de la Dependencia do Goberno de España"**, (publicada no BOPG número 496, do 24 de maio de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

"Esta pregunta xa foi respondida pola Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Política Social e Xuventude, á pregunta oral con número de rexistro 53606, formulada polo mesmo grupo parlamentario en comisión 5ª do día 15 de xuño do 2023.

Pódese consultar a resposta na seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MmMzMmI5NTUtODM2Mi00NTczLTkxOTMtOGYzYmQzMmYwYjZi&start=7318> ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2023 12:58:01
Nº Rexistro: 60814
Data envío: 03/10/2023 12:58:01.021

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2023 10:57:57

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 54052**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración da Xunta de Galicia dos Espazos Xove destinados a aglutinar os servizo e recursos para a xuventude"**, (publicada no BOPG número 506, do 14 de xuño de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

"Dentro da Rede galega de información xuvenil enmárcanse os 12 Espazos Xove dependentes da Consellería de Política Social e Xuventude. Están localizados en Noia, Carballo, Pontedeume, Betanzos, Curtis, Viveiro, Vilalba, Chantada, Ourense, Lalín, Vilagarcía e Tui. Cómpre destacar que estes espazos teñen unha ampla e dilatada traxectoria como centros abertos á mocidade, posto que por eles teñen pasado varias xeracións de mozos e mozas non só dos concellos nos que están localizados, senón tamén da propia comarca.

Co fin de seguir sumando novas persoas usuarias e ampliar tamén os seus usos, nos últimos anos leváronse a cabo varias reformas nestes espazos e adquisición de novo material, tanto para responder á necesidade de repoñer aquel xa desgastado ou ben para dotar a cada espazo de novos recursos que permitisen dar resposta ás demandas das persoas mozas usuarias de cada zona.

Os Espazos Xove son espazos dinámicos e versátiles, polo que ademais de favorecer a convivencia entre iguais dos mozos e mozas nun espazo seguro, neles realízanse multitude de actividades de ocio educativo ao longo do ano: obradoiros artísticos; actividades deportivas, de cultura urbana, musicais, de baile, de teatro; exposicións, ensaio de grupos de música; charlas formativas sobre programas xuvenís, obradoiros do Queróte+, feiras da primavera, encontros en colaboración cos centros educativos, etc. A todas estas iniciativas se lle dá difusión en cada unha das redes sociais destes espazos, na páxina web de



Xuventude e, por suposto, en cada un dos centros e en colaboración cos institutos e movemento asociativo de cada zona.

Ademais de facilitar a cesión de salas para asociacións xuvenís, culturais ou grupos informais de mozos e mozas para que poidan levar a cabo a súa actividade, tamén se expide e activa o Carné Xove e se fai a Chave365. En 2022 pasaron polos Espazos Xove 6.000 mozos e mozas de 12 a 30 anos fundamentalmente, unha cifra que se incrementou con respecto a 2021.

Por outro lado, no marco do proxecto "Catalizador de oportunidades de emprego e emprendemento xove transfronteirizo" (acrónimo LIDERA), aprobado ao abeiro do programa Interreg V a España Portugal 2014-2020 (POCTEP), os Espazos Xove tamén tiveron espazos Emprende nos que se realizaron diversas accións formativas e de asesoramento para favorecer o emprendemento xuvenil transfronteirizo e mellorar así a súa empregabilidade. En concreto, a actividade "Cataliza A" pretendía mellorar, potenciar e impulsar a viabilidade dos proxectos e ideas da mocidade, mediante a realización de actividades de titorización e asesoramento individualizado, formación personalizada e coaching persoal. O conxunto das accións, nas que se abordaron as perspectivas de negocio no medio rural, o fomento do emprego xuvenil feminino ou a realidade das persoas con discapacidade (entre outros temas) e se mobilizaron máis de 560 mozos e mozas, foron desenvoltas nos espazos Emprende.

As persoas profesionais que atenden estes espazos ocúpanse, entre outras cuestións, de dar información á mocidade tanto sobre as actividades e servizos propios do Espazo Xove como dos diferentes programas xuvenís que se poñen en marcha desde a Consellería, de organizar o cronograma programático anual, de xestionar os espazos coas diferentes asociacións que solicitan o uso de salas e, por suposto, de garantir unha correcta convivencia nos centros. Unha das normas, coñecida por todas as persoas usuarias, é que non está permitida a introdución e consumición de drogas no centro, e todo o persoal de cada espazo vela porque isto se cumpra.





Así mesmo, e ademais de seguir promovendo estes centros como espazos de reunión e participación da mocidade, modernizándoos e adaptándoos aos tempos e necesidades, nos últimos anos tamén se está reforzando a programación de primavera, verán e outono dos Espazos Xove co fin de ampliar as opcións e diversidade de actividades que ofrecer aos mozos e mozas ao longo do ano, e que estes poidan participar dun xeito lúdico, pero tamén formativo. Este obxectivo tamén se traslada, en xeral, a outros concellos nos que a Xunta de Galicia non ten estes espazos, pero tamén desenvolve este tipo de oferta, como se fixo a comezos deste ano co programa Día da Xuventude, que levou diversas accións de ocio educativo a 30 concellos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2023 12:57:48
Nº Rexistro: 60813
Data envío: 03/10/2023 12:57:48.802

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2023 10:57:46

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 55920**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Marina Otero Lago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o protocolo seguido pola Xunta de Galicia no centro Domus Vi de Santiago"**(publicada no BOPG número **537** do 3 de agosto de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

"A situación nas residencias de maiores de Galicia é, en xeral, boa, e nestes momentos non hai que salientar ningunha incidencia ou circunstancia que a cuestionen.

En canto ao brote de tuberculose acaecido no centro residencial de DomusVi en Santiago de Compostela indicar que os servizos de inspección da Consellería de Política Social e Xuventude realizaron varias inspeccións a este centro durante os últimos meses, a última hai tan só unhas semanas

- Durante estas visitas detectouse que non se conta con servizo de enfermería as 24 horas. Xa foi requirida a súa subsanación ao centro, chegando mesmo a propoñerse a apertura dun expediente sancionador.
- Pola súa banda, Sanidade activou o protocolo de actuación previsto ante un caso de tuberculose.



Por outra parte, no que respecta ao persoal da área de Inspección de Servizos Sociais da Xunta, indicar que esta conta con 29 técnicos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2023 13:26:28
Nº Rexistro: 60718
Data envío: 29/09/2023 13:26:28.562

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/09/2023 11:26:25

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 55945**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galicia para mellorar a situación das nenas e dos nenos de acollida e as familias acolledoras”**(publicada no BOPG número 537 do 3 de agosto de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

“O acollemento familiar é un recurso esencial no eido da protección á infancia e á adolescencia e, polo tanto, especialmente potenciado pola Xunta de Galicia. Tanto é así que na actual lexislatura véñense dando pasos fundamentais tanto para incrementar o número de nenos que poidan vivir nunha familia mentres están baixo unha medida de protección, como para mellorar as condicións e a propia protección das familias acolledoras.

Neste senso, a principios deste ano 2023 incrementouse a compensación económica que reciben as familias polo acollemento. O criterio para facer efectivo este incremento foi consensuado coas asociacións de familias acolledoras no sentido de incrementar máis os tramos máis baixos das retribucións coa tendencia á equiparación e á eliminación de diferenzas por tramos de idade. Deste xeito, para o tramo de idade de 3 a 18 anos (o tramo máis



numeroso de NNA con medida de protección) pasouse de 280 euros/mes a 350 euros/mes.

Para maior protección ás familias e, sobre todo, aos nenos, xa se realiza unha valoración e remuneración especial de certos acollementos que a criterio dos equipos técnicos de menores son considerados especiais nos que a contía da compensación económica establécese en función dos custos adicionais que se prevén en función das especiais necesidades médicas, educativas, etc., do NNA. Polo tanto, a proposta do grupo parlamentario BNG nesta pregunta xa se está a realizar pola Xunta de Galicia.

Por outra banda, a Xunta apostou pola implantación de programas pioneiros no ámbito do acollemento familiar, dando forma á primeira experiencia de acollemento familiar especializado que se realiza en Galicia. Este é un tipo de acollemento familiar que é desenvolvido por familias nas que, polo menos, un dos proxenitores dispón dunha cualificación profesional específica para realizar este labor, ou ben conta con experiencia ou formación específica neste ámbito.

A experiencia no ámbito do acollemento revela a necesidade de establecer esta nova modalidade de acollemento familiar que, mantendo as vantaxes que supón para os nenos e adolescentes vivir nunha contorna familiar, permita que menores con especiais problemas de conduta ou con necesidades ou circunstancias especiais sexan tratados con plena dispoñibilidade e garantías de recuperar ou beneficiar ao menor, ao contar algún dos membros da unidade familiar acolledora coas habilidades necesarias para atender o superior interese de nenos e nenas con necesidades especiais.

Para poñer en marcha este programa piloto, a Xunta de Galicia impulsou un concerto social cunha entidade especializada neste ámbito que iniciou os seus traballos a principios do 2023.

Finalmente, en Galicia existen programas específicos para o fomento, difusión, formación, selección e acompañamento de familias acolledoras. A través destes programas trátase non só de incrementar as familias acolledoras dispoñibles en



Galicia, senón tamén de acompañalas e apoialas no desenvolvemento do seu acollemento.

Estes programas realízanse dende unha vertente máis técnica da man de entidades especializadas como Cruz Vermella e Aldeas Infantís, e tamén coa colaboración das asociacións de familias acolledoras que proporcionan unha visión personalísima e especialmente acreditada na difusión do acollemento familiar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2023 13:26:18
Nº Rexistro: 60717
Data envío: 29/09/2023 13:26:18.796

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/09/2023 11:26:12

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 56378**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Marina Otero Lago e don Julio Torrado Quintela, sobre **"o número de técnicos de inspección para supervisar os centros de atención residencial para persoas maiores e as demandas laborais que teñen as traballadoras do sector das residencias de maiores"**(publicada no BOPG número 541 do 9 de agosto de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia non participa na negociación que se desenvolve entre os representantes do persoal e dos empresarios, polo tanto o Goberno galego non pode nin debe inmiscirse no diálogo entre ambas partes.

Dentro das competencias do Executivo autonómico, só podemos respectar os acordos aos que cheguen os traballadores e as empresas, e confiamos en que canto antes poidan chegar a un consenso, satisfactorio para ambas as partes, sen que a atención se resinta.

No que respecta á área de Inspección de Servizos Sociais da Xunta, indicar que esta conta con 29 técnicos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2023 13:26:04
Nº Rexistro: 60716
Data envío: 29/09/2023 13:26:04.640

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/09/2023 11:26:01

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 56549**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os problemas de visibilidade no cruce da avenida Montero Ríos coa rúa San Andrés que dá acceso ao dentro de ensinanza infantil e primaria A Carballeira e ao Lugar da Comboa en Pontevedra"**(publicada no BOPG número 546 do 18 de agosto de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está a impulsar a transformación integral da estrada vella entre Pontevedra e Marín, a través da humanización, mellora da seguridade e priorización do transporte público e da mobilidade sostible e activa en toda súa lonxitude.

No caso concreto do treito máis urbano de Etribela, e no que se refire ao concello de Pontevedra, está en execución moi avanzada, a primeira fase; e xa licitada a segunda.

A configuración da antiga estrada, xa convertida en rúa, permitirá o calmado do tráfico e a mellora da seguridade viaria en toda a súa lonxitude, incluíndo tamén este cruce coa rúa San Andrés. De feito, neste punto ampliáanse e renóvanse as beirarrúas, reordénanse os servizos e dispónse un paso de peóns sobreelevado.



Todo elo implicará unha significativa redución do risco e a mellora da seguridade viaria para todas as persoas usuarias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2023 09:52:24
Nº Rexistro: 60904
Data envío: 05/10/2023 09:52:24.947

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/10/2023 7:52:21

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 56629**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado actual da AC-414, nomeadamente ao seu paso por Cances Grande e Xoane da Estrada e a garantía das condicións de seguridade para a circulación de vehículo e peóns”**(publicada no BOPG número 546 do 18 de agosto de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é coñecedora da situación da AC-414, constituída por dous treitos antigos da estrada autonómica AC-418.

Hai que salientar que os treitos que conforman a AC-414 carecen de funcionalidade na rede autonómica de estradas, sendo o seu obxecto o acceso para os veciños dos núcleos da contorna e, polo tanto, tráfico local e non de carácter interurbano.

Tamén é necesario puntualizar que a Axencia Galega de Infraestruturas, a través do Plan de Reforzos de Firme na súa rede de estradas, ten actuado no concello Carballo nas estradas AC-400, AC-413, AC-418 e AC-552 nos últimos anos, e ten previsto actuar este ano na AC-231, AC-400 e AC-552.

Ao respecto do investimento para mellora do firme da AC-414, o Director da AXI comunicoulle ao Alcalde, en carta remitida o 12 de abril de 2023, a disposición da Xunta de Galicia a acometer a actuación de comprometerse o Concello a aceptar o cambio de titularidade dos dous treitos no seu favor.



No momento de responder esta iniciativa non se recibiu por escrito compromiso de asumir o cambio de titularidade a favor da entidade local unha vez realizada a mellora do firme indicado, de acordo co solicitado polo Director da AXI no seu escrito”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2023 12:57:27
Nº Rexistro: 60811
Data envío: 03/10/2023 12:57:27.130

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2023 10:57:24

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 56724**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos horarios estipulados coa empresa concesionaria de autobuses da liña Vigo-Baiona así como de reforzar desta liñas"**(publicada no BOPG número 546 do 18 de agosto de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en resposta á pregunta oral en Pleno número 56721, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 27 de setembro de 2023, á que nos remitimos. Na súa intervención, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade subliñou que, ante o incremento extraordinario da demanda do autobús, derivada do regreso ás aulas e, en boa parte, pola escaseza de prazas e de frecuencias no tren, a Xunta pediulle ás federacións de transporte por estrada máis reforzos, máis información aos usuarios e tamén a extensión da reserva telemática dos billetes coas vantaxes das tarxetas da Xunta TMG e Xente Nova.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:



[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=MDM3MGYzYTktNDk4Yi00MzNhLWFmYjAtZWYxZDNjOTVjYzI5&start=10235](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDM3MGYzYTktNDk4Yi00MzNhLWFmYjAtZWYxZDNjOTVjYzI5&start=10235)
[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=MDM3MGYzYTktNDk4Yi00MzNhLWFmYjAtZWYxZDNjOTVjYzI5&start=10592](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDM3MGYzYTktNDk4Yi00MzNhLWFmYjAtZWYxZDNjOTVjYzI5&start=10592)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2023 12:57:16
Nº Rexistro: 60810
Data envío: 03/10/2023 12:57:16.302

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2023 10:57:13

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 57127**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto do restablecemento do paso de peóns eliminado na estrada PO-550 no lugar de Coirón, Dena, no concello de Meaño"**(publicada no BOPG número 549 do 23 de agosto de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

"A iniciativa fai referencia a un paso de peóns situado no punto quilométrico 8+520 da estrada PO-550 que decidiu eliminarse por varios motivos.

En primeiro lugar, porque estaba situado xusto ao comezo da travesía de Dena, que abarca desde o P.Q. 8+520 ata o 9+850 desta estrada, e porque ese atopaba próximo a un Tramo de Concentración de Accidentes, localizado entre os P.Q. 8+500 e 9+400, no que o 18% dos accidentes son atropelos que adoitan producirse nos pasos de peóns mal situados e debidos ao exceso de velocidade.

En conclusión, a situación deste paso de peóns non permitía a súa percepción por parte dos condutores, xa que estaba xusto ao comezo da travesía na que non hai un entorno urbano e os condutores entran a velocidade superior á permitida provocando un grave perigo para a seguridade viaria. Este tramo de calzada tamén coincide cun carril central de aceleración que provén da rúa municipal "Aldea de



Ameneiro" que provoca unha acumulación de manobras distintas que empeoran a visibilidade do paso de peóns.

En canto á funcionalidade para o cruce seguro da estrada, cómpre sinalar que existe outro paso de peóns dentro da travesía, P.Q. 8+630, tan só a uns 100 metros do anterior".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2023 12:57:03
Nº Rexistro: 60809
Data envío: 03/10/2023 12:57:03.834

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2023 10:57:00

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 57467** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a postura do Goberno Galego respecto da substitución do pavimento empedrado por asfalto e a súa influencia na humanización das vilas e cidades"**(publicada no BOPG número 549 do 23 de agosto de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

"As rúas que son obxecto da pregunta non son de titularidade da Axencia Galega de Infraestruturas.

En calquera caso, cómpre sinalar que as actuacións de cambio de empedrado por aglomerado asfáltico se debe de valorar en función do contexto. O empedrado, en concreto, pode ocasionar molestias á veciñanza polo ruído ocasionado polos vehículos ao circular, polo que pode ser recomendable levar a cabo esta substitución.

O cambio non implica necesariamente a priorización do vehículo privado en relación co tránsito peonil, nin que contribúa ao incremento das temperaturas. O deseño da actuación pode priorizar ao peón ampliando as beirarrúas, dispoñendo elementos de redución de velocidade ou configurando unha plataforma única accesible con prioridade peonil, e a disposición de mobiliario urbano e arborado pode contribuír tamén á pacificación do tráfico. E pode haber acabados, como o



aglomerado pulido, que con árido branco ofrezan un albedo alto (sexan claros), o que unido á disposición de arborado e zonas axardinadas permitan que o resultado final sexa máis favorable que o inicial ante as altas temperaturas.

Cómpre avaliar, polo tanto, as actuacións de forma global, e non illadamente unha decisión de cambio de pavimento”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2023 12:56:53
Nº Rexistro: 60808
Data envío: 03/10/2023 12:56:53.677

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2023 10:56:49

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 57581**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto dos problemas no centro de atención a persoas con discapacidade Souto de Leixa, no concello de Ferrol"**(publicada no BOPG número 549 do 23 de agosto de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia xa licitou as obras para a reforma do centro público de atención á discapacidade Souto de Leixa, para as que destina un orzamento de 1,2 millóns de euros.

Con esta actuación mellorarase a funcionalidade, a eficiencia enerxética e o confort do centro, e permitirá incorporar axudas técnicas e novas tecnoloxías que facilitarán o traballo dos profesionais e o día a día dos usuarios.

Nos últimos anos o Goberno galego leva investidos neste centro de titularidade pública preto de 600.000 euros en diferentes actuacións de mellora, como a posta en funcionamento do vaso terapéutico que demandaban as familias.

O compromiso do Executivo autonómico coa atención á discapacidade queda demostrado, xa que este ano conta cun orzamento de máis de 165 M€, un 16% máis que o ano pasado, e que nos permite contar:



- Cunha ampla rede de atención temperá que hoxe chega a case 200 concellos;
- cuns centros de ensino cada día máis inclusivos e;
- con 5.800 de prazas públicas para persoas con discapacidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2023 13:25:54
Nº Rexistro: 60715
Data envío: 29/09/2023 13:25:54.359

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/09/2023 11:25:51

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 58198**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para garantir o abastecemento de auga á poboación"**(publicada no BOPG número 559 do 11 de setembro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"Puntualizar, en primeiro lugar, que os servizos de abastecemento, sumidoiros e depuración de auga urbana son servizos públicos obrigatorios esenciais reservados a favor das entidades locais.

Augas de Galicia, nas súas funcións como organismo de conca da demarcación hidrográfica Galicia Costa, promoveu a aprobación, mediante Real decreto 48/2023, de 24 de xaneiro, o Plan Hidrolóxico da Demarcación Galicia Costa para o ciclo 2021-2027. Os obxectivos xerais deste plan hidrolóxico son a consecución do bo estado e a axeitada protección das masas de auga da demarcación, a satisfacción das demandas de auga e o equilibrio e harmonización do desenvolvemento rexional e sectorial. Estes obxectivos acadaranse protexendo a calidade do recurso, economizando o seu emprego e racionalizando os seus usos, en función da capacidade de asimilación dos sistemas acuáticos.



Para dar solución aos problemas detectados na planificación Hidrolóxica o Plan conta co programa de medidas e a normativa do plan hidrolóxico.

O Grupo ENCE, S.A. é titular dun aproveitamento de augas outorgado mediante concesións da Comisaria de Augas do Norte de España do Ministerio de Obras Públicas de datas 08 de outubro de 1958 e 27 de novembro de 1968, cuxas condicións complementáronse con outras novas establecidas nunha recente modificación concesional”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2023 12:22:35
Nº Rexistro: 60918
Data envío: 05/10/2023 12:22:35.758

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/10/2023 10:22:33

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 58271**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o compromiso da Xunta de Galicia co papel social do transporte público por estrada, as medidas que está a poñer en marcha para garantir o bo funcionamento do servizo e o cumprimento das licitacións"**(publicada no BOPG número 559 do 11 de setembro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"Un dos principais obxectivos da Xunta de Galicia é a consecución dun modelo de mobilidade que responda ás necesidades actuais, que sexa verde, responsable, sostible e en liña coas preferencias de mobilidade da sociedade galega.

O compromiso da Xunta de Galicia por incentivar o uso do transporte colectivo por estrada leva aparelado un traballo específico de supervisión estreita da prestación do servizo, así como tamén un labor de control rigoroso sobre o cumprimento das empresas concesionarias das súas obrigas contractuais.

O seguimento non só fai posible identificar e solucionar os desaxustes que se poden producir no desenvolvemento do Plan de transporte público de Galicia, tamén posibilita a mellora e optimización do sistema".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2023 12:34:07
Nº Rexistro: 60920
Data envío: 05/10/2023 12:34:07.586

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/10/2023 10:34:04

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 58482**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego para favorecer a emancipación da mocidade galega"**(publicada no BOPG número 559 do 11 de setembro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da do Pleno celebrada o pasado 27 de setembro de 2023 pola Vicepresidenta Segunda e Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en resposta á pregunta oral 58480.

Enlace ao vídeo do Pleno celebrado o pasado 27 de setembro de 2023:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDM3MGYzYTktNDk4Yi00MzNhLWFmYjAtZWYxZDNjOTVjYzI5&start=13022>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2023 13:25:33
Nº Rexistro: 60714
Data envío: 29/09/2023 13:25:33.593

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/09/2023 11:25:22

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 58778**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego no que atinxe a informar ante o Parlamento de Galicia dos proxectos sociais vencellados a fondos europeos que quedaron sen executar"**(publicada no BOPG número 559 do 11 de setembro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

"En canto á execución dos Fondos Next Generation no ano 2021 hai que destacar que Galicia recibiu máis do 70% destes recursos nos últimos meses do ano, dependendo da conferencia sectorial, o que dificultou a súa xestión e execución.

En concreto, o 25 de setembro de 2021, publicouse no BOE a Resolución de 11 de setembro de 2021, da Secretaría de Estado de Derechos Sociais, pola que se publica o Convenio entre o Ministerio de Derechos Sociais y Agenda 2030 coa Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia (MRR); para o financiamento de proxectos de investimento do compoñente 22 "Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social" por un importe de 164,17 millóns de euros.



En todo caso, estes fondos teñen un período de execución ata o ano 2026, pois non eran para executar no ano 2021, e polo tanto non se perden nin se deixan sen executar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2023 12:22:28
Nº Rexistro: 60917
Data envío: 05/10/2023 12:22:28.758

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/10/2023 10:22:24

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 58780**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as consideracións do Goberno galego respecto dos valores promovidos pola Organización Juvenil Española (OJE) así como da continuidade do financiamento e apoio a esta entidade"**(publicada no BOPG número 559 do 11 de setembro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

"A Organización Juvenil Española (OJE) é unha organización de voluntariado, presente por toda España, que se define como unha entidade "sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública, apartidista e aconfesional" e que forma parte do Consejo de la Juventud de España. De feito, no seu momento foi unha das súas entidades cofundadoras.

As actividades que leva a cabo enmárcanse no ámbito da educación non formal, o ocio educativo e o tempo libre. Unha desas actividades realizouse este ano no campamento xuvenil de Ons, instalación que solicitaron con todo dereito como calquera outra entidade que reúne os requisitos da convocatoria pública ao abeiro da ORDE do 30 de marzo de 2023 pola que se convoca o procedemento para a concesión do uso de instalacións xuvenís para a realización de programas de lecer educativo e tempo libre durante a Campaña de verán 2023 para colectivos xuvenís. A instalación foille concedida en aplicación dos criterios obxectivos que establece a convocatoria.

O último día do campamento, a organización invitou á Xunta de Galicia ao acto de clausura das actividades, ao que se asistiu, como se intenta facer con todos os convites que chegan. E neste marco se destacaron as actividades realizadas neste campamento,



vinculadas coa protección do medio ambiente e coñecemento da illa, e nas que participaron tanto mozos e mozas galegos como asturianos.

Cómpre lembrar que a OJE, como calquera outra asociación, preséntase a diferentes convocatorias públicas de liñas de axuda de concorrencia competitiva que convocan as diferentes administracións. Nos últimos anos esta entidade ten solicitado financiamento no marco do programa Iniciativa Xove, a través do que se conceden axudas, de ata 5.000 euros, a asociacións xuvenís, entidades prestadoras de servizos á xuventude ou grupos informais de mozos e mozas. Esta cantidade é similar -e mesmo inferior se tomamos como referencia os máis de 6.000 euros do ano 2008- ás que o goberno bipartito da Xunta de Galicia tamén concedía a esta entidade a través das ordes de subvencións existentes neses anos. Cómpre lembrar tamén que, por aquel entón, a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade formaba parte da Vicepresidencia que ostentaba o portavoz nacional do BNG, Anxo Quintana.

En definitiva, esta entidade recibe financiamento por parte de institucións locais, provinciais, autonómicas e nacionais. Decenas de concellos, deputacións (como o caso do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes da Deputación da Coruña), comunidades autónomas e, por suposto, o Injuve, apoian economicamente o desenvolvemento de proxectos desta asociación, en igualdade de condicións e esixindo tamén as mesas obrigas que a calquera outra”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2023 12:22:17
Nº Rexistro: 60916
Data envío: 05/10/2023 12:22:17.758

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/10/2023 10:22:10

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 58832** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Eduardo Ojea Arias, sobre **"os motivos de Augas de Galicia para atrasar o permiso de retranqueo do río Ladrón que permitirá seguir avanzando nas obras dun viaduto no tramo Arzúa-Melide da A-54 Lugo-Santiago de Compostela"**(publicada no BOPG número 562 do 14 de setembro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en resposta á interpelación número 58829, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 27 de setembro de 2023, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade subliñou que o Goberno de España solicitou a autorización para actuar sobre o río Ladrón 5 anos despois de iniciar o treito Arzúa-Melide da A-54, que a Xunta tramitou en tempo récord. Lembrou que, a pesar de que ese curso fluvial aparece en toda a cartografía existente da zona, e que as obras comezaron en 2018, o Ministerio de Transportes non solicitou ata a abril de 2023 a autorización para esa intervención, determinante para continuar as obras da autovía.



A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=MDM3MGYzYTktNDk4Yi00MzNhLWFmYjAtZWYxZDNjOTVjYzI5&start=5878](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDM3MGYzYTktNDk4Yi00MzNhLWFmYjAtZWYxZDNjOTVjYzI5&start=5878)
[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=MDM3MGYzYTktNDk4Yi00MzNhLWFmYjAtZWYxZDNjOTVjYzI5&start=6898](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDM3MGYzYTktNDk4Yi00MzNhLWFmYjAtZWYxZDNjOTVjYzI5&start=6898)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2023 12:56:41
Nº Rexistro: 60807
Data envío: 03/10/2023 12:56:41.224

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2023 10:56:37

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 58956**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o control da actividade na mina de San Fins e as medidas previstas polo Goberno galego ante a elevada concentración de metais pesados que provoca augas abaixo”**(publicada no BOPG número 562 do 14 de setembro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A autorización de vertidos outorgada por Augas de Galicia impón á empresa a implantación dun tratamento de depuración ás augas residuais de achique procedentes das instalacións antes do seu vertido. O pasado 10 de agosto rematou o prazo para implantar este tratamento.

Ao día seguinte do cumprimento do dito prazo, Augas de Galicia realizou unha inspección para constatar o cumprimento das condicións da autorización, comprobando que o tratamento das augas residuais non se axusta aos termos da autorización de vertido outorgada.

Na inspección constatouse ademais a existencia de vertidos ao dominio público hidráulico en puntos non autorizados de augas residuais industriais sen tratar procedentes das galerías da explotación mineira, con concentracións para os parámetros cadmio, cobre e cinc superiores aos límites autorizados.



En consecuencia, remitiuse á empresa un requirimento para que no prazo dun mes se axuste ás condicións establecidas na autorización de vertido, advertindo de que o incumprimento suporía a revogación da autorización, e iniciouse un procedemento sancionador por unha infracción tipificada como grave por incumprir as condicións da autorización, cuxo importe podería ascender a 300.000 euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2023 12:56:30
Nº Rexistro: 60806
Data envío: 03/10/2023 12:56:30.287

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2023 10:56:27

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 59001** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e don Luis Bará Torres, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto das verteduras de augas residuais da mina de San Fins, en Lousame, e as súas valoracións no que atinxe á actuación da empresa concesionaria e ao nivel de contaminación provocado"**(publicada no BOPG número 562 do 14 de setembro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en resposta á pregunta oral en Pleno número 59003, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 27 de setembro de 2023, á que nos remitimos. Na súa intervención, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade subliñou que a Xunta realizará en outubro unha nova inspección á mina de San Finx para verificar se a empresa cumpre co seu deber de execución da depuradora. Avanzou tamén que, no caso de constatar a reiteración do incumprimento das condicións de vertido establecidas, iniciárase o procedemento para facer efectiva a revogación da autorización para a depuradora.



A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDM3MGYzYTktNDk4Yi00MzNhLWFmYjAtZWYxZDNjOTVjYzI5&start=9417)

[id=MDM3MGYzYTktNDk4Yi00MzNhLWFmYjAtZWYxZDNjOTVjYzI5&start=9417](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDM3MGYzYTktNDk4Yi00MzNhLWFmYjAtZWYxZDNjOTVjYzI5&start=9417)

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDM3MGYzYTktNDk4Yi00MzNhLWFmYjAtZWYxZDNjOTVjYzI5&start=9793)

[id=MDM3MGYzYTktNDk4Yi00MzNhLWFmYjAtZWYxZDNjOTVjYzI5&start=9793](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDM3MGYzYTktNDk4Yi00MzNhLWFmYjAtZWYxZDNjOTVjYzI5&start=9793)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2023 12:56:18
Nº Rexistro: 60805
Data envío: 03/10/2023 12:56:18.662

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2023 10:56:13

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 59026** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **"as medidas previstas pola Xunta de Galicia para mellorar a calidade dos servizos e libranzas da carteira de servizos establecida na Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia"**(publicada no BOPG número 562 do 14 de setembro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

"Esta mesma cuestión foi contestada en Comisión 5ª celebrada o pasado 28 de setembro de 2023 pola Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Política Social e Xuventude, en resposta á pregunta oral 59025 formulada polo mesmo grupo parlamentario.

Pódese acceder á resposta na seguinte ligazón:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=NWNjYTRjMmMtYml5My00ZWJhLWlyMDEtZjA4YjYxNmU2YTgy&start=3606](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NWNjYTRjMmMtYml5My00ZWJhLWlyMDEtZjA4YjYxNmU2YTgy&start=3606)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2023 12:56:02
Nº Rexistro: 60804
Data envío: 03/10/2023 12:56:02.912

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2023 10:55:53

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 59093**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia de ampliar a Tarxeta Xente Nova aos menores de 30 anos"** (publicada no BOPG número 562 do 14 de setembro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"O transporte público de persoas contribúe á reducir as emisións contaminantes, así como á desconxestión do tráfico nas cidades e, polo tanto, ao incremento da calidade de vida da cidadanía galega.

Neste escenario, a tarxeta Xente Nova persegue, entre outros obxectivos, fomentar o uso do transporte colectivo por parte da mocidade. Trátase dun medio de pago que posibilita realizar cada mes ata 60 viaxes interurbanas gratuítas aos mozos e mozas de entre 4 e 20 anos.

O éxito da tarxeta Xente Nova plásmase no número de persoas usuarias, máis de 150.000. No pasado mes de xullo, con 4.209, acadouse un récord de tarxetas expedidas.



A Xunta de Galicia continúa a mellorar a accesibilidade ao transporte público e a incentivar o uso do autobús. A campaña 'Móvome' enmárcase neste obxectivo de fomentar o uso deste medio de pagamento, que fai posible a bonificación de millóns de viaxes cada ano e axuda á economía de moitas familias galegas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2023 12:22:04
Nº Rexistro: 60915
Data envío: 05/10/2023 12:22:04.680

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/10/2023 10:22:00

CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados **Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Ana Belén García Vidal, Adrián Pardo López, Borja Vereza Fraiz, María Sol Díaz Mouteira, María Felisa Rodríguez Carrera, Noelia Pérez López, Paula Prado del Río, Katherinie Varela Fernández, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, José Luis Ferro Iglesias e Carlos Gómez Salgado** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola importancia social e económica que para a comarca de Valdeorras ten o mantemento da actividade e emprego da empresa Irosa-Samaca

Exposición de Motivos:

A minería é un sector de grande importancia en Galicia, de feito, a produción mineira representa máis do 8% da española, xerando directamente en 2021 o 1,2% do PIB galego.

Para o caso concreto da lousa, estes valores increméntanse significativamente, xa que o peso das exportacións de Galicia nesta materia en bruto e elaborada, a nivel nacional, é do 69,9%.

Así, sendo conscientes da relevancia do sector, especialmente na comarca de Valdeorras, é preciso intentar acadar acordos e asegurar o mantemento do emprego cando hai diferenzas entre as comunidades de montes e os titulares de dereitos mineiros, tal e como ocorreu no conflito entre a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de O Trival e A Portela do Concello de Carballada de Valdeorras e a empresa Irosa-Samaca polos terreos que a primeira tiña arrendados á segunda para o desenvolvemento da súa actividade.

Ata o momento, o apoio da Xunta de Galicia ao mantemento dos 189 postos de traballo que hai nesas instalacións da empresa foi máximo. Así, acordouse a declaración de utilidade pública e interese social e a necesidade de ocupación durante os anos 2021 e 2022, respectivamente.





Con todo, o pasado 19 de setembro procedeuse a executar o desafuizamento das naves, edificios auxiliares, comedores e oficinas da empresa Irosa-Samaca, que esta tivo no seu día, arrendados á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de O Trigal e A Portela. E, todo iso, a pesares de que a empresa xa contaba coas actas de ocupación, que son título habilitante suficiente para acreditar a titularidade.

Chegados este punto, apelamos á responsabilidade das partes implicadas e pedimos cautela porque está en xogo a continuidade da empresa e dos 300 empregos, incluídas as 189 persoas traballadoras na zona en cuestión.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar traballando polo mantemento do emprego na empresa Irosa-Samaca, en atención á importancia socio-económica para a comarca de Valdeorras, sempre no ámbito das súas competencias legais e dende o respecto e acatamento aos pronunciamentos xudiciais”

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 25/09/2023 18:04:09

Moisés Blanco Paradelo na data 25/09/2023 18:05:17

Rodríguez Pérez, Moisés na data 25/09/2023 18:05:22

Cristina Sanz Arias na data 25/09/2023 18:05:50

José Antonio Armada Pérez na data 25/09/2023 18:05:53

Ana Belén García Vidal na data 25/09/2023 18:06:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2023 18:13:37
Nº Rexistro: 60501
Data envío: 25/09/2023 18:13:37.922

Borja Vereza Fraiz na data 25/09/2023 18:07:33

María Sol Díaz Mouteira na data 25/09/2023 18:07:53

María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/09/2023 18:09:24

Noelia Pérez López na data 25/09/2023 18:09:29

Paula Prado del Río na data 25/09/2023 18:10:02

Katherinie Varela Fernández na data 25/09/2023 18:10:23

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 25/09/2023 18:10:29

José Luis Ferro Iglesias na data 25/09/2023 18:11:25

Gómez Salgado, Carlos na data 25/09/2023 18:11:28

Pardo López, Adrián na data 25/09/2023 18:12:41

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Ana Belén García Vidal, Adrián Pardo López, Borja Vereza Fraiz, María Sol Díaz Mouteira, María Felisa Rodríguez Carrera, Noelia Pérez López, Paula Prado del Río, Katherinie Varela Fernández, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, José Luis Ferro Iglesias e Carlos Gómez Salgado** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**, polo trámite de **urxencia**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola importancia social e económica que para a comarca de Valdeorras ten o mantemento da actividade e emprego da empresa Irosa-Samaca

Exposición de Motivos:

A minería é un sector de grande importancia en Galicia, de feito, a produción mineira representa máis do 8% da española, xerando directamente en 2021 o 1,2% do PIB galego.

Para o caso concreto da lousa, estes valores increméntanse significativamente, xa que o peso das exportacións de Galicia nesta materia en bruto e elaborada, a nivel nacional, é do 69,9%.

Así, sendo conscientes da relevancia do sector, especialmente na comarca de Valdeorras, é preciso intentar acadar acordos e asegurar o mantemento do emprego cando hai diferenzas entre as comunidades de montes e os titulares de dereitos mineiros, tal e como ocorreu no conflito entre a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de O Trival e A Portela do Concello de Carballada de Valdeorras e a empresa Irosa-Samaca polos terreos que a primeira tiña arrendados á segunda para o desenvolvemento da súa actividade.

Ata o momento, o apoio da Xunta de Galicia ao mantemento dos 189 postos de traballo que hai neses instalacións da empresa foi máximo. Así, acordouse a declaración de utilidade pública e interese social e a necesidade de ocupación durante os anos 2021 e 2022, respectivamente.





Con todo, o pasado 19 de setembro procedeuse a executar o desafuizamento das naves, edificios auxiliares, comedores e oficinas da empresa Irosa-Samaca, que esta tivo no seu día, arrendados á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de O Trigal e A Portela. E, todo iso, a pesares de que a empresa xa contaba coas actas de ocupación, que son título habilitante suficiente para acreditar a titularidade.

Chegados este punto, apelamos á responsabilidade das partes implicadas e pedimos cautela porque está en xogo a continuidade da empresa e dos 300 empregos, incluídas as 189 persoas traballadoras na zona en cuestión.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar traballando polo mantemento do emprego na empresa Irosa-Samaca, en atención á importancia socio-económica para a comarca de Valdeorras, sempre no ámbito das súas competencias legais e dende o respecto e acatamento aos pronunciamentos xudiciais”

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 25/09/2023 18:04:43

Moisés Blanco Paradelo na data 25/09/2023 18:05:06

Rodríguez Pérez, Moisés na data 25/09/2023 18:05:33

Cristina Sanz Arias na data 25/09/2023 18:05:36

José Antonio Armada Pérez na data 25/09/2023 18:06:07

Ana Belén García Vidal na data 25/09/2023 18:06:10

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2023 18:14:06
Nº Rexistro: 60502
Data envío: 25/09/2023 18:14:06.203

Borja Vereza Fraiz na data 25/09/2023 18:07:44

María Sol Díaz Mouteira na data 25/09/2023 18:08:29

María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/09/2023 18:08:34

Noelia Pérez López na data 25/09/2023 18:09:53

Paula Prado del Río na data 25/09/2023 18:10:13

Katherinie Varela Fernández na data 25/09/2023 18:10:16

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 25/09/2023 18:10:55

José Luis Ferro Iglesias na data 25/09/2023 18:11:01

Gómez Salgado, Carlos na data 25/09/2023 18:11:43

Pardo López, Adrián na data 25/09/2023 18:12:53

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-Zx506fZUz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

